

A NOSA TERRA

Fracasa o proxecto de discos duros para Santa Bárbara

13

Manuel Antón, dazasete anos secuestrado por García Sabell

21



Laura Tato: "As cantigas de escárnio estiveron censuradas até tempos recentes"

9

O PP subvenciona con 800 millóns a un sindicato agrícola afin através dunha empresa intermediária

4

Entrevistas a Pilar Vázquez Cuesta, Elena Zernova e Yolanda Castaño



XA ENTENDO, SUPRIMEN A MILI PARA QUE NON LLE FOCEMOS NAS SÚAS COUSAS, O POBO NON SABE O QUE HAI QUE DEFENDER.

Non é quen de nomear aos seus propios conselleiros nen conta xa na súa sucesión

O fin da época Fraga

'A época Fraga baseouse na propaganda. Mais todo o entarimado estase a derrubar. O anuncio de presentarse de novo ás eleccións fai que non conte xa na sucesión, propiciando a *sublevación* das distintas baronias, véndose incapaz tanto de cesar como de nomear a conselleiros, nunha crise governamental que xa dura un mes. As relacións privilexiadas con Aznar, das que sempre fahendeou, tornáronse en enfrontamento.




ANXO IGLESIAS

Un alcalde e varios empresarios acceden a vivendas de protección oficial en Santiago

A adxudicación de vivendas de protección oficial no polígono de Fontiñas en Santiago foi obxecto de varias denuncias. Un veciño, Xesús Redondo, apresetou máis de vinte denuncias con nomes e apelidos de persoas que accederan a estes pisos de xeito fraudulento. Cinco anos despois da concesión, os pisos estaban sen habitar. (Páx. 11)

Manifestación o día 9 contra a incineración de lixo e a prol da reciclaxe

A meiodía do vindeiro 9 de Xuño, Domingo, parte da Alameda de Compostela unha manifestación convocada por varias asociacións ecoloxistas, partidos políticos e sindicatos sob o lema *Pola Reciclaxe e contra a Incineración*. A mobilización coincide coa recente celebración do Día Mundial do Meio Ambiente, o cinco de Xuño. (Páx. 5)



Galego na Escola

Novo Caderno A Nosa Terra á venda con este número


Medran as flotas inglesa e irlandesa, mentres a galega sofre un novo recorte

A Comisaría de Pesca da Comisión Europea, Enma Bonino, cumpriu as súas advertencias feitas na súa recente visita á Galiza e elaborou un Plano de Orientación Plurianual, que supón unha redución media de un tercio. A perda de recursos pesqueiros é o argumento que emprega a Comisión para xustificar os severos recortes. (Páx. 12)

ANTOLOXÍA DO CONTO GALEGO DE MEDO

Silvia Gaspar

Dieste, Fole, Casares, Paco Martín, Bieito Iglesias, Carlos Vila... Un paseo temático pola historia da literatura galega, desde o século XIX ata hoxe mesmo. Inclúe estudio introductorio e breves presentacións de cada un dos contos.



galaxia

O presidente de Citroën critica á UE

"Rexeito enérxicamente a Europa construída na ambigüedade, na clandestinidade, na ineptitude para actuar e a Europa na que cada país perde a súa identidade". Non son verbas dalgun dirixente nacionalista galego, senón de Jacques Calvet, presidente do grupo PSG, propietario de Citroën. Mais a súa crítica á actual construción europea non quedou aí. "Existen hoxe na UE máis de 18 millóns de parados e o Parlamento Europeo semella non darse conta. Se seguimos pola vía deflacionista para chegar á moeda única iremos a unha recesión completa e organizada". Non poderían ser suscritas estas últimas palabras por calquer sindicalista galego? Esta fonda crítica de Jacques Calvet non foi confidencial, senón que a realizou durante unha multitudinaria rolda de prensa en Vigo na que participaron máis de 500 xornalistas vidos de todo o mundo. Que poderán dicir agora os integristas do europeísmo que anatimizan a calquer que contradiga os seus desígnios ultraliberalizadores? Algo semella claro: a *recesión completa organizada* claramente a sectores productivos como o automobilístico que ve como baixan alarmantemente as súas vendas. ♦

Feridos 18 traballadores en Bueu

Dous feridos de extrema gravidade, Anxel Gallego e Xosé María Dios, oito graves, con queimaduras do 15 ao 50% no corpo, e outros oito de pronóstico reservado, é o balanzo dun accidente producido en *Conservas Alonso* de Bueu. A empresa afirma que foi debido a un erro humano ao deixar mal pechada a porta da autoclave que, por causa da presión, se abriu soltando vapor e saíndo disparadas as latas. Tamén sosteñen os propietarios que, pésie a que a fabrica vai ser trasladada proximamente ao polígono industrial, a factoría pasou nos últimos meses todas as inspeccións requeridas. ♦

A NOSA TERRA

Empresa Xornalística Editora:

Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:

PRESIDENTE:
Cesáreo Sánchez Iglesias.VICEPRESIDENTE:
Xaquín Acosta.CONSELLERO DELEGADO:
Xosé Fernández Puga.VOGAIS:
Francisco Carballo, Francisco
Torrente, Alberte Ansedo, Xosé
M^o Dobarro, Manuel Dios e
Manuel Veiga.SECRETARIO:
Xan Piñeiro.

Director:

Alfonso Eiré López

Redacción:

Gustavo Luca de Tena,
Xan Carballa, Manuel Veiga,
Horacio Vivando,
Arantxa Estévez, Carme Vidal,
Paula Castro.FOTOGRAFIA:
Arxo IglesiasEDICIONS ESPECIALS:
Xosé Enrique Acuña.DESEÑO GRAFICO:
Xoselo Taboada.

Colaboradores:

PESCA:
Severino Xestoso.SANIDADE:
María Alonso.AGRO:
Xoán C. Garrido.DESPORTES:
Rodolfo Dacuña.MADRID:
Manuel Seoane.BARCELONA:
Iria Varela.PORTUGAL:
Gongalo Nuno.CULTURA:
Xoán M Estévez,
Ceiso López Pazos,
Manuel Vilar, Lupe Gómez,
Oscar Losada, Gonzalo Vilas,
Xosé M. Eiré Val,
Xesus González Gómez.LICER:
Iago LucaFotografía:
Andrés Panaro,
Xosé Marra,
Voz Noticias.Ilustración:
Xosé Lois, Pepe Carroiro,
Cairos Silvar, Gonzalo Vilas.Publicidade:
Carlos Martínez MuñozXefa de Administración:
Blanca CostasSubscripcións:
Lola Fernández PugaVendas:
Xosé M. Fdez. AbaldeRedacción e Administración:
Rúa do Príncipe 22, baixo,
36202 Vigo
Apartado 1371. 36280 Vigo

Teléfonos:

REDACCION:
(986) 43 38 86 - 22 24 05
Fax (986) 22 31 01ADMINISTRACION, SUBSCRIPCIONS E
PUBLICIDADE:
(986) 43 38 30Imprenta:
E.C. C-3 1958Depósito Legal:
C-963-1977ISSN:
02-13-3105Non se mantén
correspondencia sobre
orixinais non solicitados.Está permitida a reprodución
sempre que se cite a
procedencia.

O tratamento dado polos seus máis directos colaboradores, exemplo da sua decadencia

Fraga incapaz de nomear conselleiros

♦ ALFONSO EIRÉ

Fraga impuña respeito no PP na Galiza apoiado na condición de nomear ao seu sucesor. Ao anunciar a sua presentación de novo como candidato, perdeu esa capacidade e propiciou que os distintos baróns se sublevasen. Xa non está en condicións de *deixar as cousas atadas*, nen sequer de formar o seu propio Goberno, cuns conselleiros que cesan e se nomean segundo as presións internas.

Aquel nome sonoro de *Don Manuel* só é usado agora sobrecolledoramente por impertérritos xornalistas. Os conselleiros e altos cárregos da Administración cando se refiren a Fraga Iribarne empregan agora, invariablemente, a palabra *Vello*. Tamén adoitan a preguntarse e a facer cábalas sobre a sua saúde, sen que exista reunión de certo nivel na que non saia o tema, ben referíndose á "mala cara que ten", ou falando de informes médicos e até de análises clínicas do Hospital Xoan Canalejo.

Pouco importa que Fraga conserve aínda as facultades físicas e psíquicas precisas para unha acción de goberno. A palabra *Vello*, que substituiu ao reverencial *Don Manuel*, ou as cábalas sobre a sua saúde, lanzan á opinión pública a idea de que Fraga Iribarne é un home acabado para a política. Aquel medo reverencial deu paso, secadra sen pretendelo, a unha especie de desprécio a xeito de bicho atrapado do que até os rapaces da aldea fan escárnio.

Fraga quedou ensarillado na sua propia contradición. O intento de perpetuarse no poder levouno a anunciar que voltaría a apresentarse como candidato. Deixaba así as portas abertas a toda caste de trifulcas na sua sucesión. Con esta nova perda toda a capacidade de control do partido ao non contar xa na imposición do seu sucesor que, irremisiblemente, xurdirá cando Fraga esteña en debalo, sen capacidade de influencia. Perdeu así toda capacidade de presión e intimidación sobre os distintos baróns.

Fraga xa non asusta

Un alto cárrego da Xunta relataba como "aínda segue a pegar o seu famoso cachete na mesa, máis agora todo o mundo baixa a cabeza, esboza un sorriso e non fai caso. Saindo da reunión, cadaquén actúa segundo os seus propios intereses".

Hai quen vai máis alá. Un director xeneral que abandonou a Xunta, comentaba que "Fraga xa perdeu toda capacidade para gobernar. Por moito que se queira manter a apariencia, fállalle a memoria". É o que máis teme e o que máis o alporiza. Os trasacordos que tomou nos últimos tempos, como o de presentarse de novo ás eleccións, a cesión do IRPF ou o caso de Cuba, deixárono nunha situación na que a sua imaxe de *home dunha soa palabra*, quedou emborranchada. Agora súbese dos cascos con calquer que teime en lembrarlle



Xosé Cuiña vai facéndose co control do PP na Galiza mentres Fraga perde protagonismo.

A. IGLESIAS

que "deu tal ou cal palabra".

Conversaba un conselleiro cun seu asesor sobre as remodelacións, inquedados sen saber que ia ser do seu posto de traballo. Fraga prometeulle ao consellei-

ro que ia permanecer no seu posto "mentres eu sexa o presidente, porque vostede é un home básico para a política que quero facer". Á vista dos acontecementos e das remodelacións, alentadas por múltiples rumores

interesados, o conselleiro non as ten todas consigo. O asesor suxírelle que lle pergunte se vai continuar ou non, na próxima visita institucional que fagan ambos. A resposta do conselleiro é

Pasá a páxina seguinte

Ven da páxina anterior

contundente: "estás tolo! Non sei se acordará do que dixo, pero ten por seguro de que se cavila que dubido da súa palabra, césame ao momento. E o que máis mal aguanta desde hai algun tempo".

O Vello Profesor

O cambio no discurso de Fraga tamén é notábel. A súa chegada a Galiza falaba de convertirla nunha *Baviera*. Esa idea foina afastando pouco a pouco do seu vocabulario e agora Fraga tenta aparecer como o "vello profesor" que botou toda a súa vida estudando para servir mellor ao seu país. A súa intervención na visita do presidente portugués a Galiza é unha mostra deste troque nos contidos. Cal foi o mecanismo que lle fixo mudar a letra da litúrxia institucional? Por que se produce esa renuncia a pasar como o grande adalide de Galiza, con peso propio no Estado e agora xa tenta que o lembren como o *vello profesor*? A suxerencia só foi asumida por algun cronista con anteolheiras marróns. Tierno Galván, o *Vello Profesor*, pasou á historia con este sobrenome, pero tiña un discurso propio, que el mesmo elaboraba e conectaba coa xente. O discurso de Fraga nen é auténtico, nen ten actualidade, indo sempre a cambón dos acontecementos, nen ten recepción na sociedade. O seu maxistério vital tampouco se pode dicir que poda ser tomado como exemplo.

Para Xosé Manuel Beiras, "Fraga está totalmente fóra de xogo. Sábeo e xa pasa de todo, mentres que os que verdadeiramente gobernan no partido e na Xunta son os baróns: Cuiña, Cacharro e Romai. Son eles os que provocaron a crise e os que a resolveron ao seu mellor xeito, maneira e beneficio. A súa capacidade política e de liderazgo é tan cativo que até tivo que ceder ás pretensións de Pérez Varela e nomealo conselleiro". O voceiro nacional do BNG afirma que "agora estase a ver como as previsións que nós fixemos eran certas. A presenza de Fraga na Galiza saldouse cun fias-

Controlar a información

O PP pretende controlar aínda máis a información ante a proximidade das eleccións autonómicas. Neste senso van dirixidos algúns dos cambios tanto dentro da Xunta como do partido. O ascenso de Pérez Varela a Conselleiro non só vai darlle maior rango, capacidade de manobra e de presión, senón que vai aumentar considerablemente o orzamento dispoñíbel. É o eido cultural no que o PP aínda ten a lagoa máis importante. Portomeñe foi tan liberal que consensuou as principais leis coa oposición e non quixo enfrontarse cos criadores culturais.

Agora pretenden que Portomeñe "potencie a labor informativa da dirección popular", en palabras do propio Fraga.

Tamén tentan que o PP recobre protagonismo no Parlamento, para o que queren voltar tamén man do político chantadino. Máis non quedan aí os cambios no PP. Dentro desta liña, criarán no partido un gabinete de comunicación propio e un departamento de Informática e Marketing, no que puxeron á fronte a Carme Bianchi.

Pódese apreciar con estas decisións, unidas ao nomeamento de novos carregos partidarios, como Cuiña Crespo non só acrecenta o control sobre o partido, senón que pasa a ter tamén nas súas mans as mensaxes do PP galego cara o exterior. Até de agora as comunicacións da Xunta e PP, solapá-

bábase, controladas por Pérez Varela. Agora Cuiña poderá lanzar mesmo mensaxes de certo antagonismo co Goberno central para paliar socialmente as trifulcas que se aveciñan.

Outra das preocupacións de Cuiña Crespo é impedir que a labor do BNG no Congreso teña incidencia social. Para impedirlo demandoulles aos deputados galegos en Madrid que se apliquen no seu traballo. Algunhas das decisións tomadas polo PP nas últimas semanas non se entenderían sen unha referencia aos últimos inquéritos en poder da dereita. Neles contéplase un persistente ascenso do BNG e un PP que podería perder a maioría absoluta.♦

'Fraga non controla ao PP nen á Xunta. Carece dos máis mínimos reflexos políticos e aparece sen unha mínima autoridade para porlle freo á situación de desgoverno'



MIGUEL CORTIZO

co absoluto. Non foi capaz de resolver nen as liortas internas

no seu partido, que era o que pretextou viña a apaciguar. Hoxe, que está xa a perder a capacidade de chantaxear aos meios de comunicación, estase a ollar o seu verdadeiro descrédito, tanto dentro como fóra das nosas fronteiras".

A resolución do post-fraguismo

"Fraga non controla ao PP nen á Xunta. Carece dos máis mínimos reflexos políticos e aparece sen unha mínima autoridade para porlle freo á situación de desgoverno". Quen así opina é Miguel Cortizo. Para o voceiro parlamentar do PSdeG-PSOE, Fraga "é incapaz de cesar ou nomear aos propios conselleiros Ao de Educación cesárono en Lugo e logo nomearon ao seu substituto. Palmou apareceu de rebote ao nomear a Diz Guedes Delegado do Goberno, na puxa que teñen por controlar o PP na Coruña".

Cortizo califica de culebrón o que está a suceder no PP e no goberno, afirmando que todo se debe "á loita pola resolución do post-fraguismo. Loita na que

'Fraga está totalmente fora de xogo. Sábeo e xa pasa de todo, mentres que os que verdadeiramente gobernan no partido e na Xunta son os baróns'



XOSÉ MANUEL BEIRAS

Fraga xa non ten papel que xogar". Desde o PSdeG-PSOE afirmase tamén que os intentos

de Fraga de aparecer como o grande valedor de Galiza en Madrid, caen polo seu propio peso, "porque nen sequer ten un Goberno con capacidade política para exercer a súa defensa". Cortizo asegura que non existe sintonía entre Aznar e Fraga, senón un enfrontamento aberto. Como exemplo cita a rebelión de Romai contra Fraga na Coruña. "É imposible que un ministro se enfronte directamente contra o presidente dunha autonomía, e máis se é o Presidente de Honra do Partido, sen o *nihil obstat* de José Maria Aznar".

Para Cortizo a política de Fraga nestes anos foi pura propaganda, enganando á sociedade co control que exerceu dos medios de comunicación. "Agora, de repente, todo se lle veu abaixo. Pero non pode seguir vendendo a idea de eficacia ou de interlocutor previlixiado en Madrid moito tempo polo que conbocará en breve novas eleccións. Secadra quer arranxalo criando a consellería das *Tres C*, con Pérez Varela de conselleiro e reminiscencias alemáns..."

Secadra quen mellor describe a actual situación política é Carlos Mella no seu libro *Lucas de Fisterra*, aínda que fose escrito hai algúns meses e situe a acción no ano 2075. Os conselleiros andaban a dicir que Fraga estaba vellaco e querían relevalo. "A noticia estalara como un barreno naquela tarde serea do verán do ano Xacobeo do 2075. Naturalmente, e coma sempre, ningún galego deu a máis mínima mostra de sorpresa: aínda que non o dixera xa todos estaban no allo e todos coñecían a noticia, polo que, agás algunha conversa á hora dos viños, os galegos non se deron por aludidos.

- Oe ti, pois é certo- asustábase un chaiñas
- Que me vas dicir! Hai anos que xa o sabía.
- E que vai pasar agora? — insistía o apoucado.
- Pois nada, coma sempre. Eiquí nunca pasa nada."♦

Nacionalismo ou caciquismo

Os partidos criticaban a abominábel máquina caciquil da Restauración cando non a podían exercer pero practicábana tan logo chegaban ao poder. O caciquismo turnante roubaba votos a cambio de prometerse como guía do eleitorado polos ermos do centralismo e, como pago por non barullar, non ofrecía solucións mais si alívios e remedios aos rigores de gobernar.

Montero Rios, masónico e liberal en Madrid, comportábase na súa reserva de voto coma un oráculo clientelar que atendía o vello principio de ir legislando dificultades para mellorar o prezo da súa sona de aliviador de trabucos e librador de quinfas. O *Cuco de Lourizán* chegaba en féiras e acenaba co puño de marfín desde o landó capotado de lona e desde o día seguinte o pazo era coma un consultorio de menciñeiro para recibir a quen quixese expresarlle as súas coitas.

A influencia mítica en lonxanos centros de poder embargaba o funcionamento eleitoral entanto a clientela agardaba favores a condición de renunciar a dereitos. A corrupción do sistema chegou de tal xeito a cristalizar que por veces o cacique, ao pé da estatua de bronce que lle levantaban os seus estafados, sentíase trascendido de providencialidade e munificencia.

O raiz do vello feudalismo reverdece na Ditadura do 23 que asegura na súa proclama que nace para

rematar co caciquismo. O país tería en Madrid un resolvidor de grandes folgos, ministro de Fomento nado na Galiza, que fundaba o seu discurso en non crer no sistema dos votos e confiar só nas obras.

A famosa *ciruxía de ferro* reaparece na ditadura militar por exceléncia deste século e nela, non por casualidade, un ministro novo de ademans resoltos promete atender ao cabo os problemas do país. Fraga é de feito unha visión redivida do *cunero* durante a ditadura franquista, desde a que muda ás primeiras eleccións eleccións democráticas. De feito, é Galiza a única fonte de deputados para AP, na que está incluída a súa acta parlamentaria por Madrid.

A creación do Estado das autonomías permitiulle a Fraga Iribarne, relegado en Madrid polos poderes económicos, regresar ao seu berce electoral como importado. Máis Fraga, como *cunero* en Madrid ou en Compostela, convírtese nun secuestrado; a mitoloxía do poder central, a súa vocación durante décadas, é a sustancia dos seus actos de goberno; a lembranza dun *Boletín Oficial* nunca contestado é a utopía contra a que todo episodio parlamentario actual lle parece mera frustración, como describe agudamente Carlos Mella no recente *Lucas de Fisterra*.

O político que gañaba pequenas batallas ao acubillo dun Ditador desespérase agora perante as

complicacións de gobernar unha sociedade estruturada, na que lle aparecen máis variábeis que o latricar da corte do Pardo. O seu propio partido, por exemplo, é unha realidade proteica que lle reborda a paciencia. Como campan Romai Becaría e Mariano Raxoi de ministros míticos na súa propia leira e prometen *abordar decididamente* os problemas que o profeta Fraga chegaba en 1989 a solucionar de vez! Repárese senon na visita de Raxoi ao Concello de Vigo e a benvinda do alcalde, Manuel Pérez. Semellaba que o tempo estaba detido naquel *memorial de agrávios* que o Ministro tiña a ben recibir e tramitar por grácia e representación do lonxano poder.

Fronte ao feudalismo dos salvadores, a dinámica social galega levantou resortes organizativos para defender os propios intereses nacionais, as camadas populares, e a esencia da propia democracia. Así, nas diferentes etapas, ao caciquismo e aos seus intermediarios enfrontáronse o rexionalismo e o agrarismo e, deseguida, o nacionalismo.

Hoxe, saltado o negro pozo de sesenta anos de negación de todos os dereitos básicos, estase na hora de poder rematar, dunha vez, co herdo pre-democrático e entrar de cheo nunha sociedade participativa. A era de Fraga chegou ao seu fin. Con el pode desaparecer o derradeiro *cunero*.♦

Silvanus, a organización subsidiada, nega as imputacións do BNG

Denúncian un convénio millónario entre a Xunta e Xóvenes Agricultores cara as eleccións ás Cámaras Agrárias


✦ HORÁCIO VIXANDE

O BNG denunciou que a Xunta ven de suscribir un acordo cunha entidade subsidiaria de Xóvenes Agricultores, chamada Silvanus, polo cal este sindicato percibirá indirectamente 800 millóns en catro anos para preparar as eleccións a Cámaras Agrárias, que se van celebrar proximamente. Tanto XXAA, como Silvanus como a Xunta negaron que a cantidade fose esa.

Silvanus é unha organización sen ánimo de lucro que proclama nos seus estatutos a súa vontade de promover o desenvolvemento forestal, pero que comparte estrutura e dirección con Xóvenes Agricultores, a organización sindical agrária do entorno do Partido Popular. O propio secretario xeral do sindicato, Xan Luis Pérez Miramontes, é secretario de Silvanus e desque se asinou o acordo de colaboración, Xóvenes Agricultores abriu varios novos locais. Este feito é especialmente significativo en Lugo, provincia onde a estrutura de XXAA era feble de máis, xa que non contaba máis que con unha sede, situada na propia capital. O presidente da Deputación, Francisco Cacharro, non permitía o espallamento do sindicato agrario para que non chocara coa rede do PP na provincia nen co Instituto Lugués de Desenvolvemento (Inludes), denunciado repetidamente polas súas prácticas caciquís.

Desde XXAA indican que Silvanus naceu como resposta a unha demanda dos seus afiliados do sector forestal, que necesitaban dun organismo capaz de conquistar axudas da UE para realizar cursiños, como xa fan a Asociación Forestal Galega e Afrifoga. Segundo esas mesmas fontes, Silvanus non abriu máis que catro sedes, que se correspondían ás zonas onde impartirían os cursos, en función do acordo coa Xunta, pero negaron calquera relación coa preparación da campaña das cámaras agrarias. A Xunta, pola súa banda, sinalou que o convénio está no Parlamento e dará oportuna resposta ao BNG no seu momento e negou que a cantidade fose de 800 millóns "nen moito menos".

Emilio Batán, outro dos dirixentes de XXAA na dirección de Silvanus, onde ostenta o cargo de presidente, tamén negou que a cantidade do convénio fose 800 millóns, pero non precisou a canto ascende o convénio porque non quer "entrar nunha guerra co Bloque". De todos xeitos, Batán relatou as dúas liñas nas que traballan: de xestión de axudas á plantación en terreos baldíos, que chegan ao 100% con fondos procedentes da UE, fundamentalmente, e de melloras en zonas forestais, con axudas de entre o



Silvanus asegura a que a súa principal actividade será a repovoación forestal. Na foto viveiro de piñeiros en Ourense.

50 e o 75% e con fondos procedentes da Xunta. "Da primeira temos 350 solicitudes e da segunda 600, ademais, o noso financiamento non só procede da Administración, os nosos sócios tamén fan aportacións", dixo Batán.

O desenvolvemento faise ao abeiro de varios decretos para a axuda ao desenrolo forestal e difusión da silvicultura, pero o BNG estima que as definicións son moi amplas, de modo que calquera actividade cabe dentro da mesma, como unha charla sobre repovoación forestal. "Un alcalde do PP pode asinar que no seu concello deuse unha charla sobre silvicultura e Silvanus xustifica uns gastos sen que teña porque terse producido a charla", denuncia o deputado do BNG, Emilio López.

Cámaras Agrárias

O plano de Silvanus e da Dirección Xeral de Montes é recorrer ao financiamento comunitario a meio de aproveitar tamén os fondos europeos para axudas á repovoación de terras e para a mellora dos boscos autóctonos. A dispersión legislativa e administrativa facilitaría o financiamento da organización, que empregaría eses recursos económicos para afrontar a Xóvenes Agricultores cara as eleccións ás Cámaras Agrárias, denuncia o Sindicato Labrego Galego, SLG.

Desde a Transición na Galiza só houbo unhas eleccións ás Cámaras Agrárias, un resíduo do sindicalismo vertical no agro que non foi renovado desde entón. Hai anos que os sindicatos agrarios reclaman a liquidación das cámaras, o traspaso do seu pa-

trimónio ás centrais sindicais, en concepto de pagamento da débeda histórica, xa que as Cámaras se fixeron coas aportacións do labregos, e a celebración de eleccións sindicais no campo.

O modelo das Cámaras Agrárias é criticado polas prácticas ás que recorren. En xeral son intermediarios diante da Administración e xestionan recursos públicos sen o debido control. En definitiva, reproducen o mesmo esquema do sindicalismo vertical. A pesar destas críticas, a Xunta ven de decidir a súa renovación mediante unhas eleccións próximas, ás que se está a preparar Xóvenes Agricultores.

A aparición de Silvanus ten relación co problema de financiamento dos sindicatos, que sempre careceron de instrumentos para obter recursos, pero esta organización nace cando a Consellería de Agricultura está a reducir as aportacións as outros dos sindicatos do agro: o Sindicato Labrego Galego e as Unións Agrarias.

O deputado do BNG, Emilio López, que denunciou o asinamento deste convénio, recordou que chega nun momento no que a Consellería ten en precario os centros de investigación de Lourizán e Mabegondo e que está a reducir os investimentos para a prevención de incendios forestais.

A rede do PP no rural

Aínda que os cartos para Silvanus emárcanse no problema do financiamento dos sindicatos, hai outro elemento en xogo, que é a rede que está a formar o PP no rural e en base a asociacións de todo tipo que actúan de intermediarias. Un documento interno dos Xóvenes Agricultores, redactado en 1993, destinado ao PP e do que deu conta no seu día A Nosa Terra (nº 633), facía fincapé na necesidade dunha "forte organización sindical agraria, solidamente asentada, cunha potente infraestrutura e cunha dirección de inequívoca simpatía cara o Partido Popular, Xóvenes Agricultores". Para iso "resultaría de grande utilidade apoiar política e financeiramente desde o Partido Popular e desde o goberno" a XXAA.

Os distintos fondos de formación, mesmo de procedencia comunitaria, son outras fontes de recursos da rede do PP no rural. As mulleres rurais, e a Asociación Rio Lor son grupos das mesmas características que Silvanus e que percibiron fortes axudas para a realización de programas de desenvolvemento que en realidade non son tal, senón que consisten na introdución rural de estruturas políticas próximas ao PP e o reparto de favores políticos. En concreto Rio Lor naceu da noite para o día na montaña de Lugo e que ben logo acadou fortes subvencións para o desenvolvemento rural; algo similar sucedeu coas Mulleres Rurais, aínda que estas teñen implantación en moitas zonas do país. ♦

ALFONSO EIRE

A febre privatizadora

A febre privatizadora que lle entrou ao Goberno Aznar e á dereita catalana, só se pode explicar en base a un capital que necesita reorientar os seus negocios, entrando en sectores de futuro, como a enerxía e as telecomunicacións, até agora en mans públicas. Trátase, en suma, de transferir a riqueza a inversores privados, moitos deles extranxeiros. Non semella albiscarse outra razón. A empresa pública española é das de menor entidade da UE, só por debaixo de Luxemburgo, Holanda e Grande Bretaña. Durante 1995, ano no que se intensificaron as privatizacións, ingresáronse 175.000 millóns de pesetas. En contrapartida, ese mesmo ano os beneficios netos de Repsol acadaron os 118.000 millóns de pesetas; 149.000 os de Endesa e 184.000 os de Telefónica... Renúnciase con esta política a financiar cos beneficios das empresas públicas a débeda histórica do INI, que pasaría a depender enteiramente dos orzamentos do Estado. Por outra banda, como sucedeu historicamente, as empresas privatizadas véndense por debaixo do seu valor ou despois de ser adecuadamente saneadas, mediante recursos públicos. Seguirán pois, custando diñeiro aos contribuintes, ben en axudas ou como pagamento aos desempregados destas plantillas de traballadores que serían despedidos. ♦

Ecologistas e nacionalistas maniféstanse o día 9 pola reciclaxe PP e PSOE trazan unha iniciativa conxunta na xestión do lixo

A melodía do vindeiro 9 de Xuño, Domingo, parte da Alameda de Compostela, unha manifestación convocada por varias asociacións ecoloxistas, partidos políticos e sindicatos sob o lema *Pola Reciclaxe e contra a Incineración*. A mobilización

coincide coa recente celebración do Día Mundial do Meio Ambiente, o cinco de Xuño, e co decantamento das súas posturas que na Galiza hai verbo da xestión dos residuos urbanos: a incineración, por unha banda, e a reciclaxe pola outra.



As directivas comunitarias imponen que a incineración e o vertido de lixo sexan as últimas solucións.

A. IGLESIAS

O Parlamento ven de estudar unha proposición de lei de xestión dos residuos sólidos, presentada polo deputado do PSOE Carlos Baños que perseguía, fundamentalmente, que os concellos sexan consultados no momento de elaborar un novo Plano de Residuos, que viría a reemprazar ao actual, de 1991, pero que nunca chegou a executarse. Unha intervención do deputado popular Xosé Luis Pensado motivou que o PSOE retirase a proposición para constituir unha ponencia conxunta dos tres grupos do Parlamento cara á elaboración dunha lei, cun texto base elaborado polo Goberno, que será emendado na ponencia. O PSOE aceptou esta opción, mentres que o BNG abstívose porque prefería que a lei nacesse de todas as iniciativas relacionadas coa cuestión; a saber: a proposición do PSOE, o texto do PP, a Iniciativa Lexislativa Popular contra a incineración e pola reciclaxe, e unha proposición non de lei do BNG que prima a reciclaxe e a descentralización da xestión do lixo.

A proposición do PSOE deixa abertas todas as posibilidades para a xestión do lixo, incluída a incineración, aínda que Baños quixo deixar ben claro que "como posibilidade última e o menos posible". As técnicas a empregar na destrución do lixo será algo que terá que definir o Plano. "En todo caso -precisou Baños-, nós estamos polas tres erros". As tres erros son unha vella demanda ecoloxista e que se refiren á redución, reutilización e reciclaxe.

O PSOE quer que Fenosa quede fora de xogo, xa que entrou a formar parte, xunto coa Xunta, da Sociedade Galega de Meio 'Arh-

biente, SOGAMA, sen haber un concurso público. "O noso texto non permite iso", asegurou Baños. Fenosa conquiriu un plano de residuos deseñado para a súa incineradora de Cerceda, algo que critica Carlos Baños.

Con respecto á existencia outras alternativas de xestión de residuos, como as postas en marcha en comarcas como o Morrazo ou Ferrol Terra, Carlos Baños estima que non hai problemas de compatibilidade.

Eivas do Plano da Xunta

En realidade, o Plano de Residuos da Xunta non se pode executar porque os concellos non están implicados no mesmo. O desvencellamento, que sería suplido coa lei do PSOE, débese tamén a que o plano da Xunta é caro en exceso, non permite xestións descentralizadas e pon o servizo nas mans dunha soa empresa, deixando para os concellos o labor de xestionar o cobro do imposto de lixo para entregallo a Sogama. A maiores está o custo social que pode supor instalar máis de trinta empacadoras. O exemplo do conflito de Guixar, en Vigo, podería reproducirse.

O fallo do Tribunal Superior, dando visa legal á empacadora de Vigo e o compromiso do PP local para apoiar ao Plano da Xunta non abonda para garantir a súa continuidade, xa que non compromete, nen pode facelo, a corporacións futuras. Na Coruña este problema solucionouse co apoio explícito de Francisco Vázquez ao Plano oficial e, segundo o secretario xeral de Adegas, Manuel Soto, este compromiso é o que explica a redacción da propo-

sición de lei socialista, que podería ser un punto de encontro entre o PP e o PSOE dentro da mencionada ponencia conxunta.

Unha eiva que presentan tanto o Plano actual como a proposición de lei socialista é que non existen o cumprimento dunha directiva comunitaria de envases e embalaxes de Decembro de 1994 e que obriga a que o 30% dos mesmos sexan reciclados. Ademais, outra orde da UE en materia de residuos determina que os planos públicos deben estar orientados ás tres erros e que tanto o vertido como a incineración deben ser obxectivos situados en último lugar.

Por outra banda, o secretario xeral de Adegas, Manuel Soto, estima que a presentación da proposición socialista chega nun momento sospeitoso. O texto fora presentado a finais do pasado ano, pero adiada a súa tramitación até agora, nun momento que coincide co próximo debate parlamentario da Iniciativa Lexislativa Popular contra a Incineración e pola Reciclaxe, que impulsaron as organizacións ecoloxistas e que podería ir ao Parlamento o 18 de Xuño ou o 24 do mesmo mes.

"Con esta xogada o PSOE ten unha excusa para non votar pola nosa iniciativa", dixo Manuel Soto, que cre que hai unha ofensiva do PP e do PSOE para apuntalar unha filosofía na xestión dos residuos que non muda a política levada até a actualidade, pero que si a dota dunha mellor cobertura legal. Con isto acentúanse as diferencias entre o PSOE e o BNG, xa que o segundo si apoia a Iniciativa Lexislativa Popular porque comparte os seus postulados. ♦

■ O cloro mortal de Sant Celoni, recordatorio de Lourizán

A intoxicación de setenta veciños por cloro no barrio de Sant Celoni (a 50 quilómetros de Barcelona), volve á actualidade a ameaza repetidamente denunciada que encerra a planta de cloro de Elnosa en Lourizán, ao pé de Pontevedra. O accidente de Barcelona produciuse ao derramarse un tanque de 7000 litros de lexívia sobre unha tubería de clorhídrico. A reacción provocou unha nube que arrasou a vexetación, queimou a roupa e provocou problemas respiratorios de diferente gravidade entre os veciños de Sant Celoni.

Nos anos 70, dous obreiros de Elnosa faleceron por unha fuga de cloro de aproximadamente cincuenta quilos de gas. Elnosa non cumpria daquela a lei franquista que prohibía a instalación de fábricas de tóxicos a menos de dous quilómetros dun lugar habitado. Desde a factoría de Lourizán deica o casco urbano de Pontevedra hai pouco mais dun quilómetro. A pesar do moito mais exixente lei comunitaria e o compromiso da Xunta do PP de corrixir as ilegalidades da pranta, a espada de Elnosa pende sobre Pontevedra. ♦

■ Cacharro ignora o apoio do Parlamento á continuidade da Feve

O PP da Deputación de Lugo rexeitou unha moción do BNG para pedir a transferencia da Feve á Galiza argumentando que a medida podía ser inconstitucional. A decisión de Francisco Cacharro Pardo contradi a opinión do seu partido, xa que o PP no Parlamento si se pronunciou a prol desta iniciativa. A moción do BNG defende a continuidade unha vía renovada en 1984, cunha vida útil de 50 anos e que é vital para o desenvolvemento da Mariña. ♦

■ Ponteareas homenaxea ao fiscal do proceso de Burgos

O PP e a CNG de Ponteareas votaron a favor de nomear fillo predilecto da vila a Antón Troncoso de Castro, fiscal do sinistro proceso de Burgos e na actualidade fiscal da súa do contencioso-administrativo do Tribunal Supremo. Tanto o PSOE como o BNG opuxéronse á designación polo papel xogado por Troncoso de Castro naquel xuízo. O proceso de Burgos foi un xuízo militar sumarísimo no que, en 1970, sete nacionalistas bascos foron condenados a morte (e despois amnistiados). Troncoso, como fiscal, encargouse de facer a petición das condenas a morte. O proceso de Burgos foi un dos máis destacados da ditadura, tivo un grande eco en toda Europa e constituiu un desatino político para o réxime franquista. ♦

■ Vitorino Nuñez pede a Trillo un cambio rápido dos topónimos

As provincias deben levar o mesmo nome que as súas capitais, segundo lle comunicou o presidente do Parlamento Vitorino Nuñez ao do Congreso Federico Trillo. Nuñez instou a Trillo para que acelerara os trámites polos que as provincias pasen a chamarse Ourense e A Coruña. Esta proposta xa foi aprobada de xeito unánime no Parlamento e a Mesa pola Normalización Lingüística levou a cabo unha campaña entre os concellos das dúas provincias para que solicitaran a galeguización ao Congreso. Vitorino Nuñez está convencido de que se aprobara no Congreso proximamente. ♦



A. PANARO

■ Manifestación polo traslado dos presos á terra

Duascentas persoas percorreron as ruas compostelanas o Sábado 1 cunha pancarta que recollía o lema *Amnistía, traslado á terra*. Convocados polas Joga, os manifestantes amosaron a solidariedade cos presos independentistas con consignas que pedían o remate da dispersión nas prisións do Estado. Lembraron que o cumprimento das condeas na terra é un dereito recoñecido polo Parlamento Europeo. ♦

OPINIÓN


CON FORTUNA MAIS BEN ESGUIVIA, DIVERSOS MEDIOS DE DIFUSION GLOSARON ESTES DÍAS UN INFORME ARREDOR DA RÍA DE VIGO DUN MODO QUE BEN REQUIRE UN COMENTO. SEN DÚBIDA A «NOVA» MÁIS SALIENTADA ERA A DE QUE AS MASAS DE AUGA DA RÍA PODEN RENOVARSE EN TRES DÍAS BAIXO CONDICIÓN FAVORÁBELS. CURIOSAMENTE, DICÍASENOS TAMÉN QUE A CONTAMINACIÓN POR PRODUCTOS ORGANOCOLORADOS É SÓ RESIDUAL. AGORA BEN: EN GA-

LICIA NUNCA HOUBO UNHA AGRICULTURA EXTENSIVA QUE APLICARA MASIVAMENTE PLAGUICIDAS CLORADOS, PROHIBIDOS DENDE HAI VINTE ANOS, NEN UNHA INDUSTRIA QUE CEIBARA GRANDES CANTIDADES DE BIFENILOS POLICLORADOS, ELIMINADOS DOS CIRCUITOS ABERTOS HAI QUINCE. CABERÍA, POIS, PREGUNTARSE POR QUÉ UNS CONTAMINANTES CUNHA INCIDENCIA AQUI SO DISCRETA LEVAN ADIANDO MAIS DE TRES LUSTROS A SUA RETIRADA.

A RÍA DE VIGO ¿UN SISTEMA DINÁMICO OU UN CALDEIRO?

MIGUEL ANXO MURADO

Veñen asimesmo a xeito preguntas coma a de por qué unha maré vermella pode botar máis dun mes entre nós, ou por qué unha grande parte dos mexilóns galegos saen da batea cun contido en bacterias fecais que lles veda a «calidade A», e por veces a B, nos estándares da CE. A pregunta clave, con todo, é a de qué significa exactamente a cifra dos tres días de tempo de renovación. E debe responderse que, por ela mesma, cáseque nada. Coma cáseque nada significaría ilustrar a situación económica dun país coa cifra espida das suas exportacións en toneladas.



Sistemas estáticos e dinámicos. É na análise dos segundos -categoría á que pertencen as rias- onde se fan pertinentes conceptos coma os de irreversibilidade e historia.

O grave, pois, é que a mención da cifra, sen outra explicación, promove unha lectura superficial tan imediata -e seguramente buscada- como adroleira: acouguemos, que o ciclo natural da ría lava en tres días todo o que nos pete botarlle. Claro que o leitor algo máis crítico, ou con intereses vinculados ao ciclo da ría, non pode deixar de se facer preguntas coma as feitas, e así quen isto escribe foi nestes días repetidamente interrogado con notábel agudeza a estes respeito. Mais o mal cundíu xa para quen pasaron polos titulares co desinterese que realmente merecían, e que, acaso lixeiramente extrañados, ven no asunto un dos chocantes paradoxos cos que a ciencia gosta de embabiolarnos.

Coma sempre, endereitar algo torto custa moito máis do que torcelo, e tal é, asomado, o verdadeiro miolo destas liñas. Certo que as contradicións xa citadas suxiren con forza que algo vai mal no argumento que implícitamente se nos propón. Outra ilustración simple do problema pode obterse tencionando eliminar os restos de café pola boquiña dunha cafeteira, mantendo a un tempo sobre da boca unha billa aberta e máis un fío de café. Ou observando como se enlea o conto de metemos unha culler na cafeteira, facendo máis heteroxéneo o espazo e estorbando a mestura. Con todo, convén achegarse algo máis ao caso, máis celmoso do que parece.

Moitos procesos do noso decotío, e non só os que se estudian na química elemental, transcorren coma na figura 1A: a interacción das entidades A e B produce C e D, a transformación pode funcionar en senso inverso, e cando as velocidades dos dous procesos opostos se igualan, o sistema acada un estado de equilibrio no que os niveis de A, B, C e D xa non varían. O equilibrio existe uns niveis precisos de A, B, C e D para unhas condicións dadas do entorno, e toda variación de calquera nivel ou condición leva

de contado á restauración do equilibrio.

Pero a verdade é que moitos dos procesos que máis nos interesan (climáticos, biolóxicos, económicos, sociais, históricos) distan de seren tan simples, aténdose máis ben ao esquema 1B, ilustrador dun sistema dos chamados dinámicos. Non imos entrar aquí no apaixonante comportamento destes sistemas, na actualidade centro dunha das calas máis profundas no propio cerne do concepto de complexidade. Mais si cabe apuntar dúas das súas características que os afastan notábelmente do caso 1A. Primeiramente, a de seren capaces de adoptar estados (estacionarios) que, ligados aos fluxos de entradas e saídas, poden ficar moi lonxe do equilibrio. En segundo termo, a de poderen «optar» por máis dun estado estacionario, pola oscilación entre varios deles, e mesmo polo percorrido periódico por infinitos estados dun ámbito estacionario, só previsíbel de maneira aproximada.

En xerga científica, adóitase dicir que a posibilidade de solucións múltiples ás súas ecuacións temporais fai dos sistemas dinámicos algo moi sensíbel ás variacións dos seus parámetros, permitindo-lles bifurcacións, e con elas a asimetría das súas traxectorias no tempo. Dito polas bravas, o que sucede é que nos sistemas dinámicos é pertinente o concepto de historia. Terreo éste no que, como ben se sabe, pequenas causas poden producir grandes cambios que non se dan endereitados camiñando cara atrás.

O lector terá xa adivinado que a Ría de Vigo é un sistema dinámico e, de certo, un chisco máis complexo do que unha cafeteira. O seu tempo medio de renovación ven sendo o que tarda en enchese con augas

que, por resumir, entran pola boca sul e saen pola norte. Mais o acontecer que fai da ría o que é depende do xogo, en cada instante de tempo, entre as condicións específicas que nela se dan, e máis varios fluxos continuos de materia: a que aporta e leva o océano, a que se aporta e recolle dende a terra, a que sedimenta no fondo. Aquelas condicións inclúen, naturalmente, unha comunidade biolóxica que ocupa un espazo heteroxéneo, e que transforma os aportes dunha maneira que depende dos aportes mesmos e máis da propia comunidade. Un fermoso produto histórico con opcións para múltiples camiños.

O fío do conto é, con todo, moi obvio: se a memoria do sistema se borrara cada tres días, que é o que nos inducen a crer, sería diferente, por exemplo, o emprazamento dos polígonos de bateas que tanto ven dando que falar, as augas da ría virían sendo máis ou menos as oceánicas e a xente podería bañarse -digamos- na dársena de Bouzas. E se coidamos que os maiores da ribeira mitifican unha miga o tempo pasado, comparemos as descripcións da ría que os ecólogos facían hai vinte anos coas de hoxe. As diferencias son abraiante, malia non ter variado nen miga o tempo de renovación do sistema.

Dá no corpo que nos últimos tempos, os teóricos do laissez faire ensaian o discurso programático da Ría de Vigo abalando entre o eslógan do «isto é xa unha acabación» e o «isto terma co que lle poñan». Perante opcións tan radicais, os que imos indo xa moderados pediríamos tan só algo reformista: unha política de ordenación do territorio. Seica hai políticos que viven de buscar vieiros razoábeis entre os cornos de tan pouco subtil dilema. ♦

MIGUEL ANXO MURADO é Biólogo, Investigador do Instituto de Investigacións Mariñas de Bouzas (Vigo)

OS CATRO

MARIO LOPEZ RICO

Se tivese que reducir á quintaesencia o que é a práctica urbanística da Coruña tería que referir-me aos seguintes rasgos:

a) Exclusión sistemática dos intereses lexítimos da maioría dos axentes económicos e sociais que non formen parte do lobby de catro promotores-especuladores e das transnacionais do comercio, que actúan só ollando para a conta de resultados. Só así pode entender-se que, por exemplo, nunha cidade sen crecemento poboacional significativo, cun planeamento aprobado hai 11 anos e sen problemas teóricos para a súa xestión e desenvolvemento, teña as vivendas máis caras e a proporción máis baixa de metros cadrados por habitante da Galiza.

b) Incumprimento xeralizado do planeamento. Se o primeiro que fixo Vázquez ao chegar á alcaldía foi aprobar un PXOU -modificación especulativa do proxecto elaborado pola primeira corporación democrática- a seguido procedeu ao seu incumprimento. Practicamente nengunha das actuacións previstas para cubrir os deficits dotacionais dos barrios ou criar zonas libres e verdes foron executadas. A modificación do plano convertiu-se en norma e, á fin, o resultado é un encerelle tal que só a «benevolencia» da xustiza permite que o PXOU siga en vigor.

c) Temporización á marxe do Programa do Plano e ao servizo dos Catro. Once anos despois da aprobación do PXOU, ningún Plan Parcial ou Especial está rematado e varios destes cuestionados legalmente e con tramitacións rocambolescas. Esta «gloriosa e eficaz» xestión débese a que non se quixo desenvolver o planeamento derivado até que as promotoras dos catro rematasen os solares sobre os que podían actuar. Xa rematado, executaron os Plans Parciais e Especiais -ao tempo que se mantiña conxelado o PERI da Cidade Vella e da Pescadería mentres estas zonas ían-se arruinando- para «traballar» outras áreas da cidade.

Agora, cos Plans Especiais en marcha, ollan cara a Cidade Vella e á Pescadería da que son propietarios principais, tras amplias operacións de compra a baixo prezo, e pretenden aprobar un PERI polémico e nada respetuoso coa parte máis significativa da Coruña, con moita urxencia (agora si) co obxectivo de que estexa en vigor mentres a revisión do PXOU -en marcha- paraliza as licencias no resto das áreas urbanas. Isto si que é un Plano ben programado! ♦

MARIO LOPEZ RICO é concelleiro do BNG na Coruña

Xosé Lois



PARLAMENTO

O goberno galego renúncia a elaborar un modelo de financiamento alternativo ao acordado en Madrid

♦ PAULA CASTRO

O grupo parlamentar do Partido Popular rexeitou novamente as peticións dos grupos socialista e do BNG de crear un modelo de financiamento axeitado á realidade galega. Segundo os populares, aínda que a cuestión do financiamento é fundamental, os acordos alcanzados polo Partido Popular en Madrid e os nacionalistas bascos e cataláns aseguran a corresponsabilidade fiscal e a autonomía financeira.



Beiras considera que renunciar á autonomía financeira é renunciar ao carácter de Galiza como nacionalidade histórica

O grupo do BNG apresentou o pasado mércores 5 de Xuño, a través do seu voceiro, Xosé Manuel Beiras, unha moción na que se solicitaba que o Goberno Galego remitira á presidencia do Parlamento unha proposta para a elaboración dun modelo de financiamento atendendo ás necesidades en materia tributaria do país. Deste xeito os distintos grupos parlamentarios poderían fixar un posicionamento definitivo de cara á defensa duns criterios económicos concretos.

Diante desta petición, Pablo Egerique, parlamentario do PP, asegurou que esos criterios estaban xa fixados a través dos acordos asinados polo PP, CIU e PNV, aínda que matizou que a "corresponsabilidade fiscal non vai acadar para todas as autonomías a suficiencia financeira, pero este problema será corrixido con mecanismos de solidariedade fiscal".

Pola súa banda, o representante do BNG asegurou que "dende o nacionalismo non se considera lícito que sexan outras autonomías as que condicionen o modelo de financiamento galego", e engadiu que segundo os puntos que se establecen no acordo "non se aseguran nen a suficiencia financeira nen a corresponsabilidade fiscal, peares ambos, sobre os que se debe fixar a autonomía dunha comunidade histórica".

Beiras sinalou ademais que, en calquera caso, é imprescindible que existan medidas correctoras que aseguren a solidariedade,

único modo de asegurar que se dea unha "igualación de servizos para todos os cidadáns". O voceiro nacionalista indicou tamén que tras do acordo asinado por CIU, PNV e PP esta solidariedade "só aparece concretada no IRPF, o que resulta inaceptable para o BNG porque é un imposto progresivo que crea desigualdades e discriminacións entre uns e outros". Ademais insistiu en que a cesión do 30% do IRPF "non vai conferir á Galiza a capacidade normativa que lle corresponde e, o Parlamento galego seguirá marxinado respecto do que aconteza a nivel estatal". Beiras vaticinou tamén que Aznar será incapaz de asumir os compromisos adquiridos con cataláns e bascos.

Coincidindo no groso coas peticións formuladas polo BNG, o grupo socialista lembrou que o PP, ao presentar o recurso de inconstitucionalidade da cesión do 15% do IRPF, asegurou que non o retiraría mentres non se establecera un marco financeiro máis xusto, pero que agora que era o 60% e o que o partido no poder era o PP se batía en retirada. O voceiro do grupo socia-

lista, Miguel Cortizo, apresentou, pola súa banda unha moción indicando que o acordo asinado en Madrid "non nos favorece, porque non se contemplan medidas compensatorias, a excepción do caso canario no que si se prevén, a petición expresa de CIU, xa que dise xeito Cataluña é a máis favorecida". Segundo Cortizo, con este acordo hipotécense os principios de suficiencia, autonomía e solidariedade, ademais de supo1er grandes diferenzas entre as distintas nacionalidades "xa que tendo en conta os cálculos de crecemento económico, o incremento presupostario catalán será 10 veces maior que o galego, co cal en lugar de reducir as diferenzas entre ambos, estaríanse incrementando".

Pola súa banda, Xosé Manuel Beiras asegurou que ademais, "o que está en xogo é a formulación do modelo de estado", e sinalou que "se non se alcanza a autonomía financeira non ten sentido que se mantéña no preámbulo da Constitución a definición de nacionalidade histórica, porque iso implica acadar uns niveis competenciais que Galiza non ten". ♦

A crise de Huarte deixa á vista privilexios nas concesións de obras públicas

A suspensión de pagamentos da constructora Huarte puxo sobre a mesa no pleno o posíbel trato de favor da Xunta con empresas constructoras alén da falta de previsión da Consellería de Sanidade por ter abonado 5.755 millóns de pesetas en concepto de acópio de material e certificación de obras pola construción do Hospital Clínico de Santiago, agora paralisado.

O novo conselleiro de Sanidade, Xosé María Hernández Cochón foi quen, a petición do grupo socialista, compareceu na cámara para explicar as responsabilidades da Xunta unha vez que Romay Becaría renunciara a dar contas no pleno a pesar de ter presentado unha solicitude de comparecencia o día 1 de Abril, máis dun mes antes de ter sido nomeado ministro. Hernández Cochón optou por facer unha intervención plagada de cifras na que quixo tirar responsabilidades á consellería polos 2.541 millóns de pesetas que Huarte lle adebeda polos abonamentos a conta de material que, segundo o conselleiro non estarían en perigo

ao estar en vigor avais por valor de 2.821 millóns.

Os datos aportados polo conselleiro non convenceron á oposición que reclamou claridade sobre a contratación de obras denunciando o presunto trato de favor da Xunta coa empresa Huarte. Xosé Henrique Rodríguez Peña, do BNG, desmentiu a iHernández Cochón dicindo que os avais non se ían poder executar directamente por estar en mans de interventores xudiciais e acusou á Xunta de "falta de previsión" ao implicar tal cantidade de cartos públicos sen as garantías necesarias. Ademais, o deputado nacionalista preguntou tamén polas razóns de ter contratado tal volume de obras -ademais do Hospital de Santiago, a construción do Auditorio de Pontevedra paralisado- a unha empresa acusada de implicación no caso Roldán.

O portavoz do grupo socialista, Miguel Cortizo, pediu documentos que respaldasen o discurso do conselleiro e, de xeito especial, solicitou certificacións que proba-

sen o seguimento da conversión do material acopiado en unidades de obras. Para o deputado do PSdeG-PSOE o cerne do tema está na discriminación coa que a Xunta barema ás empresas constructoras, do que o caso Huarte viría ser unha proba clara. Do presunto presentado para o Hospital de Santiago, o Sergas tería abonado xa o 60%, téndolle sido adiantado en concepto de materiais un 30%. O trato de favor viría, para Miguel Cortizo, pola resposta ás preguntas: "Por que o Sergas optou por adiantar unha cantidade tan elevada? Todas as empresas saben que poden recibir un 30% por acópio de material?". A crise de Huarte responsabiliza á Xunta, segundo a oposición, na medida en que serviu tamén para que o diferente trato nos concursos de obras públicas saíra á luz. Os grupos da oposición non aludiron só ao malestar producido nas empresas constructoras polo agrávio comparativo sufrido senón tamén, como dixo Rodríguez Peña, por xogar "cun dos motores contra o paro como son as infraestruturas". ♦

A dirección da Emigración perde rango no Goberno Aznar

O Consello da Emigración reclama mesas eleitorais nos consulados

✦ X.C.

Nos últimos días de Maio, a illa da Toxa acolleu por primeira vez a reunión do Consello Xeral da Emigración, un organismo no que participan os representantes eleitos dos residentes en países estranxeiros. O organismo, presidido polo galego Xosé Luis Rodríguez Pardo, adoita decisións indicativas que debe desenvolver o goberno. No pleno de conclusións os sindicatos denunciaron o que consideran perda de rango da Dirección Xeral de Migracións, agora integrada coa de Traballo.

Funcionando como unha sorte de mini-parlamento, a maioría das decisións do Consello Xeral, foron adoptadas por consenso. O debate sobre a axuda económica a Cuba e a lei Helms-Burton, alporizou unha chisca aos asistentes, pero finalmente trunfou a posición de condena, proposta polo representante da emigración en Cuba, Antonio Fidalgo. O Consello "manifesta o desacordo co Goberno de España en suspender a cooperación económica coa República de Cuba, así como a súa ambigüidade en relación á aplicación da lei Helms-Burton". A proposta recibiu 30 votos a favor, 8 en contra e déronse 3 abstencións.

A principal carga do debate deste Consello da Toxa foi referida á participación electoral, e xa había unha queixa de fondo sobre medidas adoptadas en anteriores reunións que non se levaban adiante. Así o Consello pide que se estableza o voto en mesas eleitorais constituídas en Embaixadas e Consulados; que se faga moito máis rápido o reparto da documentación electoral e se amplien os prazos de entrega e envío por correo, sobretodo nos países de grande extensión xeográfica.

Respeito aos Consellos de Residentes (CRE) e ao Consello Xeral, peden que a norma básica que os regula sexa unha lei "por adecuación normativa e por estabilidade xurídica"; reclaman ta-



Xosé Luis Rodríguez Pardo.

mén que, ante a renovación próximas da maioría dos CREs, se estude a viabilidade de agrupar no menor tempo posíbel a maioría das eleccións, de maneira que os procesos eleitorais en Europa puidesen celebrarse en Europa no derradeiro trimestre do 1996 e os de América nos tres primeiros meses do 1997.

Outros acordos

O Consello adoptou acordos sobre materias como o servizo militar, adiantándose á intención do goberno do PP, de profesionalizar as Forzas Armadas en 6 anos, reclamando que a lei se modifique para que se introduza outra volta a "isención total e completa tras o disfrute das prórrogas de cuarta clase e tendo cumprida a idade de vinte e cinco anos".

Outra preocupación singular é a

referida ás clases de lingua e cultura nos países de destino. A proposta de que se manteñan e incrementen as dotacións para melloralas e mesmo darlle apoio desde as emisións da TVE Internacional, foron matizadas pola Administración, amparada en que o descenso demográfico xustifica unha menor dotación, o que foi replicado por algúns conselleiros: "se hai menos alumnos é porque non se promocionan adecuadamente, e ademais diminuíu a calidade destes estudos". Na resolución non houbo referencia algunha a outras culturas que non fose o castelano ou emisións doutras canles via satélite. Sobre isto último a TV3 está xa facendo algunhas probas —comezou o pasado 11 de Setembro— e a TVG estuda algo semellante, apesar da falta de medidas legais que permitan ás autonómicas este tipo de cobertura extraterritorial.

En diferentes áreas o Consello constatou a información reducida ou escasa que recene os emigrantes, pedindo que se veiculen todas as informacións através dos Consellos de Residentes. Fixeron fincapé no caso dos emigrantes retornados da Suíza, pedindo colaboración aos Consulados daquel país "para informar sobre os posibles dereitos e solicitude de pensións de xubilación e doutras prestacións se tivesen cotizado a Caixas de Pensións, pois téñense detectado moitos retornados que non exercen dereitos por falta de información".

Aos debates asistiron o secretario galego de relacións coas comunidades galegas, Amarello de Castro, o representante da CIG, Luis Pérez Leira e nunha das sesións estivo presente o deputado do BNG, Bautista Álvarez. ♦



O Porto, pésimamente representado no Goberno

O semanario EXPRESSO chama a Fernando Gomes O Senhor das Regiões nunha entrevista con Fernando Madrinha e Jorge Fiel. O presidente da Cámara do Porto resposta así á pregunta de se o Norte está ben representado no Goberno e nas institucións: "Digamos que o Norte non está mal representado no Goberno; está pésimamente representado. Quase non tem representación. Mas vocês querem saber qual é o peso político no Governo, do Porto e da região da que é o centro social e económico e cultural. É pouco, moito pouco. A nível partidário, por exemplo, a única figura do PS Norte



Fernando Gomes, alcalde do Porto.

que está no Goberno é o José Lelo. Portanto, está bem representado desde o ponto de vista da qualidade mas mal na quantidade. Mas isso não me preocupa. O Governo não é uma federação de Estados que tenha que ter lá os seus representantes. O debate nacional sobre a oportunidade do referendo para a rexionalización da pé a outra pregunta. "Não (deve haber referendo) -resposta o presidente da Cámara- O que é que a lei diz? Consultem-se as assembleias municipais para se saber se concordam ou não com este processo, o que é um chamado referendo orgânico. Penso que isto faz sentido. Não podemos desatar a fazer referendos nacionais a torto e a direito. O noso potencial rei já veio pedir um para saber se queremos continuar como uma república ou restaurar a monarquia. E corremos o risco de amanhã se fazer um referendo a perguntar aos cidadãos se eles querem pagar impostos". ♦

Hassan na Asemblea francesa

Gilles Perrault, autor de A Orquestra Vermella e do recente sumário sobre o despotismo do Hassan II, titulado O noso amigo o Rei, califica de insultante, desde as páxinas do LE MONDE á invitación que a Asemblea Nacional francesa fixo de a pouco ao Rei de Marrocos. "Arrodeando a visita de Hassan a Paris con tanta pompa e circunstancia, e mesmo facéndolle unha invitación para se dirixir á Asemblea Nacional, a Franza dille ao povo de Marrocos que non lle queda outra que amolarse con este réxime se non queren un sistema fundamentalista. Pode ben ser que con puño de ferro e concesións á relixión, a monarquía Alauita dea retrasado a explosión social. Pero viver de prestado non é que se diga unha solución política, porque o único escudo efectivo contra o contaxio do fundamentalismo é a democracia e a xustiza. Os defensores da democracia en Marrocos, sêntense enganados. O povo de Marrocos dará o seu veredicto cando chegue o tempo. O presidente da Asemblea Nacional, Philippe Séguin non é a clase de persoa da que poderíamos esperar semellante invitación. Philippe Séguin podería ter lido un informe do Departamento de Estado norteamericano, que condena as desaparicións, as torturas e a violación dos dereitos fundamentais no reino de Marrocos. Difícil sería que o Congreso do Estados Unidos permitise a un xefe de Estado con esta lista de crimes ao lombo falar aos congresistas". ♦

A economía por riba da política

SIT INFO de Xenebra, órgano do Sindicato Interprofesional, editorializa sobre a globalización que está a cambiar o panorama da economía suíza. "O sindicalismo sabe pola súa experiencia deste últimos anos que o primeiro obxectivo da patronal non é outro que facer medrar o seu capital porque, se non da feito, será superado e esmagado pola competencia. Hoxe son os financeiros os que impoñen a súa lei. Os traballo e a man de obra son meios de produción que din que hai que amortizar. De todo isto bótanlle a culpa á mundialización, pero isto non é máis que unha escusa para por a economía por riba da política. Os gobernos non quixeron frear ás multinacionais nos anos 70 por respecto ao mercado todopoderoso pero se ben é certo que a globalización financeira pode conducir a un novo reparto de saláridos e de beneficios, o capital fuxirá aos países que teñan a man de obra máis barata. O sindicato debe defender os saláridos máis baixos e os 18.000 parados que hai aquí en Xenebra son un bon obxectivo para comezar". ♦

O responsábel de publicidade afirma que o usuario está máis satisfeito

Vego introduce o galego nos supermercados 'porque o fala o cliente'

Un dos casos máis coñecidos de galeguización nos establecementos comerciais é o do hipermercado Jumbo de Santiago de Compostela, coa rotulación, megafonía e trato persoal en galego. Estas iniciativas van tendo eco entre os empresáridos. Agora, supermercados Vego, con máis de vinte establecementos polo país, optou pola normalización do idioma. Rótulos monolíngües e trato persoal en galego son os pasos que se deron para achegarse máis ao cliente.

No estudio publicado recentemente polo Consello da Cultura sobre a publicidade e a lingua, os resultados non daban lugar a dúbidas. Un 88% da poboación acepta de bon grao a rotulación en galego e a máis do 75% lle

parece moi agradábel que os vendedores ou dependentes lle falen en galego. Nos supermercados Vego, están fachendosos de térense adiantado ao estudo. "Nós comezamos co proceso de galeguización dos establecementos en Setembro, antes de que se fixera este estudio, que realmente veu corroborar o que nós xa comprobáramos na práctica", comenta Alberto Charle, responsábel de publicidade de Vego.

Alberto Charle sinala que se decidiron a levar a cabo este proceso cando observaron que os compradores se relacionaban entre si en galego. "Os nosos clientes falaban galego e se dirixían a nós nesta lingua. Con esta causa, chegaba de abondo", co-

menta. Os primeiros pasos foron os folletos comerciais. Despois, as insercións na prensa e as cuñas na rádio. Actualmente, traballan cos cartaces, a rotulación e a galeguización dos produtos. "É o que máis tempo leva porque son oito mil produtos para que despois os tickets das caixas saian en galego", comenta o responsábel nos supermercados.

As empregadas tamén utilizan o galego aínda que Alberto Charle ten pensado mellorar a situación con cursos de iniciación e perfeccionamento. Está á espera de que a Xunta lles conceda unha axuda para este cometido. "O importante é que os clientes están moi contentos e nos felicitan polo traballo que levamos a cabo", comenta Alberto Charle. ♦

Como é posíbel que explicar e ler as cantigas 'seña un feito novidoso'?

É unha materia que nunca saíu dos círculos universitarios. Nesta esfera críase que non eran interesantes para a xente normal. Eu penso o contrario. Creo que a súa lectura lle pode prestar á unha nena de doce anos. Fixen a experiencia. O coñecemento e explicación das cantigas debería ser obrigatorio desde os primeiros cursos de ensino.

A xente normal entende textos escritos no século XII?

As cantigas tratan temas normais que interesan a todos. Foron feitas para recitar e transmitir de forma oral entre a xente. Ora ben, hai claves históricas que cómpre explicar, de aí a razón dos fascículos. E mesmo faltan moitas cousas por estudar que aclararían puntos difíceis, confusos ou mal interpretados. Exemplo disto poden ser as tres cantigas en que o Rei Don Dinís escarnece ao cabaleiro João Bolo. Estas cantigas foron consideradas como "unha pillaria inocente" sobre as dificultades que o cabaleiro tiña coa súa cabalgadura, unha mula, até que, recentemente, Elsa Gonçalves demostrou que a palabra *mula* tiña tamén na época o significado de homosexual e pederasta.

Censura sobre as cantigas de escárnio e maldicer.

Rosalía e os demais autores do rexurdimento pensaban que eles eran os primeiros en escribir en galego.

Descoñecían a lírica medieval, pésie a que xa se sabía da súa existencia a primeiros do século XIX. Foron os portugueses os que descubriron os Códices. Consideraban que era algo da súa competencia exclusiva. Hai que ter en conta que non había fotocópias, nen edicións, e a noticia circulou durante moitos anos só de boca en boca. En Galiza, as cantigas non se puideron ler até 1928 e só as de Amor e Amigo.

E as de escárnio?

Esas non se editaron por problemas coído que morais. Os eruditos estaban horrorizados. Crían que non se debían difundir poemas onde se falaba, por exemplo, dunha abadesa preñada. Nunca lle estaremos suficientemente agradecidos a Rodríguez Lapa pola edición destas Cantigas de Escárnio e Maldicer que non foi posíbel até 1965. Isto ofrécenos de paso unha mostra da forte censura moral e política que padecemos e que ás veces partía dos propios estamentos universitarios.

Da lectura das cantigas non se tira a conclusión de que a Idade Média fose unha época escurantista e dogmática?

Esa é unha caricatura que naceu no século XVI. Nunca foi certa. Entre os historiadores xa é unha idea totalmente desbotada. Nas cantigas os trobadores amosaban unha grande capacidade autocrítica. Nas de escárnio, por exemplo, eles mesmos se rían dos parámetros que se aplicaban nas de amor. Contrasta ben esta actitude co escurantismo do século XIX e XX, cando estas cantigas foron censuradas. Algunhas persoas pa-

Laura Tato

"A perda da nosa lírica está intimamente relacionada coa perda da nosa independencia"

MANUEL VEIGA

O DESCUBRIMENTO, RELATIVAMENTE RECENTE, DA EXISTENCIA DUNHA LÍRICA MEDIEVAL PRÓPIA E DE GRANDE CALIDADE LITERARIA FOI UN ACONTECIMENTO QUE CONMOVEU O MUNDO DA CULTURA, CONVENCIDO ATÉ DAQUELAS DE QUE O GALEGO ERA UN DIALECTO DESTINADO A SER SUSTITUIDO POLO CASTELÁN, MÁLIA O ESFORZO POR PRESTIXIALO DOS POETAS DO REXURDIMENTO. AS CANTIGAS DE AMOR E AMIGO, DE ESCÁRNIO E MALDICER FALAN DO ESPLENDOR DE GALIZA, NUN PASADO SUMERXIDO POR SUCESIVAS CAPAS DE ESQUECIMENTO E MINUSVALORACIÓN. LAURA TATO É AUTORA DOS TRES FASCÍCULOS CORRESPONDENTES Á LÍRICA MEDIEVAL, INSERIDOS NA HISTÓRIA DA LITERATURA GALEGA QUE A ASPG ESTÁ A EDITAR, EN COLABORACION CON A NOSA TERRA.



recen estar máis tranquilas considerando que a sociedade sempre vai cara adiante e despreciando aos antepasados.

Como era a sociedade galega no tempo das cantigas?

A sociedade daquela, en toda Europa, dedicábase a traballar a terra, os labregos, ou a pelexar, os nobles. Para desenvolver unha literatura de tanta calidade compria que se dese un período de paz e de riqueza económica abondo como para que a nobleza da Corte tivese tempo de lecer e un excedente económico que destinar ao pago de trobadores. Polo tanto podemos deducir que Galiza pasaba por unha época de benestar, aínda que había clases

baixas que vivían moi mal. O trobador mesmo satiriza a certos estamentos sociais, sobre todo cardeais, bispos, frades, freiras, abades e abadesas e ao mesmo Papa, pola vida licenciosa que levaban.

O galego, principal lingua cristiá peninsular

O galego era a lingua de cultura da época?

Si, en toda a parte cristiá. Non só no Reino de Galiza, senón tamén en todo o sul, no que hoxe é Portugal, en León, Castela e Aragón. Hai que ter en conta que un trobador de Aragón entendía ben o galego, pois todas as linguas estaban aínda perto do tronco románico. O galego

era a lingua da lírica para todos estes povos, quitado o condado de Cataluña, onde se usaba o provenzal, a unha banda e a outra do que hoxe é a fronteira francesa.

E Castela?

Castela daquelas era o que o seu nome indica, un círculo de castelos para defenderse dos árabes. Non tiña, nen moito menos, o desenvolvemento da Galiza. Hai que ter en conta que as cantigas ían acompañadas sempre dunha música que se perdeu, o que nos di que naquela época debía haber tamén unha escola musical de grande tradición en Compostela. Son os tempos do mestre Mateo e da Catedral. O esplendor de Com-

postela era notábel e coñecido en todo o Occidente.

Cal foi a causa de que desaparecesen os trobadores?

A historia das cantigas demostra que as linguas de cultura acaban por ser arrasadas, se non van acompañadas dun poder político. Cando o Reino de Galiza deixou de ser o dominante entre todos os do seu redor, o que hoxe é León, Zamora, Castela, etc., a Corte esmoreceu e con ela os trobadores, algúns dos cales foron a establecerse noutras Cortes. A perda da nosa lírica está intimamente relacionada coa perda da nosa independencia.

O chamado Rei Sábido foi o que comezou a impoñer o castelán?

El escribía en galego porque consideraba que era un idioma máis culto, aínda que empezou a enviar en castelán as normas emanadas da Corte. Pero iso non quere dicir que Galiza deixase de ser monolingüe nesa época. Até o século XV o galego era a única lingua en todos os estamentos da sociedade, incluídos os do poder, a igrexa ou os notarios, coa excepción dalgunhas desas normas que chegaban de Castela. Aínda nos comezos do século XIX o galego era falado polo 90% da poboación e só unha minoría que tiña o poder se expresaba en castelán. Cómpre ter en conta que os monarcas da Idade Média non tiñan os poderes dun Estado de hoxe que chega a todos os recunchos.

É comparábel a lírica galega coa provenzal?

A provenzal é a máis importante daquel período. Iso débese en parte a que alí había varias Cortes e iso permitía a subsistencia dun maior número de trobadores. Ademais a lírica provenzal sempre foi coñecida, mentres que da galega só chegamos a recuperar unha parte da que probablemente se realizou. Na poesía provenzal eran frecuentes tamén as sátiras político-guerreiras, o que non era o caso de aquí.

Ao principio decía que a lírica medieval debía interesar tamén á xente normal, como cre que se pode lograr?

En primeiro lugar, eu o fascículo que escribín para explicala, empresteillo á miña filla de 17 anos e a un traballador normal. Correíronme moitas cousas, dixéronme aquí non se entende, etc. Até que conseguín expresar todo, sen faltar ao rigor, e de xeito que todos o comprendesen. Estas son tamén as primeiras antoloxías que se poñen ao alcance do público non erudito. E, por último, compre lembrar que é unha análise feita desde aquí. Até hai poucos anos as cantigas eran estudadas por xente de fóra, sobre todo italianos, e claro, moitas cousas non as entendían como as podemos entender nós.

Hoxe hai cantigas de escárnio?

Hai. Teño noticia de varios poetas que fan circular escárnios contra os seus colegas, aínda que por continuar a tradición non saíron aínda do ámbito da literatura oral. Agardo que se publiquen algun día. ♦

Un estudo da Universidade de Compostela di que non é de utilidade pública O encoro do Úmia incumpre a lei

Cando en 1994 a Xunta de Galiza regulou as conchas do río Úmia e a marxe esquerda da ría de Arousa xa establecera, no Decreto 144/94, a posibilidade de aproveitamento hidráulico para uso público. A norma de regulación suspendía licencias de aproveitamento de augas pero facía unha excepción para o caso de construír o encoro.

A utilidade pública do encoro é determinante na súa construción, por iso é que a Xunta, no ante-proxecto fai unha mención á mesma, pero dun xeito disperso, asegura a profesora de Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Compostela, María García Añón, que dirixiu un estudo a petición do alcalde das tres vilas afectadas: Cúntis, Moraña e Caldas. O tomo 1, punto 1º do ante-proxecto aborda a utilidade pública mencionando o "correcto abastecimento de auga á comarca do Salnés". "Aquí hai un posíbel solapamento dos obxectivos", sinala o informe de María García Añón. En efecto, no tomo 1, punto 2º do ante-proxecto cítase, dunha forma máis concreta "a posíbel ubicación de aproveitamento hidroeléctrico do encoro", que iría a parar a mans dunha empresa privada, sen utilidade pública.

Pero esta non é a única eiva do ante-proxecto. O estudo de avaliación ambiental carece de ba-



A. IGLESIAS

se técnica e incumple os artigos 7 e 8 do Real Decreto 1131/88, en canto non se presentan alternativas diferentes ao proxecto. Tampouco se aportan datos técnicos acerca da ubicación de augas termais e a posibilidade de que o encoro poda repercutir nas bolsas das augas termais.

Consecuencias

"Por outra banda, na análise coste-beneficios hai que ver as consecuencias que traí para uns e para outros -di María García Añón-, no caso dos concellos de Cúntis, Caldas e Moraña, as consecuencias son permanentes e irreversíbeis, mentres que na zona beneficiada, o Salnés, as aventaxes van ser temporais e para un grupo de poboación alleo, isto é só nos veráns das épocas de seca, que é cando pode ser necesaria esta auga,

que sempre sería para cubrir as necesidades dos veraneantes".

O presidente da Mancomunidade do Salnés asegurou que esta institución está aberta a outras opcións sempre e cando non supoñan un custo adicional á comarca. A autora do estudo cre que os custos engadidos deben ser asumidos polos receptores dos servizos, non pola poboación da conca do Úmia.

María García Añón confirmou que o ante-proxecto presentado pola Xunta ten numerosos erros e mesmo recolle aspectos copiados doutros proxectos.

Malia as conclusións deste estudo, a autora sospeita que a Xunta vai ignoralo e nen sequer vai permitir que sirva para fomentar un debate social sobre o encoro. ♦




A cultura da paparota

A xestión administrativa destes días na Xunta céntrase na preparación de grandes comelladas. Todo o aparato informático, os faxes, os recursos humanos están volcados en buscar o mellor e máis grande local para que as ceas e comidas, dos que se van e dos que veñen, luzan as mellores galas e reflectan o poderío do homenaxeado. A secretaria do Gabinete, negocia a ementa: *pongan centollo que le gusta mucho a Don Mariano*. O asesor chama a unha xoiería: *si un rolex de oro, grabado con "José Manuel, tu no mandas, diriges"*.

A próxima convocatória é para Portomeñe. Os anos de servizo e desveos quedarán resumidos nunha placa; *aguantou todo o que lle botaron pero non tiña territorio*. Os seus incondicionais non están para máis luxos. Saben das horas baixas do *home do tupé* e e calquer movemento en falso pode supor o finiquito das súas carreiras e a inabilitación para continuar nos postos de confianza que ocupan. A despedida resolverase nun xantar no albergue de Triacastela, á beira da ruta Xacobeo. Camiño que sustentou o poder e a vanidade de Víctor durante anos, co dispéndio de cartos e medios daquel glorioso do 93, no que brillou con luz propia a estrela fugaz da sociedade anónima, criada a imaxe e semellanza dun político, que sempre respondeu á voz do amo sen máis aspiracións que promocionar a súa parroquia e a Feira do Viño de Chantada. Din que viron chorar o Pelegrín, en canto Cacharro enchía o papo por terse desfeito dun renegado da familia. Merecente da paparota é tamén Pérez Varela. A súa entrada xe conseleiro obriga a pór mesa e mantelo, para varios centos de xornalistas, instaladores de antenas e extras do supermartes. O estilo irónico e retranqueiro de Lois Celeiro, a sombra escrita de Portomeñe, deixa paso aos panfletos e ordenanzas elaborados polo aparato castrense do Capitán Xeneral dos exércitos da manipulación informativa.

A febre gastronómica tamén empeza a prodigarse entre as filas da oposición. Máis cutres e pintorescas. Vellos militantes, expulsados, autoexcluídos, ortodoxos, revisionistas, duros e brandos pican xuntos das racións de calamares acompañadas de críticos discursos dirixidos contra os do comedor do lado. Bó proveito e moito coidado cos excesos. ♦

NOVOS TEXTOS PARA O ENSINO NA E.S.O.



e tamén

DEBUXO

TÉCNICO DE COU e

INFORMÁTICA e

PNEUMÁTICA BÁSICA

para F.P.

DE APARICION IMEDIATA:

3º de Sociais 3º de Lingua e Literatura Galega


Ensinante, se queres coñecer estes materiais ou pedir máis información podes chamar aos teléfonos (981) 27 82 59 (de 10 a 13 horas) e (986) 43 38 30

A NOSA TERRA S-PG

CIDADES


Empresarios e un alcalde entre os que mercaron pisos en Santiago tendo outras casas

Expedientan a propietarios de viviendas de protección oficial por fraude



Viviendas de protección oficial no polígono das Fontiñas.

A. IGLESIAS



O futuro das especies, depende da súa protección.

Durante estes días poderás atopar nécora doutros países, pero non a mellor do mundo, que é a galega... Un patrimonio natural, que sen dúbida depende da súa protección.

Se queremos preservar esta riqueza, temos que tomar medidas, ¡agora!, respectando a súa veda e rexeitando o furtivismo.

nécora galega en veda

INTERMEDIA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA

UNIÓN EUROPEA
IFOP

♦ A. ESTÉVEZ

A adxudicación de vivendas de protección oficial no polígono de Fontiñas en Santiago foi obxecto de varias denuncias o pasado verán. Un dos viciños, Xesús Redondo, apresentou máis de vinte denuncias con nomes e apelidos de persoas que accederan a estes pisos de xeito fraudulento. Cinco anos despois da concesión, os pisos estaban sen habitar e, nalguns casos, alugados ilegalmente. O Instituto Galego de Vivenda e Solo atendeu ás denuncias e abre, agora, nove expedientes sancionadores.

As seiscentas vivendas construídas en Fontiñas foron promovidas pola consellería de Ordenación do Territorio a través do IGVS. A empresa de participación pública SGV (agora SEGIVSA) foi a encargada de construílas. As obrigacións que tiña sonas de seguir un rigoroso orde nas circunstancias económicas, familiares e ter en conta que os solicitantes levaran un tempo determinado vivindo en Santiago. Pero tamén é un criterio prioritario que sexa a primeira vivenda do solicitante. Xesús Redondo sinala que os constructores contratan a un vendedor, que traballa a comisión, e que vende os pisos sen cumprir os requisitos. Hai dous tipos de vivenda, as pequenas de seis millóns e medio de pesetas e, os máis grandes, de oito.

"O pasado verán denunciéi vinte-tres casos flagrantes de ilegalidade. O mesmo día que o fixen, houbo mudanza toda a noite. Os denunciados comezaron traer mobéis para os pisos que, anos despois de seren concedidos, estaban baleiros. Foi unha noite de moito movemento. Despois, comezaron as ameazas. Chamábanme por teléfono e me dician que me ían calzar de cemento e tirarme á ría porque saben que eu son da costa", conta Xesús Redondo. Para el, é moi importante que a propia Xunta expediente estes nove casos e está seguro da ilegalidade de todos os que denunciou. Entre os expedientados están María Luisa Tourón, muller do que fora presidente dos hosteleiros en Santiago, Xesús Asorey, e María Luisa Martínez, muller de Teodosio Martino, alcalde popular de Ordes, onde teñen unha casa. Esta última alegara no momento das denuncias que ía a Santiago unha vez por semana e quedaba a dormir no piso.

"O máis importante destes expedientes é que sentan un precedente ante a construción de sete mil vivendas en Compostela de promoción pública. Xa terán máis coidado á hora de adxudicalas porque hai moita xente que as necesita de verdade", di Xesús Redondo, que cando denunciou o fraude en Fontiñas, tamén fixera público que persoeros como o deseñador Adolfo Domínguez mercara un edificio enteiro para despois vendelo a particulares. ♦

Aprobada a urbanización de Samil

Cos votos a favor do PP, e en contra do PSOE e BNG, o pleno do Concello de Vigo do 3 de Xuño, aprobou o plano para urbanizar o entorno da praia de Samil e facer nela varios bloques de pisos de luxo. Máis as 28.000 asinaturas en contra presentadas, as denuncias de corrupción formuladas pola oposición e a disconformidade dos viciños, a equipa de goberno segue adiante cun proxecto que é o primeiro paso para mudar a estrutura urbana viguesa, cuxo litoral se mantivera relativamente intacto. ♦

Danos en Salcedo por fumigación da Autoestrada do Atlántico

A fumigación cun herbicida dos laterais da Autoestrada do Atlántico ao seu paso pola parroquia pontevedresa de Salcedo provocou numerosos danos nas leiras viciñas, quedando afectadas mesmo algunhas árbores. A Asociación de Viciños vai presentar unha denuncia diante do xulgado e considera perigoso que non haxa un maior control no uso dunhas substancias químicas altamente contaminantes. ♦

A marcha de Romai permite a volta de Xan Fernández ao PP ferrolán

A marcha de Romai a Madrid foi determinante para chegar a un pacto de goberno en Ferrol entre o PP e Independentes, cuxa lista encabezaba o ex conselleiro de Industria Xan Fernández. O acordo, ao que se chegou o Martes 4, non é unha novidade por canto o propio Fernández suxerira recentemente que conservaba boas relacións co seu partido, no que, dixo, nunca deixara de militar. En todo caso, o pacto consolida ao goberno popular do Ferrol e abre unha nova vía na loita polo poder provincial no PP, onde Romai está a retar ao propio Fraga desouindo as súas ordes de que renuncie á presidencia provincial. ♦

Inhabilitado o ex alcalde de Fisterra por prevaricación

A Audiencia da Coruña inhabilitou a seis anos e un día para o exercicio de cargo público ao ex alcalde de Fisterra, o popular Fernando Carrillo Ugarte. O ex alcalde subvencionou a varios empresarios para paliar o incremento fixado no Imposto de Actividades Económicas. A sentenza estima que o condenado sabía da ilegalidade desas subvencións e que o secretario do concello advertiulle que a modificación dos impostos non pode ter carácter retroactivo. ♦

Xa reduciu de máis o seu tamaño, mentres medraban a inglesa e a irlandesa

A frota galega será das máis prexudicadas no novo recorte pesqueiro

A Comisaría de Pesca da Comisión Europea, Enma Bonino, cumpriu as súas advertencias feitas na súa recente visita á Galiza e elaborou un Plano de Orientación Plurianual, o cuarto, que supón unha redución métrica do esforzo pesqueiro de un tercio. A perda de recursos pesqueiros é o argumento que emprega a Comisión para xustificar os severos recortes.

A porcentaxe de redución das capturas obscura entre un 30 e un 50 por cento, segundo as áreas e especies de que se trate e sempre dentro das augas comunitarias ou nas pesqueiras internacionais nas que participa Europa. Máis que os informes técnicos demostran que as zonas máis esquiladas foron nas que pescan británicos, irlandeses, holandeses, belgas suecos e polacos —nunca galegos—, as plataformas onde tradicionalmente pesca a nosa frota estarán entre as que padezan unha redución maior no esforzo pesqueiro.

Báltico e o Mar do Norte son as zonas cuxa biomasa é máis precaria, no primeiro a redución métrica será do 45% se se exceptúan as especies peláxicas, mentres que no Mar do Norte o recorte só será do 35% de media. Pola contra, no Golfo de Bizcaia, o Cantábrico, as plataformas ibérica e das Canarias, e a Nafo, xusto onde a nosa frota centra os seus traballos, a redución será do 40%.

A Comisaría Enma Bonino deseñou un plano de redución paulatina da frota que vai ir acompañada dunha política de xubilacións anticipadas. A resposta dos armadores galegos non se demorou e o presidente de Arpesco recordou que o Estado "xa fixo unha grande redución da frota nas augas comunitarias" e recla-



"O país que cumpre cos programas queda sen frota e ao que non cumpre non lle pasa nada", afirman os armadores. A. IGLESIAS

mou un recorte para aqueles países que incumpriron os programas de redución precedentes. O Estado español recortou o tamaño da súa frota en maior medida que as necesidades marcadas polos anteriores Planos de Orientación Plurianual, lembran os armadores, que chegaron a dicir que "polo de agora, o país que cumpre cos programas queda sen frota e ao que non cumpre non lle pasa nada".

Oposición dos armadores e do BNG

Máis o plano de redución da frota, a medida terá que ser aprobada polos Ministros de Pesca dos países membros da UE, de modo que o deputado BNG no Congreso, Guillermo Vázquez, pediu a comparecencia do Secretario Xeral de Pesca para dar información sobre os recortes das capturas, expor a postura que defenderá o Estado na próxima reunión do Consello de Ministros da UE e exixir do Secretario de Estado unha oposición tallante a que a redu-

ción afecte á Galiza. Guillermo Vázquez considera que a frota pesqueira galega xa se viu obrigada a axustar nos últimos anos o número das súas unidades dun xeito moi relevante. "Calquer recorte na política das capturas é un ataque o conxunto a economía do noso país", asegurou Vázquez, que tamén recordou que mentres Galiza reducía frota "de forma brutal", Inglaterra e Irlanda aumentaban a súa.

Cada Estado deberá presentar o seu propio Plano de Orientación Plurianual, de modo que o español, estiman armadores e BNG, non debería contemplar recortes e así condicionar o Plano comunitario.

Por último, a UE só dará audiencia aos sindicatos e armadores para consultarlos sobre a súa opinión sobre o Plano Plurianual, pero a súa postura non terá efectos reais. A Xunta, pola súa banda, quedará á marxe da negociación e será o Estado quen se abroge a representación da Galiza. ♦

TEMPO SINDICAL

EN DEFENSA DAS EMPRESAS PÚBLICAS

XESUS SEIXO

A chegada do PP ao goberno central está a ser aproveitada novamente polos representantes do poder económico para lanzar unha nova ofensiva no proceso de desmantelamento e privatización do sector público industrial e financeiro. Recentes declaracións de membros do Goberno Español, así como de representantes da CEOE, así o poñen de manifesto.

O sector público industrial é moi importante para a economía galega. Representa o 13% do PIB sectorial e o 10% do emprego, sendo unha peza fundamental no desenvolvemento económico de moitas comarcas do noso País, pola súa capacidade de dinamización e de xeración de tecido produtivo e de servizos entorno ao mesmo. As comarcas con presenza de empresas públicas afectadas por procesos de reconversión foron incapaces, a través da iniciativa privada, de absorber os postos de traballo perdidos naquelas e de paralizar o peche en cascada de empresas privadas que vivían ao amparo das empresas públicas, en definitiva, foron incapaces de paliar os graves custos económicos e sociais que a crise do sector público industrial xerou.

Ante este panorama resultan totalmente irresponsábeis as recentes declaracións do presidente da CEG, o señor Ramilo, afectado de diarrea neoliberal españo-

lista, apoiando a privatización inmediata das empresas públicas radicadas en Galiza que dan beneficios e o peche das que dan perdas. Demostra unha vez máis con estas declaracións, este estraño personaxe, a súa falta de sensibilidade social, a defensa de intereses económicos contrarios non só aos traballadores galegos, o cal sería entendíbel, senón aos da gran maioría da poboación galega, incluídos moitos empresarios.

O sector público industrial en Galiza xera beneficios. O que temos que esixir todos os galegos e que eses beneficios sexan investidos no noso País, na modernización dese sector, na creación de novas empresas que contribúan a pechar os ciclos produtivos desas empresas públicas, en definitiva, que actúen como elementos dinamizadores do sector industrial e da economía galega.

Desde a CIG, coñecedores da importancia extratéxica do sector público na nosa economía, imos opor-nos frontalmente, como sempre o fixemos, a calquera intento de desmantelamento ou de privatización do mesmo. Chegou a hora de lanzar novas mobilizacións en defensa do sector público. ♦

XESUS SEIXO FERNANDEZ é membro da Comisión Executiva da CIG

Recortes e reformas: proxectos e aplicacións

MANUEL CAO

Pasado xa algún tempo da toma de posesión do goberno de Aznar estamos diante das primeiras manifestacións da diferenza entre predicar e dar trigo. Non será fácil a tarefa de cumprir os criterios da converxencia. Os principais grupos políticos, económicos e sociais comparten o obxectivo da converxencia e o acceso ao euro máis, á hora da verdade, é difícil aplicar as medidas tendentes á redución do déficit público e ao control dos prezos, tendo tamén como prioridade a creación de emprego. Diversas medidas están en espera de ser aplicadas pero xa se empeza a acusar ao goberno de inactividade, medo ou excesiva prudencia.

Nalgún momento, o goberno Aznar haberá de encetar cambios en aspectos económicos que veñen sendo os máis importantes e conflictivos e ademais non admiten espera. Por exemplo, a Comisión Europea acaba de aprobar un documento no que se di: "Aparte do reforzamento da vixilancia multilateral, pediuse á Comisión que estúdie a posibilidade de vencellar certos pagos do orzamento comunitario á evolución dos tipos de cambio reais, e que estúdie a condicionalidade macroeconómica dos Fondos Estruturais". Estanse a detallar as penalizacións impostas aos países que queden fora da converxencia e que xa estaban presentes na formulación do propio Tratado de Maastricht. Trátase de aumentar os custos da non converxencia, vía supresión ou diminución das axudas comunitarias (FEDER, FEOGA, Fondo Social).

Os temas autonómicos do Acordo CIU-PP están insertos nunha unidade de criterios en materia europea. Por iso é CIU quen inquire e pon prazos para que se acometan as medidas de política económica que aparecen detalladas e explícitas no seu programa electoral, relativas ao cumprimento dos criterios de converxencia. A apelación a que se tomen medidas dunha vez revela que para a economía e a sociedade catalana o acceso ao euro é fundamental.



Jose Maria Aznar.

"Os retardos na aplicación das políticas económicas poden converterse en letais"

O goberno de Madrid atópase, así, con dous condicionantes clave que limitan a súa marxe de manobra: os prazos europeos e os prazos de Pujol que camiñan na mesma dirección. A pretensión do goberno central de dar satisfacción a todos os colectivos sociais e económicos é inviábel, dado que estamos diante de intereses contraditorios. É imposible satisfacer a todas as autonomías, aos empresarios de Cuevas ou aos de Fomento, aos sindicatos, ás empresas públicas, aos funcionarios, aos pensionistas, ao capital financeiro, etc., e, aínda que isto non é un drama, require unhas altas doses de responsabilidade, decisión e habilidade. Os retardos na aplicación das políticas económicas poden converterse en letais para a súa eficacia. Gobernar é decidir e priorizar.

Nesta altura de desenvolvemento económico e social xa non é posíbel dar golpes de leme e acometer medidas drásticas, pero si que é necesario dar pasos decididos e avanzar na dirección marcada polos resultados electorais. Facilitarase, así, a labora da oposición e a dinamización da sociedade civil. Certamente, habería que esperar á presentación dos Orzamentos do Estado para 1997 para comprobar o grao de aplicación das 50 medidas proxectadas en materia de política económica. Esperaremos e analizaremos. ♦



Mobilización dos traballadores de Santa Bárbara na Coruña.

Os discos duros que ían fabricar os traballadores de Santa Bárbara non pasan as probas de calidade

Os discos duros que a empresa Eurostor, radicada en Cadiz, tiña previsto producir non pasaron o control de calidade, despois de varios meses de probas. Esta empresa participa co 85% no accionariado de DDO, factoría que pretendía recolocar aos traballadores da fábrica de armas Santa Bárbara da Coruña.

Comprobouse que os discos cunha capacidade de 1,3 GB non cumpren os controis de ca-

lidade e tampouco acadan a capacidade de almacenamento para a que foran deseñados.

O fracaso de Eurostor ven a dar a razón aos traballadores coruñeses que en pasadas mobilizacións denunciaron reiteradamente a falta de garantías da empresa que pretendía absorvelos. A sección sindical da Confederación Intersindical Galega nesta factoría mantén a súa postura contraria a deixar Santa Bárbara,

cando non existe ningún proxecto alternativo claro.

O sócio tecnolóxico de Eurostor, a firma norteamericana Aura Memories, trata neste momento de deseñar algun outro produto que substitúa ao proxecto fracasado, co fin de paliar a grave situación económica na que se encontra a empresa.

A Xunta afirma que está a espera do estudo realizado por unha empresa londinense co fin de coñecer a fiabilidade dos proxectos de Eurostor. No entanto os traballadores ratificáronse na opinión de que o proxecto era "un engano". A CIG, nun comunicado feito público a pasada semana, indica que a Xunta non debe consentir que nunha zona industrialmente deprimida como é a bisbarra coruñesa, peche unha empresa pública como Santa Bárbara, co agrávio de que ademais o seu produto tradicional, o armamento lixeiro, pasará a ser fabricado en Asturias. ♦

ASEMBLEA XERAL DA CAIXA DE AFORROS DE GALICIA 1995

XESTIÓN EFICAZ SOLUCIÓNS COMPETITIVAS

Un continuo esforzo na xestión permítenos alcanzar un singular nivel de rentabilidade que se reflicte na optimización da nosa oferta de mercado.

EVOLUCIÓN PRINCIPAIS MAGNITUDES

CIFRAS BÁSICAS

[en millóns de pesetas]


| | |
|-----------------------------------|-----------|
| ACTIVO TOTAL | 1.325.514 |
| RECURSOS CLIENTES | 1.232.191 |
| RECURSOS PROPIOS (sen consolidar) | 96.647 |
| INVESTIMENTO CREDITICIO | 626.068 |
| MARXE DE INTERMEDIACIÓN | 47.939 |
| MARXE DE EXPLOTACIÓN | 23.924 |
| BENEFICIO ANTES DE IMPOSTOS | 20.223 |

Datos ao 15-05-96

| | 1994 | 1995 |
|-----------------------|---------|---------|
| OFICINAS | 560 | 508 |
| CAIXEIROS AUTOMÁTICOS | 402 | 362 |
| TARXETAS OPERATIVAS | 629.369 | 618.558 |


INVESTIMENTO CREDITICIO

[en millóns de pesetas]




RECURSOS CLIENTES

[en millóns de pesetas]



RECURSOS PROPIOS

[en millóns de pesetas]



San José obtivo beneficios de 1.918 millóns

Constructora San José obteu uns beneficios brutos en 1995 de 1918 millóns de pesetas, millorando nun 24% os do ano anterior. Unha vez deducidos 648 millóns para impostos, o resultado atribuíbel é de 1.270 millóns de pesetas, co que pode repartir 405,1 pesetas por acción, unha vez descontadas as reservas.

Os recursos xerados pola empresa medraron no exercicio pasado nun 40%, mentres que os gastos de estrutura tiveron só un incremento do 0,3%. Nestes resultados tivo bastante que ver o proceso de internacionalización da empresa, chegando a representar a actividade en Alemaña o 16,7% do total.

San José, incluiu no balanço do ano pasado unha previsión de 813 millóns de pesetas co cárrago aos resultados dos exercicios, que corresponde ao 50% do seu máximo risco na Constructora Huarte, na actualidade en suspensión de pagamento, da que aínda controla un 24,9% do capital.

Segundo a memoria do ano pasado, o risco real de Constructora San José vese reducido por un crédito fiscal de 875 millóns no caso de que perdesse o investimento na compañía navarra. Así, finalmente esta situaríase en 1.625 millóns. Se non recuperara o investimento, a compañía galega provisionaría os 812 millóns restantes con cárrago aos resultados deste ano. ♦

CAIXA GALICIA

Págase toda a vida e cámbiase de cada dous anos

Ford importa un modo americano de venda de coches

A casa de automóbeis Ford ven de aplicar no Estado un modelo norte-americano de venda de vehículos, que é subsidiario dunha crise de superprodución. O sistema multi opción pretende gañar aos clientes máis seguros para a marca mediante a posibilidade de adquirir un novo modelo cada dous anos *sen coste adicional*.

Ademais da entrada —un dez por cento do coste do automóbel—, Ford promete mensualidades mellores que as habituais para quen se acolla a este sistema, pero non permite facer máis de 40.000 quilómetros cada dous anos. En caso contrario, cando se produza o cambio de automóbel penaliza con sete pesetas por cada quilómetro que supere ese máximo de 40.000.

Pasados dous anos da adquisición do vehículo, os clientes teñen tres opcións, comprar outro coche mediante o mesmo sistema de financiamento, quedar co antigo e continuar a pagar o vehículo ou devolveo sen máis gastos, sempre e cando estexa en boas condicións de uso e non teña máis de 40.000 quilómetros.

Para quen decida cambiar de vehículo, a marca promete unha cantidade fixa polo vello —deter-

minada cando se adquiriu— e a posibilidade dunha venda venturosa que incrementa a cantidade fixada e que isto serva para reducir a entrada do novo coche, que é inevitábel. Os que queden co coche e non se acollan á fórmula de renovación, deberán pagar esa cantidade fixada cando se comprou o vehículo. Devolver o coche e non adquirir outro non é recomendado por Ford, xa que non se dá nada a cambio. De todos xeitos, calquera das tres fórmulas resulta, para o cliente, máis onerosas que recorrer á merca normal.

A revolucionaria fórmula que promete Ford —*pague toda a vida*— está importada dos Estados Unidos, onde a crise de superprodución da industria deste país hai anos que obrigou a moitas marcas a recorrer a este sistema de financiamento. Outras consecuencias da multi opción é a renovación constante do parque turismos e a anegación do mercado da segunda man.

No Estado a pretensión da Ford é asegurar parte do mercado nun sector moi seguro: consumidores que a penas fan uso do automóbel e que, porén, queren renovalo constantemente. ♦



NUNCA VAI MAL TEMPO

MARILAR ALEIXANDRE

Desde hai anos dei en manter unha desigual batalla en contra da crenza —non por errónea menos reiterada— de que en Galicia vai mal tempo.

Desigual, porque os exércitos ós que debo enfrontarme non só resultan ser máis numerosos, senón que contan con poderosos medios de comunicación para facer pasar esta enganosa presunción por verdade incontrovertible.

E declararei de entrada, para non confundir a ninguén, que cando afirmo —e propóñome demostrar máis adiante a solidez de tal afirmación— que en Galicia nunca vai mal tempo, non pretendo que se entenda por isto que en Galicia non chove, que non adoitam ter unha borrasca pendurada sobre as nosas cabezas, que non andamos máis polas baixas presións que polas altas, ou que non temos unha variedade de nubes, néboas, brétemas e neboeiros á nosa disposición. En absoluto: chover, no país, aínda chove.

O que discuto é esa identificación de “chover” con “mal tempo” que debe estar tan interiorizada que ata chegamos a ler en “A Nosa Terra” unha retesía sobre as prediccións meteorolóxicas acertadas ou non cando din que vai chover en Galicia unha fin de semana. ¡É que, se chove?

Chover ou non chover, brétemas e néboas, altas ou baixas presións, son fenómenos que teñen definicións abondo precisas e sobre os que non cabe moita porfía; non adoitamos sospeitar manipulacións cando lemos á fin do ano estatísticas sobre a cantidade de litros por metro cuadrado que caeron en tal ou cal cidade galega. Polo contrario as calificacións de “bo tempo” ou “mal tempo” son subxectivas —como, por outra banda as de “malas herbas” ou “malas compañías”— e os criterios polos que se adxetiva un tempo como malo son esvaradizos, sesgados e na maior parte dos casos non explícitos.

¿Para que é malo que chova? ¿Para o campo e as colleitas? ¿para o fortalecemento de auga das vilas e cidades? ¿para os incendios? Algunhas persoas consideramos que aquí vai moi bo tempo no verán cando nós nos movemos polos vintetantos graos, e polo mundo adiante pasan dos trinta e dos trinta e cinco. Pensamos que vai un tempo excelente cando chove e gracias a iso non temos problema co subministro de auga (de como usamos a auga sería cou-

sa de falar noutra ocasión) mentres hai sitios en que a seca obriga a duras restriccións. Admitimos que se pode dicir que o tempo é húmido, que ás veces vai algo de fresco, que é chuvioso ou borrascoso, ou mesmo que é inestable. Pero que vai mal tempo, iso non.

Xa sei que o que propoño é máis que un simple cambio de adxectivo: trátase no fondo dunha reconceptualización do discurso sobre un dos elementos máis patentes do noso entorno, sobre un dos temas máis habituais de conversa.

Trátase —como en tantas outras cousas— de inventar (no vou dicir recuperar, porque creo que nunca o houbo) o orgullo do noso clima. E conste que non teño intención de contraponer a este bo tempo noso ningún outro como exemplo de mal tempo; é que ademais da chuvia a min tamén me gusta o sol. Probe, probe, lectora ou lector, a dicir ¡Aquí nunca vai mal tempo! Verá como despois de repetilo tres ou catro veces acaba comprendendo que é unha afirmación totalmente razoable. ♦



Cen días nunha caravana por unha readmisión digna

O Mércores 5 de Xuño, Manuel Álvarez cumpríu cen días nunha caravana aparcada diante da empresa Eje Atlántico, concesionaria da Mercedes, na estrada de Vigo a Baiona. Reclama a súa readmisión e está disposto a manter a protesta o tempo que sexa necesario. O seu calvario comezou no ano 1993 cando a anterior concesionaria de Mercedes Automóviles Gran Via entrou en crise e os propietarios impuñan unha regulación de persoal. El era chapista, con trece anos de contrato fixo, e delegado sindical da CIG.

“Chegaba o Nadal e levabamos tres meses sen cobrar. Incluso chegamos a propoñer a venda de dúas recambios para cobrar algo de cartos. Daquela, dous xefes de vendas deixaron a empresa de xeito voluntario, o cal nos extrañou a todos. Durante semanas, os dous chamábanme para que non aceptáramos a regulación de persoal. Eu preguntáballe que lles ía a eles neste asunto xa que non pertencían á empresa. Dicianme que eu era un defensor dos traballadores e que acadaría que non se regulara o persoal. Loitei polo que me parecía xusto e non aceptamos a regulación. Despois de que Maxistatura de Traballo tampouco a aceptara, veu a rescisión de contratos dos empregados e fu-

mos ao paro”, conta Manuel.

Estas dúas persoas que deixaron a empresa son, agora, na nova concesionaria de Mercedes na provincia, Eje Atlántico, xefes de vendas en Vigo e Pontevedra respectivamente. Manuel Álvarez está seguro de saber porque tiñan fixación en que non regularan ao persoal. “Se o facían, a Mercedes de Madrid non lle daría a concesión a Eje Atlántico, porque unha das condicións era absorber ao total de empregados da anterior empresa. Un deles, Eduardo de la Riera, xefe de vendas agora, enganoume. Prometeunos a recolocación nas mesmas condicións que tiñamos. Teríamos un contrato dun ano para acadar subvencións e, despois, pasaríamos a fixos. Non foi así. A min negáronme o posto durante meses. Cando os presionei porque se me remataba o paro, ofrecéronme tres meses de contrato con cen mil pesetas ao mes. Non puiden tragar con iso despois de que toda a negociación que fixemos os delegados servira para que lle deran a concesión a eles”, di.



Manuel Álvarez.

Eje Atlántico ten varios accionistas: o funcionario do concello Abelardo Pardo, relacionado coa especulación urbanística, o que fora presidente da FEGAEX, Avelino Fernández e Xosé Loureiro, dono dunha céntrica gasolinera en Vigo. O alcalde Manuel Pérez negoulle ao ex traballador o uso da megafonía na súa caravana. Ademais, Manuel Álvarez recibiu ameazas contra a súa familia, ten dous fillos, nada máis colocar a caravana diante de Eje Atlántico. Actualmente só cobra 48.000 pesetas de axuda familiar. ♦

O 17 de Xuño, xuízo contra os policías do crime de Nigrán

O 17 de Xuño, na Audiencia de Pontevedra, son xulgados os policías Manuel Lorenzo e Xesus Vela, acusados de ser os autores do cuádruple crime de Nigrán, sucedido o 31 de Xaneiro de 1994 cando tres membros da mesma familia e unha empregada foron asasinados nun acto que foi relacionado cunha extorsión. ♦

Obxectores turcos e insumisos galegos destino da recadación pola obxección fiscal


Na campaña para a obxección fiscal do exercicio de 1995, a Asemblea Galega para a Obxección Fiscal elixiu dous destinos alternativos. Quen queira descontar da súa declaración a parte correspondente aos gastos militares pode enviar os cartos ao movemento de obxección de consciencia de Turquía, que está organizado desde 1992, ou aos insumisos galegos que están na cadea. Quen así o decida ten que ingresar os cartos nunha conta aberta a nome de Sara Corredoira, en Caixa Galicia, Oficina 101, urbana 5 de Lugo, número 507644. ♦

Nunca máis, acto no 20º aniversario da ditadura argentina

Galiza lembra aos desaparecidos da ditadura argentina con diferentes actos, aproveitando, ademais, a presenza de representantes dos movementos sociais do país americano. O Xoves 6 de Xuño no Centro Cultural Caixaviago celébrase *Nunca máis*. Acto pola memoria, no que participan Claudio Niro, da Asociación de Detidos e Desaparecidos Argentinos e Andrea Benites Dumont, representante das Nais de Praza de Maio, da que se cumpre o 19º aniversario da súa fundación. ♦

Praga de lamprea nos Grandes Lagos

Nos Grandes Lagos de Norte-América a lamprea, que entrou nesta zona hai vinte anos através do estreito de San Lorenzo, reproduce con grande vivacidade. Os estragos son cuantiosos e xa non quedan troitas. As autoridades viron a posibilidade de envenenalas e erradicalas, pero na Universidade de Minnesota descubríron que eran un manxar en Portugal e están a ver de exportalas, o único problema é que teñen que envialas vivas porque se comen á bordelesa (no seu propio sangue). Eles falan de vendas a 1.500 pesetas o quilo. ♦



Aznar e Matutes, dúas opinións encontradas sobre Cuba.



Abel Matutes disentiu de Aznar ás poucas horas de que este se entrevistase con Al Gore

Contradiccións do PP na política sobre Cuba

MANUEL SEOANE

Aznar, xa afeito a desautorizar a Manuel Fraga, ampara a liña dura anti-Castro promovida pola nova maioría republicana no Congreso estadounidense. O presidente do Goberno español anunciou a retirada da axuda oficial a Cuba nunha rolda de prensa que ofreceu en presenza do vicepresidente norteamericano Al Gore. PSOE, Izquierda Unida e BNG ven a Aznar hipotecado polas presións de Washington. Aznar viuse ademais desmentido, poucas horas despois, polo seu ministro de Exteriores, Abel Matutes.

A nova maioría conservadora decidiu suprimir a axuda oficial ao Goberno de Fidel Castro. O recorte non obedece a factores económicos (as subvencións apenas sobardaron os 1.500 millóns de pesetas en 1995), mais si a cuestión de orde política. Aznar quer afortalar a súa alianza con Estados Unidos. E para iso está disposto a consumir de facto o ingreso do Estado español na estrutura militar integrada da OTAN (co plácet entusiasta do seu secretario xeral, o socialista Javier Solana) e a modificar tamén a tradicional política de Madrid de apoio testemuñal a Cuba.

Promovida pola maioría republicana no Congreso e no Senado de Washington, a lei Helms-Burton pretende sancionar a aquelas empresas ou Estados que comercien coas propiedades incautadas a cubanos exiliados e hoxe cidadáns dos Estados Unidos pola Revolución Cubana.

Nunha primeira instancia, Bill Clinton deixou ver a posibilidade de vetar a lei. Pero as eleccións á Presidencia achéganse e a perspectiva de entregar o voto da colónia cubana -moi influente no Estado de Florida- ao republicano Bob Dole fixo mudar de opinión á equipa de asesores do líder do Partido Demócrata. Clinton enmarca agora a lei Helms-Burton na súa estratexia de acoso do Goberno da Habana e desbarata de vez a liña de achegamento a Castro apadriñada polos sectores máis progresistas do seu partido, editorialistas do *The New York Time* incluídos.

Primeiras contradicións

As primeiras contradicións no discurso do PP xurdiron axiña. Poucas horas após da aterraxe de Gore en Madrid, o ministro de Asuntos Exteriores do goberno español, Abel Matutes, saía á cena para anunciar o rexeita-

mento español á Lei Helms-Burton por considerala "intrinsecamente má e unha violación do dereito internacional". Matutes afirmaba tamén que o Estado español mantería os programas de axuda humanitaria á illa. De retorno das súas vacacións por Latinoamérica, Felipe González non perdeu a oportunidade de aproveitar este flanco vulnerable na política exterior do PP. "Dá a sensación de que o novo Goberno ten unha grande dependencia dos intereses de Washington", dixo.

As viraxes do PP no seu discurso sobre a cuestión cubana teñen unha orixe nidiamente económica. Aznar móvese entre a súa fidelidade a Clinton e as presións que recibe dos empresarios españois con intereses na illa. O volume de negocio entre os dous Estados non é desbotábel. As exportacións españolas a Cuba ascenden a 40.000 millóns de pesetas e os investimentos no país caribeño sobordan xa os 10.000 millóns. Perto de 500 empresas españolas manteñen relacións dun ou doutro xeito co Goberno de Fidel Castro. "Non podemos perder de vista os nosos intereses na zona", aseguran fontes do grupo parlamentario popular. "Aznar estase a ver obriga-

do a facer equilíbrios entre a súa devoción aos Estados Unidos e as súas conexións cos sectores do empresariado español que decidiron apostar por Cuba", engaden.

O debate no Congreso dos Deputados das proposicións non de lei apresentadas polo PSOE e por Izquierda unida contra a ampliación do embargo norteamericano e contra a aplicación da Lei Helms-Burton, respectivamente, permitiu por vez primeira na lexislatura a converxencia entre os grupos parlamentares á esquerda do PP, incluídos os nacionalistas do BNG.

O deputado galego Francisco Rodríguez ve "contraditorio" que o PP se reformule as relacións exteriores con La Habana e, en troca, "non poña en cuarentena as relacións con Marruecos, por exemplo, con Guatemala, con México, con Ecuador, con Perú, con Venezuela e así sucesivamente". E engadiu: "É moi má política andar facendo de posición papista a respecto dos problemas dos demais". O voceiro do BNG opina que "os problemas que enfrenta a sociedade cubana" só se poden arranxar pola vía do diálogo "sen inxerencias e cun escrupuloso respecto pola soberanía nacional".

Investiu nela 14000 millóns e vendeulla a Mas Canosa por 4900

O goberno entregou Sintel á extrema dereita de Miami

Son os traballadores de *Sintel* os únicos que piden responsabilidades polo que consideran "máis un agasallo que unha venda" do goberno central ao empresario *miameño* Mas Canosa. *Sintel*, participada por Telefónica, ten carga de traballo xa acordada até 1999.

O goberno socialista gastara recentemente 14.000 millóns de pesetas en poñer en condicións de viabilidade esta empresa integrada no sector das telecomunicacións, vendéndolla pouco despois a *Mas Tec Inc*, da que é propietario o líder anti-castrista Mas Canosa, por 4900 millóns e previa redución de 1300 postos de traballo.

Os empregados denunciaron as condicións oscurantistas nas que se realizou a operación de venda. Un comunicado do comité de empresa lembra que o PP mantivo no seu día silencio sobre a operación, péis a ter protestado por casos de envergadura menor, ao tempo que recordan a amizade entre o comprador e José María Aznar.

Sintel deu beneficios a maior parte dos anos, desde a súa fundación en 1975. Actualmente conta con instalacións en diversos puntos do Estado. En Galiza dá traballo a 250 persoas, trinta das cales están na Coruña e o resto nos centros de Ferrol,

Santiago, Pontevedra, Lugo e Vigo. O Grupo conta ademais con filiais en Argentina, Perú, Chile e Venezuela.

Unha venda moi favorábel

Mas Tec Inc, nova propietaria de *Sintel*, factura anualmente 20000 millóns de pesetas, bastante menos da metade do que a propia *Sintel* que facturou 48700 millóns en 1995. O orzamento de 1996 para esta última empresa preve uns beneficios de 1.500 millóns.

As condicións de compra da familia Canosa son ademais moi favorábeis. Abonará os 4.900 millóns en varios prazos, o últi-

mo dos cales data o 31 de Decembro de 1998, garantíndose ademais 75000 millóns de carteira de traballo para os anos 96, 97 e 98.

Mas Canosa pretende ademais que os traballadores aceiten unha conxelación salarial por tres anos. Fontes sindicais intentan negociar un convenio para 1996, ao que se negou até agora o novo empresario. Empregados de todos os centros de Galiza veñen concentrándose regularmente por este motivo todos os Xoves na Coruña, ante a Delegación do Goberno central. O próximo día 20 realizarase unha concentración de protesta en Madrid.

Os 200.000 millóns eliminanse das infraestruturas

É o Ministerio de Fomento o máis perxudicado polo xa anunciado recorte orzamentario de 200.000 millóns, que se concretou o Luns 3. Desglosando as diferentes carteiras, correspóndelle a Fomento o 40% do recorte global, o que se traduce en menos inversión pública en infraestruturas. O goberno galego xa afirmou hai semanas que este axuste non ía a afectar ao remate da construción das autovías aínda que para o gabinete de Aznar aínda non están claras as prioridades. Redúcese o orzamento noutros departamentos como Cultura e Asuntos Sociais.

Acampada diante de Canal 9 por unha televisión en valenciano

A televisión autonómica de València non chega a ter nen a metade da súa programación en lingua valenciana polo que diferentes colectivos e entidades teñen efectuado queixas, entre elas concellos, sindicatos, universidades e o Consell Valencià de Cultura, segundo informa ADAI. Unha acampada reivindicativa do 31 de Maio ao 2 de Xuño diante das instalacións de Canal 9, convocada polo Bloc del Progrés, foi o remate dunha semana chea de actos informativos e mesas redondas. O Bloc reclama unha TV pública onde o valenciano chegue ao 100% da programación porque consideran que xa hai cinco canles en castelano.



Javier Solana, Secretario Xeral da OTAN

EEUU apadriña unha OTAN europea na que España se integra totalmente

O Estado español integrárase na nova OTAN, recoñeceu o novo ministro de Asuntos Exteriores, Abel Matutes, que asegurou que a integración farase dacordo coa Constitución e as leis. Con respecto ao referendun de 1986, Matutes foi ambiguo. A nova OTAN europea non é máis que incrementar a autonomía dos países europeos do Tratado do Atlántico Norte e incorporar á estrutura de defensa a Franza, fundamentalmente, e, accesoriamente, ao Estado español.

A IDEOLOXIA DOS BANCOS CENTRAIS

X. F. PEREZ OIA

Durante o final dos anos 60 e comenzo da década dos setenta discutiuse con non pouco acaloramento e intensidade o que naquel entóns deu en chamarse tese da converxencia. Segundo esta tese, que hoxe nos parecía demasiado simplista, o acercamento en produtividade, niveis de benestar e culturais, crecente peso dos mecanismos meritocráticos de ascenso social, etc. conduciría a curto ou longo prazo a unha similitude nas estruturas sociais dos países do bloco socialista e a dos países avanzados capitalistas. Este proceso daría como resultado un acercamento das estruturas do poder político, a unha maior interdependencia comercial e como resultado do anterior a unha gradual desaparición das tensións xeopolíticas e militares da guerra fría.

Naqueles tempos aínda rexían no Oeste as políticas económicas Keinesianas de "fine tuning", Galbraith convencíanos de que as grandes empresas, xa multinacionais, conseguirían estabilizar a produción e a demanda a meio dos seus mecanismos oligopolistas de tácitos acordos e manipulación do mercado mentras que o fracaso da planificación burocrático-centralista ao tratar de pasar dunha fase de acumulación intensiva a unha tecnolóxico-intensiva non se tería feito aínda flagrante.

Bastará que reflexionemos só un intre para ver que diferente é daquelas expectativas o mundo no que hoxe vivimos: triunfo das políticas económicas do neoliberalismo integrista Reagan Thatcher nos países occidentais, fundimento catastrófico do "socialismo real" que deu paso a un capitalismo selvaxe e mafioso, crecentes desigualdades de riqueza entre nacións e grupos sociais dentro de cada nación, inquietantes niveis de paro, deterioro do meio, etc. O capitalismo triunfante, o capitalismo terminal (na súa acepción médica) que non tardío, é un capitalismo triste, escasamente dinámico, e sobre todo inxusto. O

seu reino que é, por desgracia, o do noso mundo recibiu diferentes calificacións Edward Luttwak chámalo "turbo capitalismo" (*London Review of Books* do 2-11-1995) e considéranlo gravemente enfermo polas políticas económicas do "central-banquismo" (mesma fonte do 9-5-1996), Simon Head fálanos da "nova economía despiadada" (*New York Review of Books* do 29-2-1996), Felix Rohatyn prevennos sobre os riscos que ao sistema fan correr as flutuacións dunha finanza global desbocada (*New York Review of Books* do 14-7-1994) e nada menos que Alan Greenspan crese na obriga de advertir ao congreso dos Estados Unidos de que "a crecente desigualdade podería resultar unha ameaza para a nosa sociedade". As chamadas de atención á crise actual poderían multiplicarse sen fin, pero terminemos cunha particularmente significativa por vir do prestixioso senador dos Estados Unidos Bill Bradley. No seu libro de memorias "Time Present Times Past" atopamos aseveracións como estas: "O soño americano esta murcho"; as clases medias están sufrindo os nefastos efectos do que Shumpeter chamaba "galernas de destrución criadora" que se traduciu en que un millón e medio de empregados directivos meos perderon os seus traballos entre 1991 e 1995, isto sucede porque "esta clase media e flebe e os xefes fortes". E finalmente: "Unha sociedade que despide a un obreiro despois de traballar 20 anos como se fose unha peza de maquinaria usada fai que este sinta que é tratado como tal. Unha sociedade que permite

que a súa economía de lugar a este sentimento de resentimento é un lugar triste".

Os nosos economistas central-banquistas naturalmente desprezan este tipo de observacións que consideran axenas á súa ciencia, pouco máis que benintencionadas prédicas de moralina. Isto non lles impide avogar por unha flexibilización do mercado do traballo de tipo estadounidense que nos permitiría, segundo eles, reducir os niveis de paro. Sobre isto volveremos algun día pero hoxe quixeramos recordar que estamos asistindo a emerxencia dun novo debate sobre a eficacia económica e viabilidade social e política dos diferentes modelos ou subespecies do capitalismo actual, modelos do que se dou en chamar a "tríada", a saber: Estados Unidos, Alemaña e Xapón.

Aínda a risco de equivocarnos tanto como no pasado o fixeron mentes máis preclaras do que esto escribe plantexáremonos a cuestión hoxe

básica de tratar de elucidar se estos tres modelos entraron nunha fase de converxencia, que baixo a presión da mundialización, os levava a parecerse máis e máis na súa "modus operandi", ou se pola contra poderán manter certos riscos idiosincráticos que farán que afronten os desafíos do noso mundo baixo valores, institucións e mecanismos diferentes. A isto dedicaremos o noso seguinte artigo. ♦

XOSÉ FERNANDO PÉREZ OIA é economista, ex-xefe da Sección dos países do Sul da Europa na Comisión Económica para Europa (CEPE) da ONU.

‘Alan Greenspan crese na obriga de advertir ao congreso dos Estados Unidos de que “a crecente desigualdade podería resultar unha ameaza”

Ascenso da esquerda na República Checa

A esquerda obtem outro notábel ascenso nun país do Leste, por riba das previsións dos inquiridos eleitorais. O partido socialdemócrata pasará de 16 a 60 escanos, co 27% dos votos e queda a só un 3% de sufraxios do partido governamental.

Con este resultado o primeiro ministro conservador, Václav Klaus, terá problemas para formar o novo goberno. Aínda que conta co posíbel apoio de dous pequenos partidos de



Milos Zeman, líder social-demócrata.

centro-dereita, a mensaxe do eleitorado a prol dunha maior política social e en contra das privatizacións salvaxes está clara. As empresas checas non acabaron en mans

dun accionariado popular como se pretendía coa venda das empresas estatais, senón en mans dos especuladores financeiros, sobre todo extranxeiros. ♦

A globalización pode dividir Itália

A globalización dos mercados pode traer consigo, para sorpresa dalgúns, a división de Itália. Segundo Umberto Bossi, líder da forza que reclama a secesión da Padania, no norte do actual estado, "a dúas realidades económicas deben corresponder, necesariamente, dúas moedas e dous tipos de institucións. É inevitabel".

A unidade de Itália, aínda que historicamente recente, foi resaltada polo xefe do Estado Luigi Scalfaro quen proclamou que Itália "é unha e indivisibel". O novo primeiro ministro, Romano Prodi ofertou, pola súa parte, o federalismo como alternativa á vella república gobernada implícitamente pola máfia. ♦

Kohl defende a "estabilidade" da ditadura marroquí

O presidente xermano Helmut Kohl defendeu, durante a súa recente visita a Marrocos, a "estabilidade" do réxime que encabeza Hassan II. Kohl sinalou que os problemas do norte de África non competen só aos países do sul, en referencia a Francia, España e Itália, senón de todos os europeos.

O líder conservador calificou ao Sahara de "territorio ocupado", pero manifestou que Alemaña manterá neste tema unha postura de "neutralidade" e que defenderá unha política de "equilibrio" entre o Polisario e o goberno de Rabat. ♦

15 de Xuño

Homenaxe a Francisco Carballo

Ás 19,30 horas
no Centro Cultural Caixavigo,
Acto Académico.
"Nacionalismo e Historia"

Ás 21,30 horas
Cea no restaurante "El Castillo"
Prezo: 3.000 pesetas.

Reservas
até o 12 de Xuño:
Telf: 986 - 43 38 30
(Lola Fernández)





Acetria de Elbasan, mostra do esforzo industrial nun país de tradición agrícola e gandeira.

HANS MADEJ

División entre os observadores occidentais destacados nos comicios

A UE admite, con reservas, o fraude eleitoral albanés

◆ B.C.

A Unión Europea non sancionará ao goberno do home forte albanés Sali Berisha, péis ao fraude eleitoral do pasado 26 de Maio e ás graves irregularidades, incluídas detencións, xuízos sumarísimos e prohibición da propaganda opositora, que asolan o país desde hai meses. O goberno de Bruxelas limitouse a solicitar a repetición dos comicios en 10 distritos.

Berisha, foi o encargado de evitar que os ex-comunistas, hoxe socialistas, voltasen ao poder como en todo o resto de países do Leste, non sendo a República checa. O fraude eleitoral, xestado nos últimos meses con detencións ilegais dos líderes opositores, retirada de propaganda, censura dos medios de comunicación e fusilamento de varias persoas, acusadas de colaborar co réxime anterior, non puido ser silenciado debido a decisión dos partidos da oposición de se retirar do proceso eleitoral o mesmo día no que se celebraban os comicios. A denuncia do fraude foi realizada ante numerosos correspondentes extranxeiros, varios dos cales acabaron sendo salvaxemente golpeados por membros da policía de paisano.

A economía da nación máis pobre de Europa encóntrase paralizada e a situación social agravouse unha vez retiradas ventaxas sociais, como a vivenda gratuita, que tiña establecidas o réxime anterior. Os maiores ingresos proveñen dos envíos de cartos dos emigrantes.

As dimensións do fraude

Os observadores da Organización para a Seguridade e Cooperación en Europa (OSCE), sinalaron que a Xunta Eleitoral central e os seus representantes en cada coléxio foron designados a dedo polo Partido Democrático de Albánia, no poder desde 1992.

Un interventor do Partido Socialista recibiu unha malleira da policía ás portas dun coléxio eleitoral e o Partido Demócrata-Cris-

tián albanés, anterior aliado de Berisha, denunciou que un dos seus militantes fora acoitelado durante a votación. A presenza de individuos armados e persoas sen identificar foi constante en torno ás mesas eleitorais.

En varias mesas o número de votos depositados nas urnas superou ao das sinaturas no rexistro de votos.

A OSCE tamén califica de irregular a lingoaxe utilizada polo presidente Berisha durante a campaña eleitoral, acusando aos candidatos socialistas de "estalinistas cubertos con peles de demócratas", alertando sobre os perigos da "volta dos roxos" e das súas funestas consecuencias para as relacións de Albánia co resto de Europa.

Péis a todas estas acusacións, Berisha e os restantes líderes do Partido Democrático non dubidaron en proclamar-se vencedores, co 60% dos votos, segundo os datos oficiais, e en felicitar-se pola limpeza do proceso eleitoral.

As reaccións condescendentes do presidente albanés trocáronse axiña en brutalidade e contundencia no momento de reprimir a manifestación convocada por toda a oposición contra o fraude eleitoral. Os líderes opositores, socialistas, conservadores, liberais, cristiáns foron apaleados e detidos.

A situación é de tal tensión que o líder da conservadora Alianza Democrática e ex-aliado de Berisha, Gramosz Pashko asegura que se vive un clima de pre-guerra civil e que nos días seguintes á xornada

eleitoral tivo que facer reiterados chamamentos aos seus partidarios para que non sacasen as escopetas de caza e caesen na provocación do goberno.

División entre nórdicos e estadounidenses

A OSCE manifesta a súa preocupación ante esta situación. Nun comunicado, o presidente de turno deste organismo, o ministro suízo de Exteriores, Flavio Cotti, recomendou a repetición parcial dos comicios.

O posicionamento da OSCE non é sen embargo todo o claro que cabería esperar. Membros do organismo que pediron o anonimato aseguran que existe unha pugna interna entre os escandinavos da organización e os representantes suízos e estadounidenses, máis proclives estes a pasar por alto as irregularidades e dar por válidos os comicios.

De feito, os delegados noruegueses e británicos das equipas de observadores da OSCE emitiron un comunicado conxunto no que negan que as eleccións fosen democráticas e piden a súa total anulación.

A Internacional Socialista e o Partido dos Socialistas Europeos, así como o chanceler austríaco, denunciaron tamén as irregularidades do proceso e amosaron a súa preocupación polo clima de tensión que vive Albánia.

Con notábel retraso a Unión Europea pronunciouse na mesma liña que a OSCE pedindo a repetición dos comicios nalgúns distritos, pero dando por lícito o proceso, sen establecer nengunha sanción contra o país. A Comisión Europea ten previsto firmar con Albánia un acordo de cooperación, impulsado fundamentalmente por Italia, que debería asinar-se durante este mes de Xuño. ◆

PODERES MUNDIAIS. PROBLEMAS LOCAIS

◆ B.C.

O extremismo relixioso gaña as eleccións en Israel

A vitoria do líder do dereitista bloque LIKUD, Benjamin Netanyahu, nas eleccións israelís supón á volta ao poder das opcións máis ortodoxas do sionismo e máis belixerantes co mundo árabe. Non obstante, nada máis coñecer os resultados eleitorais, o futuro novo primeiro ministro comezou xa a modificar o seu discurso en relación ao proceso de paz. O pragmatismo económico e as presións de EEUU e a Unión Europea, non deixarán a Netanyahu incumplir os acordos cos palestinos, aínda que seguramente si tentará renegocialos, nen negar calquer vía de diálogo con Siria e o Líbano sobre os Altos do Golán e os territorios que o exército xudeu ocupa no sur libanés. De feito, Netanyahu telefonou xa ao presidente exipcio, Hosni Mubarak, e ao rei Hussein de Xordánia para tranquilizalos con respecto ao seu compromiso coa paz. Tamén o seu asesor en política exterior, Dore Gold, telefonou ao secretario Executivo da OLP, para comunicar-lle que o próximo goberno continuará as negociacións cos palestinos.

O cumprimento destas promesas depende máis da rixidez de Estados Unidos e das presións da Unión Europea (principal mercado dos produtos israelís) que da propia vontade xudea, e Netanyahu non semella disposto a comezar o seu mandato enfrontando-se aos seus aliados políticos e económicos.

A cámbio de manter o proceso de paz, o novo primeiro ministro terá que facer importantes concesións internas aos sectores máis dereitistas do Likud, e aos demais partidos relixiosos, cos que terá que contar para garantir ao seu goberno o apoio da maioría no Kneset (Parlamento). Deste xeito, aumentará o peso dos rabinos na toma de decisión políticas en Israel, onde xa a división Igrexa-Estado era cuestionabel. Os ortodoxos integristas de Shas, Mafdal e do partido do Xudaísmo da Biblia, opoñen-se a calquera reforma dos códigos penal ou civil que supoña afastar as regras sociais das ensinanzas e normas de conduta do Tora. Unha mostra da importancia que a relixión vai ter no próximo goberno e das concesións que Netanyahu está disposto a facer aos ortodoxos, deuna nada máis coñecer a súa vitoria. Tan pronto como finalizou o recuento dos votos e foi proclamado vencedor, Benjamin Netanyahu foi a rezar ante o muro das lamentacións. ◆

Londres elimina a condición previa da entrega de armas do IRA, tras o éxito eleitoral do Sinn Fein

O resultado das eleccións celebradas en Irlanda do Norte obrigará a Londres a aceptar a presenza do Sinn Fein nas negociacións sobre o futuro do Ulster que se iniciarán o vindeiro día 10.

Co 15,4% dos votos e 17 representantes, o Sinn Fein consolidase como a coarta forza entre os norirlandeses e como a segunda, con case o 40% dos votos, entre os católicos. Gerry Adams advertiu xa a Londres que, a vista dos resultados, calquer intento de negociar o futuro de Irlanda do Norte sen eles estaba abocado ao fracaso.

Londres, que esixía un cesamento do fogo do IRA e a entrega das armas para permitir a presenza do Sinn Fein na mesa negociadora, reconduciu a súa postura tras a celebración das eleccións. Insiste na necesidade de que o IRA entregue as armas, pero acepta que o anuncio da tregua se poida producir una vez iniciadas as negociacións.

O principal rescoldo está agora na postura dos unionistas. Tanto o Partido Unionista do Ulster de David Trimble, co 24% dos votos, como o Partido Unionista Democrático do extremista reverendo Ian Paisley, co 18,8%, negan-se a aceptar a presenza do Sinn Fein nas negociacións e ameazan con non acudir a cita do día dez se finalmente os gobernos de Londres e Dublín permiten que os nacionalistas de Gerry Adams participen no proceso. ◆

Explotación de nenos no Reino Unido

Máis de un millón de nenos de entre 11 e 15 anos traballan ilegalmente no Reino Unido antes ou despois de iren a escola. Un estudo sobre o traballo infantil realizado por investigadores da Universidade de Paisley revela que en Gran Bretaña hai dous millóns de nenos traballando, o 90% deles ilegalmente e por un salario medio inferior ás 200 pesetas á hora.

A lexislación británica só permite o traballo de menores de 16 anos en circunstancias especiais e coa autorización das autoridades educativas locais, o que unicamente ocorre no 10% dos casos. ◆

Nomean

governador civil de Pontevedra a *Chuni* (Alexandre Millán Mon), mozo de familia de moito pote. No local do PP apenas sabían del. O seu concuñado, Mariano Raxoi, tivo que ir buscalo ao Casino, onde pasa as tardes, as mañás e os mediodías, para poñelo ao día dos asuntos do cargo.

O ex-alcalde

Carlos Príncipe di: *Le voy hablar en castellano pá que se me entienda*. E o alcalde, Manuel Pérez responde: *"Y yo tamién, pá que tamién se mentienda"*. Non era unha afrenta ao idioma galego. Era que comezaba a emitir televisión española.

Marcial Lavedra,

conseller de Economía da Generalitat, informa no Parlamento catalán dos acordos económicos co PP. A reunión foi **secreta**, a porta pechada e con pacto de silencio.

Os que poñen a

caldo a cultura galega, porque vive dos aniversarios, da necrofilia e da homenaxe aos mortos, non se deberon decatar de que "Elvis Presley vive" nun santuario, a onde peregrinan os norteamericanos. Ali pousan as **velas**, entre anacos de carroceira de coche do ano cincuenta.

Ao director para Galiza de El Corte Ingles

Moi señor meu: Permitame dicirle que sei da absoluta e total inutilidade destas liñas. Sei no. Mais saiba vostede, que amais dunha lóxica sensación de impotencia, teño outra, coído que non menos lóxica, sensación de tristura.

Non o entendo. Dígollo de todo corazón. Sinceramente non o comprendo.

Cal pode ser a súa "xustificación"? Recoñezo por suposto que algo ten mudado na postura da súa empresa perante do noso idioma. Sei das actividades culturais desenvolvidas co gallo do "Día das Letras Galegas". Sei tamén da presenza do noso idioma nalgunha das súas publicacións periódicas (Semana Fantástica). Sei no e recoñezo o seu esforzo.

Mais prégole me permita reflexionar en voz alta e deixar no aire algunhas preguntas. Por qué a publicidade de *El Corte Ingles* na Televisión de Galicia, no Correo Galego, está sempre en castelán? Por qué os directórios nos seus centros comerciais só están en castelán? Por qué a megafonía xamais emprega o noso idioma? Por qué se chega a niveis tan absurdos como rotular nas súas librerías e tendas de discos: "Literatura gallega" ou "Música gallega"?

Por qué a meirande parte dos seus empregados non teñen a xentileza e a cortesía de atender en galego aos clientes que lles falamos en galego? Teñen cecais algunha directriz ao respecto? Por qué unha empresa do prestixio de *El Corte Ingles* vulnera a legalidade no uso dos nosos topónimos? Por qué Girona ou Lleida si, e A Coruña e Ourense non? Ten a cotización da peseta en Cataluña algunha diferéncia coa peseta galega?

E tanto máis difícil de comprender, se pensamos que todo isto ven dunha empresa modélica. Moderna, axil e competitiva. Empresa da que amais do seu desprécio polo noso idioma, non teño nengunha queixa. Todo o contrario. Mais todo isto non fai máis que medrar a miña perplexidade, o meu desconcerto. ♦

P.D.

Ánimo dende aquí a todos os que somos clientes, non só de *El Corte Ingles*, senon de calquera outra grande superficie a ser máis esixentes no que atinxe aos nosos dereitos lingüísticos. Coído eu que non nós tomamos a defensa do noso idioma en serio. ♦

MANUEL PEDRO GOMEZ VALADÉS GONZALEZ (VIGO)

Por qué a megafonía xamais emprega o noso idioma?



Máis alá do lavado de cara

Entre a cidadanía, a preocupación polo méio ambiente aumentou de forma considerábel. Esta inquietude coñecida polas empresas e administracións que están levando a cabo unhas políticas ambientais nefastas e unhas producións dañinas ao méio, fixo que elaborasen unha estratexia de lavado de imaxe. En vez de camiñar cara a un cambio dos sistemas de produción e de política ambiental, utilizan campañas publicitarias enganosas para facer crer aos cidadáns que se preocupan.

Pero esta estratexia non só consiste en publicidade confusa, tratase dunhas medidas de promoción perfectamente deseñadas: utilización inadecuada dos termos, chamarlle planta de reciclaxe de enerxía a unha incineradora; creación de organizacións con nomes ecoloxistas cuíos intereses son outros; formación de equipas de científicos e escritores pagados pola administración ou polas grandes empresas, para contrarrestar as informacións negativas; veto de estudos científicos que amosan a verdadeira realidade; denuncias ante os tribunais contra as accións ecoloxistas...

Estas medidas criadas polas grandes multinacionais estanse espallando por todo o Planeta.

En Galiza: as empacadoras de lixo son plantas de reciclaxe, o comité científico da Xunta rexeita ca incineración sexa perxudicial, un estudo sobre a choiva ácida en Galiza é vetado en Santiago pero agraciado con "cum laude" en Madrid, algúns alcaldes crian grupos ecoloxistas a súa medida, ecoloxistas son xulgados por unha protesta contra a incineración na Coruña...

No sul de Lugo, tampouco nos libramos destas maquinacións. Participando no plan de incine-

ración, unha empacadora de lixo pode instalarse no Polígono Industrial de Monforte. Mentras se promove a recollida de papel e cartón coa intención de facer crer que o Concello se preocupa polo méio ambiente. As marxes do río Cabe ao seu paso por Monforte serán recuperadas, nunha operación puramente estética que pasa por ser méio-ambiental. Mentres o río Cabe posúe unhas augas cunha calidade mínima e, desde hai tempo, sofre unha contaminación moi grave. Ate o alcalde máis despistado utiliza istas técnicas.

Pero, esta estratexia de lavado de imaxe chega a límites insospeitados, cando o alcalde de Quiroga crea un grupo de defensa da natureza. Cal será a próxima medida?

Compañeiros e compañeiras ecoloxistas pofede os DNI na boca. Imos á protesta! ♦

FERNANDO L. CERVIÑO (DA AGRUPACION ECOLOXISTA XEVALE MONFORTE)

"Pintar un boi despeleado volueuse importante. Como o foi noutras épocas, pero sempre de maneira diferente. (...) De repente converteuse en urxente, esencial: sangue e sacrificio... Pero isto funcionaria igual de ben cunha mazá ou unha cara. Hai que retirar as cousas, unha a unha, das mans posesivas de Berlusconi e recristalas, novas e auténticas".

Miquel Barceló

A Manuel O'Rivas

Escrevo-lhe com motivo da publicação do seu artigo "A tradición libertaria" nas *Luzes de Galiza*. Ante tal evento, tenho de lhe manifestar que me resulta realmente alentador ler uma defesa da história libertária deste país a uma pessoa de tanta relevância intelectual como você.

Nos nossos dias já não resulta surpreendente que se façam referências ao movimento libertário, sendo com frequência aproximações superficiais (comerciais) guiadas mais por um claro sentimentalismo estético-histórico do que por uma análise que pretenda apresentar uma séria reflexão sobre as possibilidades reais de organização social. Neste contexto aparecendo o seu artigo, o senhor compreenderá a minha enorme curiosidade por saber se o seu escrito responde a uma louvação verdadeira e sincera da tradição libertária ou se, contrariamente, constitui simplesmente uma postura "fin de siècle" ou um prurido romântico de nascido da moda e das necessidades temáticas próprias dos jornalistas. No primeiro caso, não deve zangar-se pela desconfiança expressa no segundo, nascida sem dúvida do desconhecimento da sua pessoa.

Quando não se cala a existência da ideologia anarquista é só para comentar remotos factos históricos

Resulta que, como na Galiza quando não se cala a existência da ideologia anarquista é só para comentar remotos factos históricos (da mesma forma que se fala dos celtas, mas sem valores implícitos de interesse identificador), resulta difícil reagir ante uma tão sensível recordação na primeira página de uma "Revista de liberdades, crítica e cultura". Mas compreenda a minha tristeza, senhor O'Rivas, quando fai a sua louvança com tom de elegia, pois você deve saber que ainda nem tem defunto sobre que versificar.

Neste sentido, embora moitas realidades como o ateneu corunhês *Resplendor en el abismo* tenham passado á História, outras como o *Ateneu Libertário Ricardo Melha* gozam no presente da mais viva actualidade. No citado Ateneu, temos, sim, fotos em sépia mas não criamos crisântemos ainda; e podemos dizer que através do nosso trabalho —mais completo dia após dia— essa tradição que o senhor qualifica de "unha das mellores" e de "grande contrapunto do fascismo" continua, embora humildemente, a florescer. Para comprová-lo (você ou qualquer pessoa) só tem que nos fazer uma visita na rua Atocha Baixa, 35, 1º (15001 A Coruña) ou enviar-nos uma carta. Prometemos responder a toda a gente interessada polos nossos objectivos e intervenções.


Reitero para finalizar, senhor

É necesario pór un horario de peche nos *pubs*?



Dolores Gómez
Ama de casa

A todos nos gusta saír de vez en cando, pero os horarios son necesarios, e as tres da madrugada podería ser unha hora razoábel para todos. Aínda así, se os locais estiveran insonorizados non molestarían a ninguén. Tamén habería que aprender un pouco de civismo e non facer ruido polas noites.



Alfonso Villaverde
Comerciante

Os rapaces non fan nada polas ruas até as tantas. Hai que marcar un horario de peche porque se non non hai quen durma. Os que temos que traballar desde a primeira hora da mañán merecemos un respecto. Para os estudantes sería mellor, porque veñen a Santiago a estudar e o único que fan é pasalo ben.



Alfonso Villaverde
Mazo de carga

Non creo que se deba marcar unha hora de peche para os locais: nen para as discotecas, nen para bares ou *pubs*. Se cada pódese poñer como tope as nove da mañán. Se estás traballando e es novo, o que máis che apetece ao rematar e ir tomar unha copa cos amigos. Con iso non se fai dano a ninguén.



Martínez Suárez
Ama de casa

É imprescindible pór unha hora de peche. Eu vivo nunha zona na que, por sorte, non teño que aturar ruidos polas noites, pero comprendo moi ben a aqueles que protestan porque non poden durmir. En Santiago, hai moita xente nova e se non se lle poñen límites de horario, estarían día e noite de troula.



Sra. María
Vendedora

Non había que abrir as discotecas. Cando eu era nova saíamos ás verbenas polo día e voltábamos a casa aínda sendo día, pero tíñase ben coidado que nese tempo non fixeramos nada malo. Agora é vergonzoso ver ás rapazas bebendo no médio da rua coas botellas na mán. Onde imos parar se non se pon unha hora de peche?♦

O'Rivas, o grande pracer que me causou a lectura do seu artigo, que entendo, certamente, pretende facer lembrar una parte importante da nosa historia relativamente ao século que está a rematar. Assim mesmo lhe rogo desculpe a paixón crítica quicá un bocado descortés que este texto lhe puder transmitir, em nenhum caso dirigida conscientemente a você mas sim a una situación social e política pouco reconfortante que, entendo, o seu artigo também pretende combater.♦

A.J.F.S.
(DO ATENEU LIBERTARIO
RICARDO MELHA DA
CORUNHA)

O reitorado vigués proibe o debate

A Mesa para a Eliminación da Prestación Sustitutória na Uni-

versidade de Vigo desexa facer público o seu rexeitamento da actitude represiva na que está a incurrir a Xeréncia da Universidade, concretada na retirada do Reitorado dos cartaces informativos para o debate antimilitarista que esta Mesa tenta promover, e tamén na negativa á solicitude de celebración dunha charla-colóquio referente ao conflito dos traballadores forestais no Paraninfo da Universidade, convocada polos sindicatos CC.OO., C.G.T., U.G.T., C.I.G., e U.S.O., polos grupos antimilitaristas M.O.C. e A.N.O.C., e polo Grupo de Traballadores do INFOGA Afectados e que ía contar coa presenza do advogado Xabier Maañón e do escritor X. L. Méndez Ferrín, entre outros, en canto este acto ía facer fincapé na fraude social que siñifica a Prestación Sustitutória.

Os motivos aducidos pola Xeréncia son que unha Administración Pública coma é a da

Universidade de Vigo, non debe contribuir ao debate das ideas antimilitaristas, identificando o debate aberto coa campaña de desobediencia civil de insubmisión, que é só unha das liñas do mesmo, e non a máis importante no conflito dos traballadores do INFOGA. Deste xeito a Xeréncia actúa coma xuíz e parte co único motivo verdadeiro de encubrir o fraude ás leis de Obxección de Concéncia que hoxe é demostrabel dadas as irregularidades que se teñen comprobado en canto á incorporación dos "Colaboradores Sociais" nos

proxectos concertados co Ministerio de Interior ao traveso da OPSOC, os cuales tampouco se están a cumprir conforme ao concertado na súa meirande parte.

A Mesa quer deixar claro que a campaña que está a levar a cabo só pretende contribuir ao debate social da Obxección de Concéncia

A Mesa quer deixar claro que a campaña que está a levar a cabo só pretende contribuir ao debate social da Obxección de Concéncia e da Prestación Sustitutória, nas súas implicacións sociais, sindicais e laborais. Até o de agora, na Escola de Maxisterio de Pontevedra e de Telecomunicacións de Vigo, o mesmo que nas Facultades de Económicas, Empresariais e Cénicas de Vigo, celebráronse charlas-debate sen ningún impedimento, antes ao contrario, coa completa colaboración dos responsables dos centros, delegacións de alumnos, persoal de Administración e Servicos (PAS), e alumnado en xeral.

A Mesa considera que a libre difusión de ideas e información,

Tamén homenaxean a James Dean que non era nen a metade de guapo que Eduardo Pondal.

Porque a Igrexa non retirou aínda das fachadas dos templos as inscricións en honor do extremista José António Primo de Rivera?

Fuentes Quintana foi investido doutor honoris causa pola Universidade de Santiago de Compostela. A ver se hai máis sorte que na vez anterior, cando os estudantes de Económicas aclamaron como **gurú** a Mário Conde!

Un xornal de Madrid escribe seis veces "El Peluoro" para se referir ao coléxio experimental de Caldelas de Tui: "O Pelouro". Nese periódico hai en nómina varios correctores para que non pase nengunha errata do inglés.

**OS CARUNCHOS
LEILIA
CHOUTEIRA
BERROGÜETTO**

Coa participación de Teatro da Esmorça.

ORGANIZA:



COLABORAN:
A NOSA TERRA

Concellería de Cultura
Concello de Cangas



ENTRADA GRATUITA

**1ª FESTA FOLK
de LIMENS**

22 de Xuño de 1996

HERBA E SON

Unha literatura sen obras completas

Manuel Ant3nio leva dezasete anos agardando que se publique a súa prosa

♦ XAN CARBALLA

Un repaso aos anaqueis das librarías e aos cat3logos editoriais permite constatar a ausencia de obras completas de moitos dos/as autores m3is representativos da nosa literatura. A maiores, o s3ntoma Manuel Ant3nio, para sobre algunhas das anunciadas, toda vez que o seu compilador, Domingo Garcia Sabell, ten practicamente secuestrado desde hai dezasete anos o tomo referido 3 prosa.

Ano tras ano a celebraci3n do Dia das Letras Galegas, ven servindo de trinque para mover as edici3ns e fomentar estudos e publicaci3ns sobre as figuras principais da nosa literatura. Pero a conmemoraci3n comezou en 1963, e durante os anos do franquismo non era o mellor momento para realizar ningunha caste de edici3n completa.

Nos anos de transici3n Akal Edici3ns publicou as obras de Cabanillas, Celso Emilio e Castelao, compiladas e anotadas por Xesus Alonso Montero, edici3ns que aínda se reimprimen apesar da regularizaci3n posterior dos dereitos de autor, e que os libros destes tres autores teñen grande venda en t3tulos soltos. Comprar os tomos de Aguilar Ediciones, por outra banda, era o 3nico xeito de poder adquirir e ler, por exemplo, as novelas de Rosalia de Castro, ou textos de Curros Enr3quez.

A sorte sen embargo 3 desigual. Unha ollada ao cadro adxunto, demostra 3s claras que ou non se ve o neg3cio ou se prefire manter unha tutela sobre as obras que imposibilitan a consulta.

O impos3bel Blanco Amor

Galaxia 3 quen ten no seu cat3logo o meirande invent3rio de obras completas ou escollidas, as m3is recentes son as de Vicente Risco (en distribuci3n), pero anteriormente ten prestado atenci3n a Cunqueiro, Otero, Blanco Amor, 3lvaro Cunqueiro ou Rafael Dieste, pero sempre, at3 agora, mantendo a salvedade de non editar obra en castel3.

Esta limitaci3n 3 a que segue a impedir que novelas como *La catedral y el ni3o* de Eduardo Blanco Amor siga nunha absurda cuarentena, impos3bel de atopar nen en librarías de vello nen na maioría das bibliotecas. Obra castel3 quem ademais daquela espl3ndida novelam debería incluír traballos como *Chile a la vista* e o percorrido pola súa vasta obra xornalística.

O mercado das obras completas sen embargo, non semella bocado gorentoso para as editoras galegas

Obras completas publicadas

Ant3n Losada Di3guez (Xerais)
Celso Emilio Ferreiro (Akal)
Rosalia de Castro (Aguilar)
Castelao (Akal)
Ram3n Cabanillas (Akal)
Manuel Curros Enr3quez (Aguilar)
Valentin Lamas Carvajal (La Regi3n)
Manuel Antonio (Galaxia)
Manuel Leiras Pulpeiro (Galaxia)

Obra completa s3 en galego

Eduardo Blanco Amor (Galaxia)
Euxenio Montes (Sotelo Blanco)
Rosalia de Castro (Xerais e Akal)
3lvaro Cunqueiro (Galaxia)
Luis Amado Carballo (Galaxia)
Curros Enr3quez (Edici3ns Castrelos)
Rafael Dieste (Galaxia)
Vicente Risco (Galaxia)



A obra de Manuel Ant3nio segue a agardar que Garcia Sabell deixe de retela e a entregue a algunha instituci3n para consulta p3blica

toda vez que autores como Otero Pedrayo, Eduardo Pondal, 3nxel Fole, Luis Seoane, Pimentel, e tantos outros non teñen recollida obra completa. A envergadura do esforzo nalgun caso pode xustificarse a demora na saída, pero o feito de que moitos autores de asequib3l edici3n non cont3n con ese traballo, amosa unha car3n-

cia, que algunha editorial podería verse estimulada a cubrir.

Actualmente o autor con mellor sorte semella Vicente Risco, que recoller3 en sete volumes toda a súa obra galega e castel3. A recopilaci3n foi realizada por encargo da Xunta de Galicia, que correu cos gastos da edici3n, reserv3n-

dose Gal3xia unha pequena tirada. At3 agora saíron seis tomos, ag3s o n3mero 5 —o adicado aos artigos de prensa— que segundo informa Carlos Casares, que planificou a obra, estar3 nas librarías antes de finais de ano. Segundo se anuncia no pr3logo do volume I destes artigos de prensa s3 se publicará unha escolma. ♦

Garcia Sabell secuestra a Manuel Antonio

No ano 1979 saían os tomos I e III da *Obra Completa* de Manuel Ant3nio. Pasados dezasete anos, a edici3n quedou, sen explicaci3n p3blica algunha, consagrada como *Obra Incompleta*. Ningu3n pode excusar a responsabilidade no secuestro de Domingo Garcia Sabell.

No *Caderno A Nosa Terra* adicado a Manuel Ant3nio (*Embarcados nun cantar*), de recente aparici3n, Ant3n Capel3n emitía un duro xuízo sobre a

atitude do ex-delegado do goberno e presidente da Real Acad3mia: "Garcia Sabell chega a adoptar a pose de moralista dominical, absolutamente insufrible, e establece desde o seu 3litismo reaccion3rio unha divisi3n entre aqueles que profesan un amor emotivo a Galicia e os que senten, sup3semos que coma el, un amor intelectual. (...) Na nosa modestia, aínda non demos averiguado moi ben en que tipo de amor c3mpre encadrar a súa renun-

cia a editar o volume II da obra de Manuel Antonio ou a negativa a que fil3logos competentes puidesen consultar o legado literario do poeta de Rianxo para faceren unha edici3n fiable de *De catro a catro* ou do resto da súa obra literaria. (...) Di moi pouco do seu «amor intelectual» 3 literatura galega e si moito do seu egotismo, o feito de que non permita a consulta do legado dun dos m3ximos poetas galegos do s3culo XX". ♦

M. ANXO FERNAN-VELLO


En aparecido nos 3ltimos tempos, como se se tratase dunha mancha de aceite que medra sobre a superficie do tecido cr3tico-literario-ideol3xico m3is ao uso, a opini3n concertada polo menos nun segmento determinado e "importante" mundo das letras que defende un produto literario simple e directo, inmediato e transparente, doado e dixerib3l 3 primeira por todo tipo de organismo lector.

3s3 nunha boa parte da literatura galega, espa3ola, francesa, catalana ou italiana —e algo menos na portuguesa— vai imp3ndose, sobre todo na narrativa e no teatro, un virus dictado por unha caste de realismo funcional e literariamente pobre que acaba por se converter en cultura xeralizada de escritores e lectores —estes 3ltimos son imprescind3beis; ou, dito doutra maneira, que provoca unha sensaci3n de enfriamento da arte liter3ria que, na nosa opini3n, conduce directamente 3 banalidade e 3 despoetizaci3n do mundo.

Certas obras caen nas mans do lector minimamente atento ao fen3meno literario porque triunfan nelas unha linguaxe pouco elaborada, tr3ngalleiramente domesticada 3 moda do "marco de influencias" reinante, influida 3s veces pola inmediatez docudram3tica dun narrativismo falto de alento expresivo e falto de tensi3n art3stica nos alicerces e no voo da linguaxe mesma.

3o panorama que se observa 3, digamolo con claridade, preocupante. Julio Cort3zar prop3xonos lucidamente que entend3semos por *literatura e obra literaria* a actitude e as consecuencias que resultan da intencionada utilizaci3n est3tica da linguaxe. Base3ndonos nestes termos temos que admitir que, ag3s algunhas excepci3ns —entre os nosos narradores claramente Ferr3n—, a est3tica da linguaxe narrativa galega non acadou a categoría que sería de desexar. 3o mesmo lle ocorre 3 espa3ola, 3 francesa e 3 catalana. O mal non 3 exclusivamente propio destes lares.

3un chega 3 conclusi3n de que debe o escritor preocuparse m3is pola súa obra, aprofundar m3is no se mundo, tocar m3is o coraz3n da palabras. 3 preciso un movemento insurreccional contra a literatura do paup3rrimo que dicta o analfabetismo funcional da industria literaria. 3 preciso alzarse como un salto de luz contra tanta escuridade disfrazada de cousa sinxela para ler alumnos e alumnas que acabarán odiando a literatura desde o A ao Z. 3 preciso, se 3 que interesa, instaurar o gozo da lectura libre, comprometida con ela mesma: comprometida coa boa literatura, non coa boa pobreza. ♦



Homenaxe a Bernardino Graña

O sábado día 8 de Xuño é a data da homenaxe a Bernardino Graña, a quen se lle adica unha rua co seu nome. O programa de actos comeza ás 12 da mañá, coa plantación na Alameda nova da Árbore do Poeta (un Loureiro), acompañado dunha pedra conmemorativa. Posteriormente entregaráselle unha peza de Manolo Coia, máximo galardón da Asociación de Escritores. Ás 18 horas escritores e participantes embarcarán nunha viaxe poético-marítima, durante o cal haberá un recital poético no que participarán Salvador García-Bodaño, Manuel María, Uxío Novoneyra, Luz Pozo, María Xosé Queizán, María do Carmo Kruckemberg, Eliseo Alonso e Manuel Álvarez Torneiro. ♦

Apresentáronse os novos poetas da Louriña


O libro *Baldío* é a lanzadeira dunha nova xeración de poetas no Porriño e comarca. Foi presentado o Venres 31 de Maio no café Liceum dando a coñecer a un grupo de xente moi nova con inquedanzas literarias. *Baldío*, unha iniciativa da Asociación Cultural do Louro, reúne a Ana Teijeiro, Moisés Álvarez "Camborio", Manuel Domínguez Senlle, Alfonso G. Pato, Diego Xiráldez, Felín Romero e Saul. Cunha variedade de puntos de vista, o libro enche con cen páxinas un espazo oco, baldío. Na noite da presentación, algúns deles recitaron os seus poemas. ♦

O Congreso de Pedagogía da Imaxe analiza os medios de comunicación

Moitas miradas, un mundo múltiple é o lema do V Congreso de Pedagogía de Imaxe, organizado por Nova Escola Galega no Centro Galego de Artes e Imaxe, na Coruña, do 1 ao 5 de Xullo. Cunha orientación práctica, este encontro quere propoñer alternativas á visión homoxeneizadora dos medios de comunicación. Nos últimos anos, prensa, rádio e televisión entraron na escola nunha

124 asociacións pola concesión do premio Otero Pedraio a Manuel Maria

O poeta chairego Manuel Maria é o principal candidato á edición deste ano do premio Otero Pedraio, que se concede ás persoas que se teñan destacado polo seu labor de divulgación cultural e que pretende recordar a memoria do insigne polígrafo Ramón Otero Pedraio, de quen Manuel Maria foi amigo. A iniciativa partiu da banda de música de Sober, que solicitou adhesións de varias asociacións, pero as previsións foron desbordadas até chegar a 124 o número de entidades asinantes. O premio, de carácter anual e dotado con dous millóns de pesetas, é organizado cada ano por unha deputación provincial e nesta edición tócalle o turno á Deputación de Ourense. O ano pasado o galardón foi outorgado a Francisco Fernández del Riego. ♦



dobre dirección, como instrumentos de creación e ensino é como un xeito de lectura crítica, de aprendizaxe dos medios. ♦

Natacha Michel visita Galiza

Natacha Michel, autora de novelas tan valiosas como *Le repos de Penthésilée* ou *Ciel éteint*, directora de programa do College International de Philosophie de Paris e integrante dun grupo de intervención política que conta tamén con nomes como os de Sylvain Lazarus ou Alain Badiou, estivo en Galiza nos derradeiros días do pasado mes de Maio. Aínda

que a súa foi unha visita privada, tivo tempo para pronunciar unha conferencia na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago co título de "Escritor artista. Escritor meditativo", na que interpretou a condición do escritor na sociedade actual. Esta conferencia vai ser proximamente publicada en *A trabe de ouro*. ♦

As relacións da muller coa Universidade

Durante os días 5, 6 e 7 de Xuño celebrouse na Facultade de Filosofía de Santiago de

Compostela o congreso *Mulleres e institución universitaria en Occidente*. Partindo do protagonismo das mulleres na institución universitaria, o congreso abordou esta relación tanto desde a perspectiva da muller como obxecto e como suxeito da investigación científica. Inaugurado pola conselleira de Familia, Manuela López Besteiro e as dúas profesoras de Compostela, Mari Carme García Negro e Rita Radl, participaron nestes tres días pensadores e pensadoras sobre este tema de universidades do Estado e de Europa. A clausura do congreso correu a cargo do reitor Darío Villanueva, despois dunha mesa redonda onde participaron o sociólogo Salvador Giner e a ex directora do Instituto da Muller, Marina Subirats. ♦

I Congreso das Escolas de Música en Chantada

Na fin de semana do 8 e 9 de Xuño celébrase en Chantada o I Congreso de Escolas de Música de Galiza, onde participan varios ponentes e actúan a Banda de Música e a Escola de Chantada e a Banda de Lalín. Blanca Fraga Lago, en representación da consellería de Educación, dará unha visión de conxunto na apertura do Congreso seguida polo presidente da Asociación Galega de Conservatorios Privados e director da Escola *Mayeuis*, Felipe Estévez, que se centrará na lexislación. O percusionista e director da Escola de Ribadeo, Hernán Naval falará nese mesmo día, Sábado 8, da utilidade e razón de ser destes centros e Isidoro Martínez, secretario xeral da Confederación Española de Sociedades Musicais, pecha a xornada informando da situación no territorio MEC. Unha mesa redonda centra a actividade do día 9. ♦

AS CERAMICAS DO
CASTRO DE SARGADELOS
ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O
LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA
E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS


ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS

Teatro

Cenário
de mulleres**Título:** Vapores**Autora:** Nell Dunn**Compañía:** Espello Cóncavo**Director:** Arturo López**Actrices:** María Mosteiro, Patricia Vázquez, Rosa Álvarez, Mercedes Castro, Mara Sánchez, Flor Maceiras**Música:** Nani García**Cenografía:** Marcelino de Santiago Kukas

A compañía "Espello Cóncavo" pon no escenario a seis primeiras actrices do teatro galego para representar unha obra da autora inglesa Nell Dunn que se adentra sen prexuízos no mundo das mulleres. En "Vapores", María Mosteiro, Patricia Vázquez, Rosa Álvarez, Mercedes Castro, Mara Sánchez e Flor Maceiras dan vida a seis mulleres de historias desiguais que coinciden nun espazo único, unha casa de baños, que se converte nun lugar de encontro onde as diferencias se difuminan para facer agromar a mesma marca masculina que conduce as súas biografías.

Durante dúas horas, as mulleres conversan e poñen en comun as súas vidas, desde o duro recoñecemento dos camiños conducidos polos homes, de xeito que van convertendo á casa de baños en lugar de liberación, peligroso recuncho feminino de diferencias no que fácil é a aparición da solidariedade das dominadas. Desde a hippy até a vella que fuxe frío da súa casa coa súa filla transtornada por un trauma de infancia, desde a señora de clase alta até a muller que vive dos "favores dos homes", a reunión nas hamacas dos baños turcos supón a mesma válvula para idéntico escape. E



A. PANARO

son entón as mulleres as que toman o escenario para deixar ben parado o lugar das actrices galegas. A pesares de seren os papeis máis debuxados os que permiten un maior lucimento de Patricia Vázquez -Josie-, Rosa Álvarez -que fai da vella Mrs. Meadow- ou Mercedes Castro -a súa filla Daw-, o traballo máis que digno das seis actrices fan disfrutar dunha obra merecente de ser vista tanto polo seu contido como polo esforzo desenvolvido por esta nova compañía galega.

A trama é simple e presenta un final aberto. O anuncio de peche da casa de baños por orde do goberno local vai provocar unha maior unión das mulleres que fan causa comun para preservar o seu lugar de intimidade e é entón cando combaten, despois do recoñecemento de que están á marxe dunha sociedade para a que apenas contan. Por primeira vez, cada unha delas comezará a pensar en si mesma

na defensa da pervivencia dos baños turcos que pasan así a ser un claro símbolo de liberación. Os arquetipos de mulleres perfectamente delimitados e que marcan as contradicións dunha sociedade inxusta e desigual, deixan paso á crítica da dominación sexista ás que todas se ven sometidas. Non se sabe se gañan a loita, pero son as situacións as que contan, tanto no Londres dos setenta -onde está ambientada a obra- coma na Galiza de hoxe, repetindo escenas e conversas. A obra é, pois, próxima e por iso provoca con facilidade reaccións nos espectadores e es-

pectadoras -máis numerosas nas representacións en Compostela-, risos pero tamén incomodidade e anguria por situacións que distan moito de seren esperpénticas.

Ao traballo das actrices únese a boa dirección de Arturo López -que ven do teatro afeccionado-, a óptima escenografía de Kukas, que crea ambiente adecuado para a obra, e a cuidada música orixinal de Nani García para conformar entre todos o coitado produto teatral que se presenta como de tema universal e actual, "inscrito no mundo da muller; da súa problemática nunha sociedade na que estando, ás veces, non é. Como quen di aquí mesmo".

As mulleres saen sorrintes do teatro, os homes talvez algo "tocados" por unha obra, en todo caso, nada sedante: Teatro, o do "Espello Cóncavo", para ver, disfrutar e pensar. ♦

CARME VIDAL

conta de libros

Xuvencos,
unha parroquia que é
un mundo

Xosé Luis Sobrado conta que había anos que quería escribir sobre Xuvencos. Afondando no seu pasado histórico e nas súas tradicións, xurdeu **Xuvencos. Historia e tradición**, publicado polo concello de Boborás e a Deputación de Ourense. Nesta investigación, Sobrado fala polo miúdo da danza, característica nesta parroquia, dos traxes, da Igrexa ou da festa das Mudacións onde as virxes de Boborás e de Xuvencos intercámbianse durante unha semana. ♦

Aurum, a traxectoria
poética de Xesus
Manuel Valcárcel

Sons Galiza ven de editar unha compilación de sete libros poéticos escritos por Xesus Manuel Valcárcel desde 1984. Para o autor, este libro é unha descripción da súa experiencia de coñecemento, da súa construción poética. *Murallas, Tránsito, Emaín, Rosa clandestina, A porta de lume, Areas de fondo e Manual para aprendices* son estes títulos que describen un "itinerario sentimental". ♦

Mumia Abu Jamal
desde a galería
da morte

O xornalista Mumia Abu Jamal, de corenta un anos, escribe a súa experiencia desde a incertidume de non coñecer o que lle depara o destino. Desde a galería de la muerte, editado por Txalaparta, é o testimonio dun home condeado á cadeira eléctrica, salvado temporalmente polas reaccións que a nivel mundial




Mumia Abu-Jamal.

levantou o seu caso. O libro fala do cárcere e da marxinação e lembra a todos os presos políticos dos Estados Unidos. Acusado sen probas de matar a un policía, o xornalista é un dos expoñentes da loita pola igualdade e a democracia no seu país. ♦

Lobos nas illas
de Marilar Aleixandre

Lobeira é un espazo imaxinario que a autora recomenda non tratar de ubicar no mapa, aínda que existan dez ou doce con ese nome. É o cenário do último libro de Marilar Aleixandre, **Lobos nas illas**, publicado por Xerais. Vintetrés relatos que se desenvolven entre o real e o imaxinado. "Deitada ao sol, hai veces que unha queda coa mente en branco, non durmida de todo, pero si duspendida entre a vixilia e o sono no que as cousas imaxinadas ou soñadas parecen case reais, e as cousas verdadeiras esvaeen os seus contornos". ♦

NARRATIVA

A nosa mellor literatura

A CASA DE ADARA

Alfredo Conde

Oito relatos de Alfredo Conde


O universo literario persoal de Conde amósase en *A Casa de Adara* coas súas liñas máis definitorias: o gusto pola reflexión, a búsqueda constante da introspección, o diálogo constante co lector, a descrición minuciosa das sensacións, a utilización frecuente das elipsis, a fina ironía e o humor que chega ata ás fronteiras do sarcasmo.

NA MESMA COLECCIÓN



ERROS E TÁNATOS


Gonzalo Navaza



CÓDIGO MORSE

Xavier Alcalá

XERAIS



Leituras

Tres artigos,
sintoma
dunha
nova época

Título: Portugal-Galicia, Galicia-Portugal: un diálogo asimétrico.

Autora: Pilar Vázquez Cuesta.

Publicación: Colóquio-Letras nº 137-138

Título: Sobre as orixes da cuestión nacional galega.

Autor: Camilo Nogueira.

Publicación: A Trabe de Ouro. Nº 25

Título: Definición, características e periodización da literatura galega.

Autor: Francisco Rodríguez.

Publicación: Historia da literatura galega. AS-PG.

Ainda que escritos en períodos diferentes coincidiron na súa difusión o pasado mes tres artigos de notábel calidade que poderían calificarse ademais de complementarios. Trátase de *Portugal-Galicia, Galicia-Portugal: un diálogo asimétrico*, redactado por Pilar Vázquez Cuesta e que serve de introdución aos dous tomos que a revista portuguesa *Colóquio-Letras* ven de adicar a Galiza; *Sobre as orixes da cuestión nacional galega*, da autoría de Camilo Nogueira e publicado no último número de *A Trabe de Ouro*, correspondente ao primeiro trimestre do ano; e *Definición, características e periodización da literatura galega* de Francisco Rodríguez, primeiro fascículo da historia da literatura galega que edita a AS-PG en colaboración con *A Nosa Terra*.

Esta publicación é sintomática por varias razóns: a coincidencia no tono analítico, non mistificador; nos puntos de partida, internos ao propio país; e mesmo nos obxetivos: un futuro que poida ser pensado desde aquí. Coñecen-



Pilar Vázquez Cuesta, Camilo Nogueira e Francisco Rodríguez.

do aos autores haberá quen dea por sentado un resultado semellante, pero cómpre valorar ben o feito de que os países sen normalizar rara vez gozan deses períodos longos que permiten a acumulación de excedentes intelectuais. A unicidade de criterios e a coincidencia no tempo de aparición simbolizan se cadra unha maduración que pode presaxiar outras metas.

Simbolizan
unha
maduración
que pode
presaxiar
outras metas

Certo que poucos lectores acceden a lectura de 15 ou 20 páxinas de revista, pero a existencia e a pertinencia dun ideario é unha condición necesaria (que, óbvio é decilo, non sempre se dá) para a súa posterior divulgación na sociedade. Tanto máis, canto non se trata de traballos aillados.

O de Vázquez Cuesta incardínase na novidade de unha revista portuguesa tomar a serio a temática galega; Camilo Nogueira anuncia unha segunda parte do mesmo artigo, ao tempo que continua as investigacións para a publicación dun libro sobre a cuestión nacional e o de Francisco Rodríguez serve de adro dunha colección composta por

médio cento de traballos que de contado verán luz.

Xenealoxia dun ocultamento

Vázquez Cuesta documenta as veces que en Madrid se ten falado dun "perigo portugués", orixinado na hipótese de que Galiza mudase o seu encadramento estatal. Nogueira descubre os mitos da historiografía oficial española que ocultaron a evidencia da Gallaecia como reino principal da cristiandade fronte a Hispania musulmana. Francisco Rodríguez configura un primeiro modelo de análise que explica a cultura nacional sen recurrir á inserción forzada en moldes importados, único sistema que —igual que sucede coa historia no seu conxunto— evita os cabos soltos e permite unha comprensión lóxica dos fenómenos. Póñase por excelencia o caso de Rosalia, a quen se lle aplicou impropriamente a categoría de romántica e que aínda así nunca superou a denominación de "rara" dentro da literatura española; como raro foi o "Reino de Galicia" na historia dominante e como extraña é tamén, aínda que de distinta maneira, Galiza para os portugueses que non inclúen a outra beira do Miño na súa xénese, polo absurdo temor a ser fillos dunha provincia española.

Os tres artigos contribúen con claridade a integrar as pezas do puzzle histórico galego, o que

permite, a cada con máis exactitude, saber quen somos, e en consecuencia que papel podemos xogar, sen perxuícios, fronte a outras nacións. ♦

M. VEIGA

Edición
do Tumbo
Vermello,
valiosa fonte
medieval

Título: Tumbo vermello de don Lope de Mendoza
Edición: Ángel Rodríguez González
Editorial: Instituto de Estudos Galegos "Padre Sarmiento"

Presentábase hai uns días en Santiago —no remozado salón de actos do Instituto "Padre Sarmiento"— o *Tumbo Vermello de don Lope de Mendoza*, en edición do profesor Ángel Rodríguez González, garantía de fidelidade á fonte pola súa longa dedicación á paleografía, como ficou patente na que anteriormente fixo do *Pleito Tabera—Fonseca*.

Con esta obra —segundo indica no Limiar o director da citada institución, Eduardo Pardo de Guevara— "recomenza a interrompida publicación da lembrada serie *Anexos dos Cadernos de Estudos Gallegos*", facendo o seu número 23, acerto ó que se engade o de manter a vella maqueta, sobria e digna, como corresponde ó carácter dos contidos. Advertense fallos na incompleta tradución dos comentarios ó galego, pois escapáronse en castelán as notas a pé de páxina e os índices.

Trátase dun interesantísimo manuscrito (custodiado no Arqui-

vo Histórico Diocesano de Santiago, redactado —parte en galego, parte en castelán— fundamentalmente baixo os auspicios do arcebispo Lope de Mendoza no ano 1435, para facer inventario escrupuloso das propiedades e rendas pertencentes á mitra compostelá.

Toda publicación de fontes (medievais neste caso) constitúe o alicerce básico para edificar a historia científica dun país, mais é certo que non todas fornecen informacións do mesmo valor. O da presente é moi elevado: reconstrúe o patrimonio da igrexa de Santiago e descobre, con detalle, os lugares da xeografía da Arquidiocese e algúns de fóra dela, con datos imprescindibles á hora de reconstruír e explicar a realidade de hai máis de quingentos anos.

Trátase dun
interesantísimo
manuscrito
que
reconstrúe o
patrimonio
da igrexa
de Santiago

Do interese do documento xa se decatara hai cen anos López Ferreiro, pois extraiu del moita información para os seus magníficos traballos, e actualmente está a punto de saír á luz un completo estudio (de Marta González) sobre os arcebispos composteláns da Idade Media que o emprega tamén profusamente.

Nada, sen embargo, pode obviar o acceso directo ás fontes, tanto por parte dos especialistas como do público interesado en xeral, pois nelas é onde se atopa o latexar vivo da Historia. ♦

ANSELMO LOPEZ CARREIRA

Música

Panorama de
fin de século

Título: UniverSonoro.

Autora: Varin. 2 CD.

Compañía: BOA

Ouviron falar algunha vez de grupos coma os vigueses "Rebelde Rojito" ou "The Killer Barbies"? Agora que a "movida" de Vigo é xa un recordo do pasado recente. Pois son algúns, os citados, dos cuarenta e tres nomes que se suceden neste duplo CD, *rockeiro* a tope nun dos seus volumes, maiormente en forma de *punk-rock*, e no que se dá conta das últimas tendencias do xénero, verbo de grupos coma os norteamericanos *Alice Donut*, cantando a Cuba en español, os españois *Sex Museum*, os asturianos *Kactus Jack*, como non, tamén están presentes os nosos paisanos *Heredeiros da Crus!* os bascos *Cicatriz...* en xeral, son de garaxe é o que se escoita no pri-



Chouteira.

meiro volume, que apenas dá tregua na súa trepidancia sonora. Para os que somos críticos co *rock*, é unha ocasión máis de comprobar como esta corrente de expresión repítese a si mesma, e nesta edición recopilatoria brilla pola súa ausencia unha tendencia asentada dun tempo a esta parte, cal é o recurso á música latina, unicamente perceptíbel no duplo CD nunha canción de

Kojon Prieto y los *Huajolotes*, que conta coa colaboración de *Mano Negra*. Máis valorábeis son as letras dalgunhas cancións, ás veces crónicas sociais como a do grupo madrileño *Matando Gratix*, "Gran desorden mundial".

Máis variado é o segundo volume, igualmente con preponderancia *rockera*, pero en xeral con menos agresividade no son dos

grupos escollidos, de distintos países europeos, e cunha dose de experimentación que vai máis alá do primitivo e rotinario *rock* convencional; por exemplo: *X-Legged Sally*, grupo mestura de *jazz-post/rock-experimental*, tamén hai ecos de *sinfonismo* —A.C. *Acoustics*—, de *blues* —*Mil dolores pequeños*—, a constancia dun suposto movemento "gótico" —*Christian Death*, que se amosan coma un grupo calculadamente desaliñado. A amplitude de criterios inclúe un tema de "acid-jazz" —dúo *Raeo*—, outro do celebrado pianista Pas-

Coma
escolma
ampla e
diversa da
vanguardia
musical
desta fin de
século que
andamos, o
segundo
volume non
ten
desperdicio

cal *Comelade* a xeito de baile de salón. Pero a grande sorpresa son os nosos paisanos *Chouteira* cun "Bolero" tradicional e conseguinte aportación *folk* ao disco, enriquecida igualmente coa "marcha" dos bascos *Txakun*.

Coma escolma ampla e diversa da vangarda musical desta fin de século que andamos, o segundo volume non ten desperdicio, e é de loubar a peneira realizada polos editores, que nos serven a domicilio esta sorte de actualización verbo da música xoven actual, en tanto que interpretada e composta por unha mocidade aberta e desprexuzada, xa que nas gravacións compiladas non falta practicamente nengun estilo musical. Pode ser unha ocasión para que os devotos do *punk-rock* —primeiro volume— acaben decantándose por unha música máis elaborada, e ampliaren así, certamente, o seu universo sonoro, tal como titula o duplo CD. ♦

X. M. ESTEVEZ

Elena Zernova, tradutora da poesía galega ao ruso

Os poetas rusos que non tiñan noticia da literatura galega quedaron conmovidos pola súa beleza

♦ G. LUCA

Elena S. Zernova, directora do Centro de Estudos Galegos e catedrática de Filoloxía da Universidade de Leningrado, veu presentar á Galiza a *Antoloxía de Poesía Medieval* e a antoloxía de poesía do Rexurdimento titulada *Entre dous Silenzos*, a primeira prologada por Xesus Alonso Montero e a segunda por Basilio Losada. Elena Zernova encargouse da tradución dos poemas xunto coas catedráticas Alexandra Koss e Elena Gólubeva. Os poetas rusos que adaptaron os textos traducidos son Mihail Iasnov, Serguei Stepánov, Leonid Tziivián, Serguei Suharev, Victor Andrieev e Andrei Rodoskii.

Unha edición de luxo para un tempo de bancarrota

É que non se vive só de pan. Para nós é o que precisamente nos dá forza para seguir traballando porque estamos entusiasmados coa cultura galega e estou segura de que a equipa que temos seguirá traballando aínda que non teña cartos, porque quez facelo con literatura de calidade. Para vivir fan tradución desta literatura ruín que agora se vende alá. Dalles non se vive pero é a única forma que teñen de gañar a vida. Subiron tanto os prezos na Rúsia que hoxe editar un libro é máis caro que na Finlandia. Para a edición das dúas antoloxías galegas fixemos auto-edición, sobre a base de traballo voluntario. A axuda que nos dá a Xunta de Galiza para o Centro de Estudos Galegos non alcanza.

Que é o que máis lle interesa da poesía do Rexurdimento?

Os poetas rusos que non tiñan noticia da literatura galega quedaron conmovidos pola súa beleza. Estamos dacordo en que ten a mesmas bases que a literatura e a poesía rusa. A literatura galega ten moitos máis aspectos comúns coa rusa que diferenzas. Isto foi unha sorpresa para os poetas que traballaron nesta obra. Hai motivos, sentimentos que consideramos típicos rusos pero que resultan seren galegos.

Especialmente o sentimento da terra.

Sobre todo, pero tamén, en xeral, os sentimentos da muller rusa. A natureza que atopamos na poesía galega está representada como algo esgrévio; non hai nada melindroso nela. Encántame a poesía francesa pero non a sinto tanto coma a galega

que é máis nórdica. Con estar Galiza tan ao Sul da Europa, ten un cerne intimista e reservado que parece do Norte. Os tradutores están moi interesados na poesía de Eduardo Blanco Amor. Dique hai algo de sobre-natural neste autor.



A. IGLESIAS

Sub-productos culturais

A privatización tamén chega á política cultural na Rúsia.

Desgraciadamente si. Por iso digo que o que agora máis se vende son as obras que se ven-

den, que en moitos casos son unha trapallada. O xénero policiaco e a pornografía é o que ten éxito no mercado. Tamén hai demanda de noveliñas melodramáticas. Isto é o que estamos a traducir. Pero os traballadores da cultura entenden que a cultura non pode ser negocio porque forma parte do ser do povo e temos que pensar en seguir producíndoa. Vendéndoa, perdemos moito e non todo o que se vende é a cultura mesma senón sub-productos.

Aquí din desde o poder que se a maioría o quer será por vontade democrática e compre respitala.

É o mesmo que din alá, pero tamén temos a obriga de educar ao noso povo. O máis doce cómesse doadamente, pero compre saber comer o que forma a esencia mesma do povo. Temos que transmitir as mellores mostras da cultura á mocidade e aos nenos como se fose unha medicina que os vai sanar. A miña filla preguntame por que non pode comer sempre o que lle peta. Comendo só pasteis, morrería. Ás veces os mozos non comprenden isto. Coido que debemos dar as mellores mostras da literatura universal, primeiro como medicina pero acostumándose aos poucos para acadar bon gosto.

Defenderá o goberno de Ieltsin a cultura?

O momento que vivemos é moi complicado e non se pode asegurar que Ieltsin non estea por defender a cultura, mais a situación na que estamos non serve para nada ao progreso da cultura. Nada; o orzamento para as universidades só é 0,3% do PIB; os profesores das universidades vivemos coma pobres de pedir; temos que facer traducións que non nos gustan pero que son necesarias para vivir. Tamén compre dar clases particulares, pero eu prefiro traducir literatura.

Cal é o salario dunha catedrática?

O meu salario é dunha dezaseis mil pesetas ao mes e o mercado está ao mesmo prezo que acó, porque chégannos produtos de todo o mundo. Temos Colacao de España e queixo francés e se queremos produtos nosos, que son máis baratos, compre buscalos por fóra das tendas. Todos temos que pensar noutros traballos porque cos salarios que temos non podemos nen sobrevivir.

Antes había máis medios materiais nas universidades, pero menos liberdade.

Daquela tiñamos barreiras ideolóxicas e agora témolas económicas. Non sei dicirle que será peor: as condicións económicas non poden nen compararse coas de antes, mais nunca cambiaría a situación de hoxe pola de onte porque a liberdade é fundamental para un intelectual. Polo menos agora podo dicir o que quero. A xente dos bancos e o sector de servizos privatizado (que aínda é cativo) vive moito mellor; os que dependemos dun salario público pasamos as de Cain.

SUBSCRÉBASE A A NOSA TERRA

Nome Apelidos

Enderezo

Cod. Postal Teléfono

Povoación N.I.F.

Provincia País

Suscríbome a A Nosa Terra (incluídos os *Cadernos de Pensamento e Cultura*) por un ano/semestre ao prezo de:

Galiza/Estado/Portugal 9.000 pta./ano 4.500 pta./semestre
Europa 10.920
América e resto do mundo 13.080

a) Subscricións para o Estado español b) Para o resto do mundo
 Talón bancario adxunto Cheque bancario adxunto
 Reembolso (máis 130 pta.) Xiro Internacional a nome de A NOSA TERRA. Apartado 1371 Vigo.

PAGO DOMICILIADO. COBRIR OS DADOS DO BOLETÍN ADXUNTO.

Banco/Caixa de Aforros

Conta ou Libreta

Titular

Nº Sucursal

Povoación Provincia

Servanse tomar nota de atender até novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lle sexan presentados por Promocións Culturais Galegas S.A. (A Nosa Terra).

DATA ATENTAMENTE (SINATURA)

(Remitir a A NOSA TERRA unha vez cuberto en maiúsculas)

A INFORMACIÓN QUE PAGA A PENA TER



Iolanda Castaño, a sensualidade da poesía aos dezanove anos

Elevar as pálpebras, o seu primeiro libro, fixo dela a membro máis nova da Asociación de Escritores

♦♦ A. ESTÉVEZ

Iolanda Castaño publicou o primeiro poemario *Elevar as pálpebras* con dezasete anos e converteuse na membro máis nova da historia da Asociación de Escritores en Língua Galega. Con esta obra gañara o premio Fermín Bouza Brey en 1994, ano no que tamén acadou o 1º Premio Francisco Fernández del Riego no II Certame Literario Galego de Xuventude. Con dezanove anos, segue escribendo aínda que sen presas por voltar a publicar. Desde A Coruña, onde vive, transládase a todo canto recital requira da sua presenza. As experiencias sensoriais son as que lle gusta explorar e cre fundamental que a poesía non quede na marxinalidade.

A calquera lle chama a atención non xa que Iolanda Castaño escribera poesía aos dezasete senón que o fixera de tal xeito que non se lle resistisen os premios. "De pequena escribía de xeito natural e espontáneo. A poesía foi un descubrimento para min, que, despois, foron alentando na miña casa e na escola. En 1992, pasei de vivir en Santiago na Coruña e comecei a apresentarme a certames. Até que no *Fermín Bouza Brey* tiven a posibilidade de publicar un libro, non se trataba xa de poesías soltas", comenta. Iolanda Castaño láias de que este premio teña desaparecido por problemas de cartos xusto cando comezaba a despontar como unha plataforma para xente nova.

Dividiu a sua obra *Elevar as pálpebras* en dúas partes: poesía e o que se coñece por prosa poética. Na primeira busca a experiencia corporal, o primeiro sexo e o amor adolescente; na segunda é

máis aceda, cunha crítica a costumes e modas sociais que a incomodan. "Veño de escribir un libro que se chama *Delicias*, que non sei cando vou publicar, e que continua coa mesma liña do anterior. Pretende ser unha poesía sensitiva, sensorial, feita de suxestións e bastante sensual", comenta. Admite que o seu poema modelo e paradigma é *Beber leite*, onde a imaxe da sede e do pracer de beber aparecen como o anxeo dun bico sen fin.

Ademais dun talento que non deixa de abraiar pola sua idade, Iolanda ten unha riqueza de linguaxe que, pola mesma causa, impacta ao lector. O mundo que ela describe, cheo de sensacións, sen regras que coarten os desexos é descrito cunha riqueza de léxico que fai que cada palabra sexa unha parada na lectura. "A miña xeración, entendida de xeito amplo até os trinta anos, foi a primeira que tivo o galego na escola. Ten que se notar se sabes

‘Escribo en galego con normalidade pero o conflito está aí, sei que estou traballando nunha lingua con problemas.’



A. IGLESIAS

facen bon proveito dese aprendizaxe e escoitas falar á xente. É un aspecto que traballei moito, animada por profesoras que tiven. Escribo en galego con normalidade pero o conflito está aí, eu sei que estou traballando nunha lingua con problemas. Por iso, se, ademais, de expresarme, podo contribuir á normalización, é un dobre incentivo", di.

A poesía na rua

Xunto con Rafa Villar, Paco Souto, Marta Dacosta, Lupe Gómez ou Luisa Villalta, entre outros nomes, Iolanda Castaño está a participar en numerosos recitais. "Dous por semana", di. Sendo a máis nova de todos, só ten palabras de agradecemento para o resto dos escritores que nunca a fixeron sentir de me-

nos. "Hai que sacar a poesía á rua. Un dos mellores momentos para alguén que escribe poesía é cando a recita e, mellor, por causas solidarias. A min, onde me chaman, vou, aínda cos problemas que conleva ter que andar pendentes dos trenes e autobuses para voltar a casa. É mellor tomalo sempre con humor e que todo sexa pola poesía, levala á xente. Se buscásemos o interese, deixaría de ser poesía. Tamén ten que haber unha vontade de achegamento porque, en principio, case todos cremos que estamos lonxe da poesía, que non nos atrae cando, en realidade, é disfrutar. De feito, hai persoas que van aos recitais por probar e saen moi satisfeitas. O achegamento ten que ser gradual", di. Góstalle pensar que os novos poetas van ser os que tomen o relevo dos nomes xa co-

ñecidos e, por esta razón, ve positivo os recitais que se están organizando que serven para tomar contacto entre eles.

Asegura que se sente privilegiada polo pouco que lle costou ter un libro na rua pero non sobrevalora este feito. "Canto máis o matino, vexo craro que non hai que ter présa por publicar. Porque se es moi nova, sempre existe a posibilidade de arrepentirse do que fixeches. É moito máis importante participar nos recitais, probarte a ti mesma, se é realmente o que che gusta. Cando se teña seguridade, hai que apostar por esa saída. Pero, por que as présas?", afirma. A prosa está descartada para Iolanda Castaño porque "teño uha relación moi especial coa poesía e éncheme de abondo". ♦

OPINIÓN

UNHA FRENTE PARA A CULTURA?

Para moita xente, a unión do nacionalismo político se está a converter, num referente estratéxico de acción para o nacionalismo cultural.

Ilusiona o proxecto de ir concentrando as diversas entidades, iniciativas e gentes da cultura, nunha única estratexia (e/ou organización) cultural. Pensa-se que, se a España aplicar violencia e repressom contra a nosa cultura em bloco, a resposta debería ser a unidade de acción de todos os agentes culturais galegos, xá que se considera negativa a atomización e dispersión de entidades e recursos.

A fórmula para artellar esa movementación cultural sería a velha Federación de Asociacións Culturais Galegas —agora mesmo em proceso de re-definición— ou dumha Fundación Nacional.

Desde a nosa esperiencia de traballo cultural organizado, que a nivel local no Facho, quer a nivel nacional na Federación, estimamos que o pacto político interclassis-

ANTOM MALDE
MANUEL RGUEZ. CASTRO

‘Vemos a necesidade do nacionalismo manter o tecido do asociacionismo cultural por cativo que seja; e tentar coordena-lo por meio dumha Coordinadora Nacional’

ta que representa o BNG, nom se pode reproducir linealmente na cultura.

Cada sector social representado no BNG através dum colectivo ou partido político, tem de seu, umhas preferências e consumos culturais específicos. Os recursos humanos e materiais están enfocados para a satisfacción desses anxeos. É isto nom é, polo de agora, nem bom nem mau; simplemente é. Por tanto, se cada sector social possúe umha demanda cultural própria —além de outras gerais da sociedade—, achamos que é bom manter a diversidade e pluralidade da oferta cultural nacionalista, já que ajuda a achegar e sensibilizar mais sectores sociais, do que o faria umha única estratexia. Consideramos que isto repercutiría de forma mui satisfactoria para o BNG, xá que representa ao nacionalismo político.

Por outra parte, a fórmula da Fundación polo de agora é só um espelhismo foráneo. Por definición, as fundações gestionan capital; se a antiga Federación e as entidades federadas tinham problemas económicos, pensa-se

quizá que, com umha nova fórmula jurídica vam-se solucionar estes problemas? Os sócios das agrupaçoms culturais vam entender que, éstas se descapitalicem a prol dumha estrutura nacional, deixando-as sem recursos para as suas actividades? Ou que as direitas espanholas vam subsidiar umha fundaçom nacionalista? Há que lembrar que, Galiza, nom possúe o mesmo tecido socio-económico que Catalunya ou Euskal Herria; por tanto, certas soluçoms daqueles países podem nom ser acaidas para a nosa Naçom.

Porém, vemos a necesidade do nacionalismo manter o tecido do asociacionismo cultural por cativo que seja; e tentar coordena-lo por meio dumha Coordinadora Nacional que serva para assessorar ás entidades asociadas na gestom cultural, para potenciar políticas de cooperaciom inter-asociativa e dar cobertura a grandes actividades de ámbito nacional. ♦

ANTOM MALDE foi presidente da Agrupación Cultural O Facho. M. RODRIGUEZ CASTRO é o presidente da Agrupación Cultural O Facho

Pilar Vázquez Cuesta

'En Portugal non se coñecen os escritores galegos por falta de promoción'

♦♦ XAN CARBALLA

Profesora emérita de Filoloxía Galega e Portuguesa na Universidade de Santiago, a profesora Pilar Vázquez Cuesta ven de coordinar o especial da prestixiosa revista *Coloquio Letras* (Fundación Gulbenkian), adicado á Literatura Galega, "un intento de establecer pontes que salven a distancia de descoñecemento da realidade cultural galega en Portugal"

No prólogo do *Coloquio* fala dunha preocupación moi distinta de Galiza cara a Portugal e viceversa. Cal é a razón principal desa distancia?

Penso que a preocupación galega é normal e non desinteresada. Hai un aspecto afectivo, pero Portugal tamén representa o espello máxico do que tería sido Galiza, salva complexos de inferioridade. Cando había que afirmar que o galego non só servía para a poesía, o exemplo portugués era bon. Curiosamente en Portugal, case até este século, tamén se dicía que o povo português non era apto para a novela. O escritor na Galiza tivo un momento no que debeu escoller entre a realización como escritor ou como galego. O que o fai como escritor sentíase culpabilizado, un pouco traidor. A Pardo Bazán adicouse a facer publicidade da literatura portuguesa, e cando di de Portugal "Mi España chica", está a falar de Galiza. Finalmente hai unha utilización como arma dialéctica: Murguía ou Castelao, cando dician dirixíndose a Castela, "Se aquí nos tratades tan mal os portugueses agárdannos cos brazos abertos". Portugal ten moitos motivos para ser ponto de apoio para o galeguismo cultural e político.

Á inversa non se dá un fenómeno simétrico.

En Portugal temos que pensar, á hora de conformar unha determinada imaxe, na grande onda da emigración galega, que non

fixo boa propaganda. É un fenómeno normal, que tamén lle sucedeu aos portugueses no Brasil. Quen emigra procede das clases sociais máis humildes, e mesmo que a consideración dos galegos é sempre de honestidade, non xerou interese. Así se chegou ao absurdo de Anselmo de Andrade, dicindo que "Galiza era a pátria de server dos criados do xénero humano". Agora sucede ao contrario, porque os galegos falan con menosprezo dos portugueses porque son eles os que emigran acó.

O problema de que non se lean os escritores galegos en Portugal é que non se coñecen, non que non se entendan. Como dicía Fidel Castro, a mesma distancia hai de Cuba aos Estados Unidos que ao revés; non imos pensar que os galegos son tan intelixentes que entenden o portugués e os portugueses tan burros que non entenden o galego. Pero non saben que hai escritores galegos, que son atractivos, que lles poden interesar. No *Jornal de Letras*, a conta da saída deste número, facían autocrítica desa desatención portuguesa á literatura galega. Hai un problema de intercambio e de publicidade e difusión.

Tampouco a política dos libros se entende ben. Na comisión mixta hispano-portuguesa, para aplicar o convenio cultural entre ambos países, o tema do libro sempre estaba presente. Os libeiros sosteñen unha política de prezos, no que a paridade das moedas é distinta se se trata de



A. IGLESÍAS

productos culturais, porque consideran que hai uns riscos comerciais maiores.

Pero da elite intelectual debía-se esixir maior coñecemento.

Temos que pensar que o centro cultural é Lisboa. Mesmo un Museo da Literatura que se fixera en Porto, cando David Mourão Ferreira era Secretario de Cultura, paralisouse. Pero sendo o Norte a zona máis forte economicamente do país, non dá levantado un movemento cultural ao seu redor que poda equilibrar máis o país. Todo escritor ten que ir a Lisboa, que está convertida nunha cidade estendida en todas as direccións, e Lisboa ten moito menos a ver coa Galiza, mesmo porque o noso país, para eles, non é lugar de paso a ningures. Miguel Torga é un exemplo dese afastamento porque sendo do Norte sempre que se achegaba a Galiza dicía que viña a España.

As comunicacións son tamén factor de alonxamento.

Agora mesmo segue a estar lonxe. Ir a Lisboa en tren é unha aventura interminábel, con transbordos, ... ademais é un tren penoso. Tampouco por autobús é fácil a comunicación. Nas facultades de letras portu-

guesas debía haber cátedras de galego, entendidas con rigor académico, e puidendo xerar arredor delas un intercambio. Tamén na Galiza o portugués, presente na Universidade, debía estar nos Institutos. O intercambio cultural de base debía ampliarse e que non ficasen as viaxes a Portugal en mercar toallas, porque ese turismo apenas adquire libros, discos ou consumo cultural. Ben sei que iso implica unha mellora das comunicacións, porque aínda seguimos igual ou case peor que hai anos. O mesmo correo, despois de tantos anos, segue indo a Portugal via Madrid.

O debate da rexionalización abre expectativas novas?

Hai moita sensibilización, aínda que só se está falando de descentralización administrativa. Sempre falo máis coa xente de Lisboa e están alporizados, porque teñen un concepto de Portugal, como Pessoa, de que é un só país, e non ha lugar a esa división. Un Ministro como Valente de Oliveira, utilizou como argumento o "perigo galego", e por iso chegan a debater cantas rexións deben criar. Aquel home dicía que se facían unha no Miño levaríalle Galiza unha parte do territorio. Iso tamén é mentira, unha simples argücia dialéctica. ♦

ROSAS NO ATAÚDE DE LOIS PEREIRO

LUPE GOMEZ

Unha cultura e unha tumba. Un índio, un poeta, Lois Pereiro. Solitarios e impotentes, nós, con vida nas veas, invocámolo. Non podemos calar, perdelo. Neste momento, nen necrolatría nen silencio. O pranto dunha cultura tén que oírse. Agora, sen os seus ollos limpos e amigos. A súa poesía é unha montaña na nosa nación.

El foi maldito. Porque non poñía valos ás palabras. Maldito, porque abrazaba o mal, o subsoilo. A súa poesía é carne triste. Verdade á que agarrarse. Estando vivo falou de morrer. Dixo que se ía sen berrar, sen despedazarse. Esa é unha lección. Non temer nada. A valentía por diante. Os cornos da vaca, deste povo, sereos.

A súa poesía é coma él. Un pozo de auga cunha hemorraxia. Cunha auga fervendo. O seu canto literario é unha vibración íntima e social. Un corpo que mentres expira delira, fala. Recitaba os seus poemas póstumos nun acto social. "Cómo non chorar?" preguntábamnos todos. E él non choraba.

A súa poesía é un desgarro fatal. Pero branco, iluminado. Fisicamente víamolo marchar. Pero él non nos decía "adeus". Non hai porqué pronunciar esa palabra. Hai que seguir. Povo en marcha. Seguir escribindo a historia sen esquecer que él pideunos e síguenos pedindo fúria.

Fúria. Amor. Revolución. Sonños. Cando él falou da Historia falou das infamias. Escrebindo puido transgredilo todo. A súa poesía era unha rebelión metafísica. Un diálogo cun baile de esqueletes. Un exercicio de exorcismo da hipocrésia. Unha litúrgia da verdade. Unha danza en silencio, como o seu carácter.

Non podemos ser un povo que non le as súas liñas. Que agacha os seus párrafos. Pouco tempo antes de morrer Lois Pereiro estaba moi contento. Orgulloso de ser lido e comprendido. Co seu derradeiro libro, coma nun xoguete, nas máns. Tivo a resposta do público. Comparteu as súas penas, o cal lle dou ledicia. Non podemos deixar que se alonxe ese barco alegre que foi ás portas da morte.

Na morte, nen un gran silencio nen un pranto estéril. Senón moitísimas rosas no ataúde. Non esquecer nunca. Seguer a invocar ao negro chamán que foi Lois Pereiro. Seguer a lelo, orgullosos de él, coma de nós, do seu povo. Non enterrar, senón confundir pasado, presente e camiñar con ollos libres. Que a nosa cultura siga sangrando. Quero dicir: viva. Como a tensión dos seus poemas. Como o epitáfio que se rebelou e non quere chamarse morte. Olvido. Non quere nen debe. ♦

PRESENTACIÓN

Historia da literatura galega

CARBALLO

VENRES 7 AS 20,30 NO CASINO

XOSÉ RAMON FREIXEIRO MATO E MANUEL PAN

ORGANIZA A.C. LUMIEIRA

BARCELONA

SABADO 8 AS 20 HORAS NO CENTRO GALEGO

DORES ASOREI E PILAR GARCIA NEGRO

VIGO

MARTES 11 AS 20 HORAS NA GALERIA SARGADELOS

MANUEL FORCADELA, XOSÉ M. MILLAN E

XAN CARBALLA

O GAITEIRO SOLITARIO

MANUEL RIVAS

A dominante cultura da vaquiña

Le unha entrevista cun mozo galego guitarrista de flamenco que se queixa de que en Galicia domina "a cultura da vaquiña". Con todos os respetos, non o entendo moi ben. En primeiro lugar, a Vaquiña galega é moi flamenca. E en segundo lugar, a produción cultural vacún case non existe. Repaso os numeros eventos con patrocinio oficial e non aparece ningún Día da Vaquiña nin ningún Congreso sobre a Vaquiña e o Xacobeo nin ningunha exposición de Arte Cowboy. Nos xornais fábase moito das "vacas tolas" británicas pero non encontro ningún comentario sobre a cordura freudiana da marea. Ademais, o libro máis vendido é *La regla de tres* de Antonio

Gala e non o *Refraneiro da vaca* de Xesús Ferro Ruibal, que é moito máis picante.


Falando de cultura dominante, en Galicia, como en todas partes, Cataluña e Euskadi incluídas, é curioso constatar como o xornal máis lido é o deportivo Marca, a revista Pronto, e o máis visto, coa excepción do Luar, cousas televisivas como *Esta noite cruzamos el Mississipi*. Non estou a vulgar, digo o que hai. En datos globais, e con produtos semellantes, o panorama non é moi distinto no Reino Unido, Portugal ou Alemaña. En Noruega, Suecia e Finlandia, as estatísticas son diferentes. Será que hai que papar algo de frío para quentarse cos libriños. E en Suíza falan

moito da Vaquiña. Atrasados que son.

O caso é que, por moito que diga o noso querido flamenco, non encontro na última portada de Marca ningunha referencia á Vaquiña senón dun besta pardo chamada Jesús Gil. En Pronto aparecen Pamela Anderson e Isabel Pantoja e penso que sería un retorcimento machista pensar que, no fondo, están a falar de vaquiñas. En canto ao programa de Pepe Navarro e similares, nunca vin unha Vaquiña aínda que si aparecen moitos burriños.

Non, en Galicia non domina a cultura da Vaquiña. Ademais do magnífico agitprop de Milucho e Lidia, das

Comisións Labregas, as únicas obras que tentaron esa hexemonía foron as novelas de vaqueiros de Marcial Lafuente Estefanía e Keith Lugar (pseudónimos de republicanos represaliados) e ese libro de relatos dun amigo meu titulado *Un millón de vacas*. ¡Mágoa que Augusto Assia non se mollara máis no asunto coas influencias que ten! Confeso que fracasamos. Nós, a irmandade protectora da Vaquiña, amantes tamén de Camarón de la Isla, somos vencidos, un día e máis outro, por xentes como Isabel Presley, Ana Obregón ou Claudia Schiffer. Esculturais culturas dominantes. Ou xogan ao despiste ou moito me temo que a maioría dos galegos non saben cantos tetos ten a Vaquiña. ♦



Xesús Couceiro 'Ler o Sempre en Galiza non lle viria mal a esta terra'

Que libros recomendaría?

Parécenme interesantes os libros da historia da literatura que está facendo a AS-PG e A Nosa Terra, e non quero que pareza publicitario. E recomendaría para calquer momento o *Sempre en Galiza* de Castelao, do que se debían facer edicións resumidas para a xente máis nova. Lelo non lle viria nada mal a eles e a esta terra.

Que libros está a ler?

Un libro que creo que é interesante, *Sobre as vangardas*, de Xesús González Gómez (Laivento).

Despois dun tempo de parada o boletín *Bendado* que vostedes fan segue a dar conta de todas as novidades bibliográficas.

Envíanse 4.200 exemplares a todo o mundo e vai a todas as bibliotecas. Deixárase de editar porque tiña unha pequena axuda da Consellería de Cultura e consideraron que non prestaba servizo, agora algúns números teñen axuda de Política Lingüística, e sae cada dous meses. Inclúe todo o libro que sae en galego, todo o editado en Galiza en calquer outro idioma, revistas e tamén algunhas novidades de portugués.

Foi pioneiro na comercialización do libro portugués na Galiza.

De momento a demanda é superior á oferta. O comportamento dos editores portugueses cara á Galiza é moi superior que ao revés. Eles teñen outra agresividade na comercialización, e están moi interesados no mercado galego. Agora é máis fácil o intercambio desde que mellorou a comunicación coa ponte nova, a apertura da fronteira, e o transporte directo. Nas librerías tamén se pode facer a consulta do ISBN portugués en CD-ROM, o que facilita máis intercambio e coñecemento do catálogo vivo.

Demostrou que unha librería adicada ao libro galego non só era patriotismo senón un bon negocio.

Temos dúas librerías na Coruña e Santiago, levamos moito anos e de momento fumos pagando as facturas... Agora en Ourense abriu a Livrería Torga e coído que tamén lle vai ben. É importante que se diga que se pode vivir do libro galego e non só o libreiro. Para a importancia que ten unha industria cultural deste calibre non se lle presta atención dabondo. ♦

CAMIÑO VELLO, CONGOSTRA NOVA

FRANCISCO A. VIDAL

A bola de cristal


Xa non é doado ver boias de cristal, nin flotadores de cortiza, nin cordas de esparto nos portos, todo foi substituído polo plástico e o nailon, moito máis barato e duradeiro; pero aínda queda nos currunchos da memoria a lembranza daqueles elementos que vestían os peiraos ou saían ás praias formando parte da mallante.

Aquelas boias, de cristal verde, marcaban no mar o extremo do cabo das nasas ou dos trasmallos. O sol reflexábase nelas e ficaba prendido na súa esfera como leves puntiños de luz. Ela era a primeira que subía a bordo, ó recoller as artes, e da maneira en como caía, do golpe que daba sobre a cuberta, había quen adivinaba que ía vir entre as redes. E cando o tempo e as ondas acababan rompendo os cabos, estas saían á praia coa mallante, envoltas no argazo que os labregos recollían para abono.

Quen sabe se o dono deste hórreo, de preto de Camariñas, non quixo abordar a maxia do universo con esta bola de cristal, substituíndo o pináculo que na maioría das veces se ergue nun dos pinches, o símbolo fálico por excelencia, protector contra as desgracias, agoirador de boa colleita e da multiplicación dos grans, polo símbolo do máis importante dos deuses, o Sol, a bondade e a dureza capturadas nesta esfera que, conxuntamente co hórreo, trae á memoria as dúas almas de Galicia: a mariñeira e a labrega, perfectamente conxuntadas.

O soño dos rapaces, que trinta anos atrás xogaban entre nasas e trasmallos, era ter unha bola destas, como se fose a esfera

Quen sabe se o dono deste hórreo, de preto de Camariñas, non quixo abordar a maxia do universo con esta bola de cristal.



das xitanas, para buscar nela a fórmula pola que puidesen adiviñar o porvir, e vivir sen penas nin coitas que contar. Outros máis materialistas, perdían os días rascando na boia cunha pedra de seixo ata abrirelle unha regaña, e por ela ían atacunhando, peseta a peseta, os seus aforros, coa pretensión de converter aquela bola de soños no cofre dun pirata aforrador.

Cunha bola destas, un navegante experto e home de mundo, afeccionado á maxia e á adivinación, converteu a un cativo, soñador e xoguetón, nun desconfiado e descrido, por non saber aplicar, con ela o co neno, un xogo de ilusionismo.

As travesuras do cativo, que daquela aínda non cumprira os dez anos, pensaran os pais castigallos cunha ameaza traída desde o Máis Alá. E nun cuarto máis ben escuro, o home de mundo e amigo da familia, preparou o seu teatro rodeado de toda a casa, para invocar o espírito dun tío-avó do neno que, sen facerse de rogar, apareceu no interior da bola, en cor sepia, inmóbil, de amplos mostachos e traxado á antiga usanza, levemente iluminado por un cabo de vela. O suposto "médium", mirando aquela imaxe, transmitíalle á familia o que o antepasado lle comunicaba a el: que o cativo fose bo cos pais, que estudiasse moito, que fose obediente e, sobre

todo, que non faltase ó catecismo.

A neno pareceulle raro que aquel antepasado non tivese nada máis importante que facer no Outro Mundo que vir a botarlle sermóns. Máis aínda cando todos eran a gabar aqueles "bos consellos" que daba o defunto.

A desconfianza levouno a buscar a bola na que se refuxiaba o seu antepasado; a ver por que lle collera manfa... e cal sería a súa sorpresa cando encontrou que a boia tiña unha fenda, e por ela introducida a foto do tío-avó. Desde aquela, o cativo sempre foi un descrido e un desconfiado. ♦

"O pior foi que deixaron de chamarlle don Manuel para se referir a el como O vello". Carlos Mella conta en *Luces de*

Fisterra, esperpento xacobeo (Espirai Maior) as intrigas da sucesión de Fraga no fin de século próximo. ♦

Carballo

TEATRO

RUA SALSEPODES, 666

A *Bactéria Hilarante* órgano de produción de actividades teatrais presenta a súa obra infantil (os actores e actrices teñen idades que van dos 5 aos 14 anos) *Rua Salsepodes*, 666. Unha de terror para este Venres 7 ás 8,30 da tarde na Casa da Xuventude.

A Coruña

EXPOSICIONS

MASONERIA UNIVERSAL

O Kiosko Afonso ofrece un percorrido pola historia da masonería, desde os seus antecedentes ao seu nacemento, sen esquecer unha aproximación ao funcionamento das Lóxias Masónicas. Tamén nesta mostra expoñen xois vinculadas ás lóxias, xa veñan de fondos inéditos da Real Academia Galega, de coleccións particulares, ou da lóxia *Agra Solis* que é a organizadora da exposición. Estará aberta até o 30 de Xuño en horario de 12 a 14 e de 18 a 21 h.

MINGOS TEIXEIRA

Amosa cadros recentes baixo o título *Dende o Atlántico*, até o 23 de Xuño no Casino do Atlántico.

VIDAL ABASCAL

Exposición sobre o importante matemático Enrique Vidal Abascal nos locais da Fundación Barrié. Até o 30 de Xuño.

MÚSICA

HÉROES DEL SILENCIO

En concerto o Sábado 15 no Coliseum. Venden entradas (2.000 pta) no Centro Comercial Catro Camiños, ou fora da Coruña: en Ferrol (Discos M-4), e en Santiago (Disco Laser).

ÓPERA

FESTIVAL DA ÓPERA NO AUDITORIO

O *XLIV Festival da Ópera* remata esta semana no Pazo de Congressos-Auditorio con *Bastián e Bastiana* que ofrecen en concerto didáctico até o 7 de Xuño, o mesmo día 7 pódese asistir ao concerto lírico *Angeles Blancas Gulín* coa Orquestra Sinfónica de Galiza.

TEATRO

HOSTIA

O Centro Dramático Galego representa a peza de Armando Cotarelo Valledor, no Teatro Rosalia Castro, ás 9 da noite do 12 ao 16 deste mes de Xuño.

Carteleira

C.X.LÓPEZ-PAZOS

AS DUAS CARAS DA VERDADE. Richard Gere é o gancho comercial desta película que ten como engado principal o peculiar funcionamento do sistema xudicial americano. Xogando coa paradoxa da culpabilidade dun adolescente, un arcebispo voyeur asafiado e un advogado que se sente chamado a redimirse do seu valeiro afán de protagonismo. O de sempre, desta volta adubiado coa marabillosa voz de Dulce Pontes.

A HORA SINALADA. John Badham (*Xogos de guerra*) intenta facer un thriller ao Hitchcock (*Estranos nun tren*), cunha estrutura de tempo real (*Só diante do perigo*) e cunha trama de asesinato de político/ca de fondo (*JFK*). As tres vías fallan estrepitosamente. Johnny Depp e Christopher Walker naufragan nas súas persoaxes e o filme amosa, máis unha vez, o infantilismo, a puerilidade e a falta de rigor (trinómio xa crónico dun tempo a esta parte) dos guiños feitos coma chourizos nas charcuterías hollywoodenses.

FOUR ROOMS. Catro historias asinadas por Allison Anders, Alexandre Rokwell, Robert Rodríguez e Quentin Tarantino, cun botón e un hotel

como fio condutor dunha morea de chistes facilóns (de noite de café e requila) onde Tin Roth (omnipresente e xa investido da categoría de gran historiador ao Gary Oldman) fai unha homenaxe á máscara de Charlot e Jerry Lewis (autor do xénil *O botón*), ademais de outros actores de comedia. Tamén está Banderas nesta trécola de película sen pes nen cabeza.

ABERTO ATÉ O MENCER. Outra vez os mesmos nomes. Rodríguez asina e Tarantino escribe e interpreta. As paixóns cinematográficas infantís de Rodríguez, mexicano de pro, asoman neste filme de homenaxes e referencias (gore, cine de vampiros mexicanos e truculencia a esgalla) de mestura abrupta e gratuita de xéneros, fabricado para solaz dos seus autores. Que fai un gran actor coma Harvey Keitel nesta película?

HEAT. Unha película (que son dúas) para que Pacino e de Niro amosen as súas cualidades, máis febles que nunca, sobre todo Pacino que sobre-actúa. Michael Mann (*O derradeiro mohicano*) pon a cámara ao servizo dos divos. Non paga a pena. ♦



LUGO NA POSGUERRA

Ainda está aberta na sá de arte do Pazo da Maza a mostra fotográfica sobre o Lugo da posguerra. Organiza o Coléxio Oficial de Arquitectos de Galiza.

MÚSICA

O MESÍAS

A partitura de Haendel interpretada pola Orquestra de Cámara Raíña Sofía e o Coro da Universidade de Santiago de Compostela, baixo a dirección de Juan Carlos Dorgambide. O Xoves 6 no Circulo das Artes.

FILARMONICA DE BOURGAS

En concerto o Venres 7, dentro da Semana da Música do Corpus Lucense.

TEATRO

VAPORES

O grupo *Espello Cóncavo* interpreta a peza de Nell Dunn, Martes 11 e Mércores 12 no Auditorio Gustavo Freire.

Ferrol

EXPOSICIONS

FOTOGRAFIA SUBMARINA E DO MEIO AMBIENTE

O Ateneu Ferrolán acolle dúas mostras fotográficas durante o mes de Xuño, *Fotografía submarina* (até o 25) e *Fotografía do medio ambiente* (até o 20 de Xuño).

A Guarda

EXPOSICIONS

ZECA AFONSO,

A Asociación de Amizade Galego Cubana Francisco Villamil, organiza unha mostra que permite achegarse á persoa e á obra do cantor da revolución portuguesa. Pódese visitar até o Domingo 9, de 7 a 9 no Centro cultural da vila.

Lugo

EXPOSICIONS

GALEGOS NA ESCALEIRA

O fotógrafo *Xurxo Lobato* expón esta serie de fotografías onde recolle unha estensa lista de figuras sobranceiras da actualidade galega, sempre nunha escaleira. Pódese visitar na sá de mostras de Caixagalicia, até o 20 de Xuño.

O CASTRO DE VILADONGA

A Biblioteca Provincial de Lugo abre até o 15 de Xuño, esta mostra sobre o Castro de Viladonga que cunha extensión de 10.000 m² é un dos maiores xacementos arqueolóxicos da Galiza. Ali foi onde en 1911 apareceu o torques de ouro (colar xa empregado no tempo dos celtas) da colección Gil Varela normalmente exposto no Museo de Lugo.

HOSTIA

Polo Centro Dramático Galego, a partir do texto de Armando Cotarelo Valledor. Estarán no Auditorio Gustavo Freire do 20 ao 22 con pases ás 8,30 da tarde.

NAU DE AMORES

Tamén o auditorio Gustavo Freire acolle un pase (Luns 24 ás 8,30 do serán) da peza *Nau de amores* do poeta portugués Gil Vicente (1465-1470), agora adaptada polo Centro Dramático Galego.

Moaña

TEATRO

DUETTO DE FIO

O Sábado 8 ás 11,30 da noite no Café do Real, o grupo *Viravolta* pon en cena a peza cómica *Duetto de fio*.

Ourense

EXPOSICIONS

VIRXILIO

Obra do recoñecido pintor ourensán na sá de Caixagalicia. Abre até finais de mes.

FEIRA DO LIBRO

OUTRA EDICION DA FEIRA DO LIBRO

A Federación Galega de Libreiros, organiza a Feira do 1 ao 9 de Xuño en Ourense.

Porriño

EXPOSICIONS

TIMOR LESTE. UN POVO, UNHA NACION

O Café Liceum achega durante o mes de Xuño unha mostra da actualidade no Timor Leste, a ex-colonia portuguesa que tenta agora defenderse do imperialismo indonésio para manter a súa independencia.



MÚSICA

SANTIAGO FELIU

O Sábado 8 ás 11,30 no Café Liceum, cunha entrada 600 pta. (500 pta. se se compra anticipada no propio Liceum ou no Dublin de Vigo). Santiago Feliu pertence á última promoción da Nova Trova Cubana á que se incorporou no remate dos setenta. O irmán de Vicente Feliu, compañeiro de cenário de Pablo Milanés e Silvio Rodríguez, confésase un poeta que canta "no momento xusto no que debemos e podemos optar pola coraxe de vivir en paz e non por este exceso de morte que temos fabricado nos últimos cen anos".


Porto do Son

EXPOSICIONS

FOTOGRAFÍAS E XOGUETES

O programa Preescolar na Casa leva pola Galiza a mostra dobre "A través dos teus ollos e coas tuas mans", unha primeira parte recolle fotografías en grande formato con consellos para a educación dos nenos, a outra "Coas tuas mans" é unha colleita de máis de cen xogueteños feitos na casa a partir de refugallo. Os organizadores teñen previsto expoñer en Porto do Son do 10 ao 14 de Xuño, logo pasarán por Pazos de Borbén (do 17 ao 21), e a partir de aí van a Lugo, a Palas de Rei (días 29 e 30), Friol (do 6 ao 7 de Xullo) e Monterroso (do 8 ao 11 de Xullo).

SANTIAGO
Ignacio Basallo
expón obra
recente
na Casa
da Parra.



A CORUÑA
Concerto lírico
Angeles Blancas Gulín coa Orquestra Sinfónica de Galiza

Redondela

EXPOSICIÓNS

60 ANOS
DO ESTATUTO DO 36

Até o 18 de Xullo na sá de mostrás da Casa da Cultura pódese visitar unha importante escolma recollida pola Ateneu Redondelán para conmemorar os 60 anos do Plebiscito do Estatuto de Autonomía. Ali expoñen os álbums de guerra de Castela, os gravados do Fardel da Guerra de Xosé Conde Corbal, e a colección de Isaac Díaz Pardo de cartazes do Plebiscito do Estatuto de Autonomía do 36, xunto da revista Terra, voceiro do Partido Galeguista de Redondela. Unha mostra que acompaña outras iniciativas nas que colabora o Cine clube Claqueta e a Asociación de mulleres Xanela. O programa tamén comprende pases de vídeo e outra mostra de publicacións no Auditorio e Centro Cultural J. Figueroa. E para rematar o programa a presentación do libro *Ailados* na memoria dos presos da Illa de San Simón (o Venres 14 de Xuño ás 20,30 h. na Casa da Cultura) da man dos autores Antonio Caero, Clara de Saa e Juan González.

Santiago

DANZA

EN PÉ DE PEDRA

A sá Galán e máis o Concello de Santiago promoven a segunda edición deste espazo aberto para a difusión da danza contemporánea a celebrar en varias prazas de Santiago os días 7 e 8 de Xuño. Neste fin de semana compañías estranxeiras farán intervencións de non máis de 20 minutos na rua baixo a consigna *En Pé de Pedra* (danza para paseantes). Os horarios e participantes: Rosa Muñoz (Barcelona) coa peza *De Lirios* (15 min), os días 7 e 8 ás 13,30 h. na Praza de Fonseca. Mónica Valenciano (Canarias) con *Pesogallo* (20 min), os dous días ás 5 na Praza de Abastos. Tamén os dous días ás 7 na Praza do Toural, Jerry Snell e Nadine Thouin (Canadá) estrean *Physical Street Theatre* (20 min). A compañía *Prometeus Dance* de Boston tamén estrea a peza *De Profundis* (6 min) os días 7 e 8 ás 9,30 na Rua do Vilar, e aínda o día 8 ás 12 da noite na Praza da Quintana, pecha *Pé de Pedra* con *Shoot de moon* (15 min). Tamén está convocada a catalana Margarita Guergué que interpreta a súa coreografía *La rosa sin porqué* (20 min) os dous días ás 9,30 na Praza da Inmaculada.

TERESA NIETO

A sá Galán trae á coreógrafa madrileña Teresa Nieto, coa a súa peza *La Mirada*. En cartel os días 13, 14 e 15 ás 10 da noite.

EXPOSICIÓNS

ITINERARIOS

Os cadros máis recentes do pintor tudense Roberto Campos na Galería Sargadelos. Espón até o 22 de Xuño de 10,30 a 14 e de 16,30 a 20,30 h.

Convocatorias

CERTAMES XUVENTUDE'96

A Consellaría de Familia Muller e Xuventude abriu o prazo de inscrición para os certames *Xuventude'96*. Estes certames acollen expresións diversas como teatro (admiten solicitudes até o 14 de Xuño), narración e ensaio (até o 14), canción (aberto até o 28 de Xuño), fotografía (até o 2 de Setembro), banda deseñada (até o 2 de Setembro), deseño de moda (até o 1 de Outubro), coros polifónicos (até o 8 de Outubro), e artes plásticas (até o 14 de Outubro). As persoas interesadas en calquer dos premios han de ter menos de 30 anos e residir na Galiza. Para calquer detalle sobre os certames pódese chamar as delegacións provinciais da consellaría, as oficinas de información xuvenil ou ao Teléfono Xove (902-15 25 35). Os enderezos das delegacións: na Coruña, Durán Loriga, 9-1ª; en Lugo, Ronda de Fingoi, s/n; en Ourense, Avenida da Habana, 81-baixo; e en Pontevedra na rua Benito Corbal, 47-2ª.

BECA DE PINTURA E
ESCULTURA DO BARCO

O Concello do Barco convoca por quinto ano consecutivo Valdearte, unha beca de pintura e escultura que terá lugar entre os días 15 e 26 de Xullo de 1995. As solicitudes (segun-



Lenzo de Yoon Kyung Youl da colección Valdarte do Barco de Valdeorras.

do un modelo especial) teñen que chegar acompañadas dunha curricula do autor e cinco fotografías de obra recente, antes do 15 de Xuño a: Valdearte. Casa da Cultura. 32300 O Barco de Valdeorras. O concello cubrirá os gastos de mantenza e aloxamento dos seleccionados entre os días 15 e 26 de Xullo, mentres realizan as súas obras con total liberdade de estilo e tema. Os pintores deberán traballar ao ar libre, mentres que os esultores contarán cun espazo cuberto e cos materiais e medios mecánicos que se acorden. O concello quedará con dúas das obras realizadas durante o tempo da bolsa. Maior información na Casa da Cultura do Barco: (988) 32 00 53.

ARTELIXO'96

Logo do grande éxito da edición do ano pasado, a agrupación *Josefá* e máis o Cine clube *Claqueta* están a preparar o *Artelixo'96*, que terá lu-

gar no mes de Agosto en Redondela polas ruas e prazas da vila, onde expoñerán pezas feitas con materiais de desfeita e lixo en xeral. Así pois convocan a todos os artistas interesados en expoñer algunha obra. Ademais este ano completan a exposición na rua cunha mostra pechada para as criacións de pequeno formato. Para calquer proposta (cinema, charlas, coloquios, teatro, música, etc) ou envío hai que falar cos organizadores no (986) 40 26 93.

CONCURSO DE CONTOS
BROEGAN

O Centro Galego de Bizkaia en Barakaldo convoca o XXIX Concurso de Contos Broegán, aberto a traballos inéditos de entre 3 e 6 fólíos. Para participar hai que mandar 5 copias mecanografiadas a dobre espazo e por unha soa cara. O envío ten que ser por correo sen remite e baixo plica e lema. O prazo de admisión re-

mata o 15 de Xuño. O concurso conta cun primeiro premio de 100.000 pta. e un segundo de 25.000 pta. que poden quedar desertos. Maior información no Centro Galego de Bizkaia en Barakaldo: Galiza, 3. 48902 Barakaldo. Bizkaia. Teléfonos: (94) 490 34 29/499 29 92; fax (94) 490 34 29.

O POSITIVO

A Aula K da Coruña, organiza un curso de especialización fotográfica sobre a obtención de cópias positivas en B/N de alta calidade. Será impartido por Luís Plácido durante dúas semanas a partir do 17 de Xuño, en horario de 19 a 22 h. na Escola de Imaxe e Son: Somo, 6. Para maior información chamar ao (981) 13 41 24.

PREMIO DE POESÍA
JOHAN CARBALLEIRA

O Concello de Bueu decide apoiar á poesía e homenaxear a Johan Carballeira, intelectual dos anos 20 afincado na vila. Este premio está aberto a todos os que presenten os seus orixinais (os poemas han de superar os cen versos) na normativa oficial, con dúas copias, antes do 30 de Xuño de 1996 na Casa do Concello: Eduardo Vincenti, 8. 36930 Bueu. O premio ten a dotación única de 125.000 pta. para o primeiro clasificado. ♦

ESCULTURAS
DE BASALLO

Ignacio Basallo expón obra recente na Casa da Parra. Esta mostra estará aberta durante Xuño, Martes a Sábado en horario de mañá e tarde, e Domingos só de mañá.

MAX ERNST

Obra gráfica na Fundación Eugenio Granell. Abre de Luns a Sábado de 11 a 14 e de 17 a 21 h., Domingos de 11 a 14 h., e Martes pechado.

ARTURO REBOIRAS

A galería Minotauro acolle a segunda mostra individual do artista marinense Arturo Reboiras.

RETROSPECTIVA
DE LAXEIRO

A obra do grande pintor galego desde os anos trinta aos oitenta. Pódese visitar no Centro Galego de Arte Contemporánea (Santiago). Martes a Sábado de 11 a 20 h., e Domingos e festivos de 11 a 14 h.

CONGRESO

PODER LOCAL, ELITES E CAMBIO SOCIAL NA GALIZA NON URBANA (1874-1936)

A Universidade de Santiago, a través do seu Departamento de historia contemporánea, organiza un congreso internacional os días 14 e 15 de Xuño no pa-

raníno da Facultade de Xeografía e Historia. Os ponentes veñen das universidades de Lisboa, Zaragoza, Bologna, Valencia, para falar baixo tres lemas: "Perspectivas teóricas comparativas", "As bases do poder. Caciquismo e poder local na Galiza: continuidades e cambios", e "A loita polo poder. Movimentos sociais alternativos e poder local en Galiza, entre a ruptura e a acomodación". Cada sección do congreso conta a maiores cunha dúcia de comunicacións. Para asistir ao congreso hai que pagar unha cuota de 2.000 pta. se se é estudante ou parado, senón a matrícula vai a 7.000 pta.

Sárria

TEATRO

MOURENZA

Produccións Librescena recupera *Mourenza* un drama de Amando Cotarelo Valledor, ao redor da terra, a emigración e o amor. A representación en Sárria, o Venres 14 na Casa da Cultura.

Tomiño

EXPOSICIÓNS

RECUPERAN O LIÑO

O alumnado do Coléxio Público de Barrantes en colaboración co profesorado, elaboraron un traballo de recuperación etnográfica sobre o proceso de elaboración do liño, unha parte da cultura tradicional do país a piques de se perder. Estes alumnos houberon de recopilar información, trebellos, fotografías, ditos e falas, entoutros engados que agora reunen en catro fiadores murais de 3x1,5 m. O traballo de recolleita vai completado cunha mostra dos trebellos empregados na elaboración e algunhas teas e mantas de liño. Pódese visitar os días leivos de 9,30 a 16 h. Para concertar visi-

tas en grupo ou calquer outra custión. chamar ao teléfono (986) 62 26 51.

Vigo

CINEMA

SOUVENIR

Un filme que dirixiu Rosa Verges en 1994 para o pase do Mércore 12 do Cine clube Lumière. Será ás 20,30 h. no Auditorio do Concello. Entrada 300 pta.

EXPOSICIÓNS

17 ARTISTAS NOVOS

O Colectivo Artístico *Irmalexos* é o responsable da mostra aberta na sá da estación do tren, onde 17 xoves criadores levan as súas obras recentes de maior interese. Pódese visitar até o 14 de Xuño de 7 a 9.

DO ROMANTICISMO
AOS ANOS VINTE

O Centro cultural Caixavigo abriu a mostra *Do romanticismo aos anos vinte* encadrada no ciclo *A arte galega na colección Caixavigo*. Ali expoñen máis de 90 obras de 51 autores nados desde comezos do século XIX a primeiros do XX. Abranxe a corda cronolóxica que vai de Pérez Villaamil (1807-1854) a Manuel Colmeiro (1901), con cadros de Maside, Castela, Arturo Souto ou Serafín Avendaño. Abre até o 16 de Xuño en horario de Luns a Venres de 6,30 a 9,30, e Domingos e feirados de 12 a 2,30.

PSICOGRAMAS

Fernando Valeiras expón na Sá dos Peiraos perto de 40 radiografías pintadas baixo o título *Psicodramas*. Até o 23 de Xuño.

NOVE EXPRESIÓNS

A Nova Sá de Exposicións Caixavigo acolle até o 17 de Xuño, obra de 9 artistas de todo o estado, Vicente

Arnás, López Sancho, Pina Lipinán, Luis Fernández, Daniel Merino, Valladolid Carretero, o vigués González Lagares, Rufo Navarro, e Rubén Dario Velázquez. Abre os laborábeis de 18,30 a 21,30 h., e os festivos de 12 a 14,30 h.

BANG-BANG

Pinturas de Ana Cristina Leite na galeiría Ad-hoc.

MEMBRANA

Esculturas de Monica Ortuzar que van desde composicións con vellas potías esmaltadas até conxuntos de oso e barro, sempre sobre tons roxos. Aberta na Casa das Artes até o 9 de Xuño, de Martes a Venres de 11 a 14 e de 17 a 21,30 h., Sábados só abre á tarde e domingos á mañá.

MESA REDONDA

NACIONALISMO E
HISTORIA

A Nosa Terra artella a mesa redonda sobre Nacionalismo e historia, que ten lugar o Venres 15 ás 7,30 do serán no auditorio do Centro cultural Caixavigo. Ali han falar recoñecidos historiadores como Beito Alonso, Lois Obelleiro Piñón, Anselmo López Carreira e Francisco Carballo, con Cesáreo Sánchez no papel de moderador.


MÚSICA

SOZIEDAD
ALKOLICA E BOIKOT

A sala Óxido de Vigo ten previsto para o Sábado 8 de Xuño, o concerto de Soziedad Alkolica a máis Boikot.

VIGO
Homenaxe
a Francisco
Carballo.

Roberto Campos está na Galería Sargadelos de Santiago.



Anuncios de balde

■ **Descenso de ríos e rotas pola enseada de San Simón**, en piráguas estábeis, fins de semana, organiza o Náutico de Cobres. Chamar en horas de oficina ao (986) 26 24 95, ou ao 67 24 71 ás noites.

■ **Urxe vender 100 accións de A Nosa Terra**, a 4.000 pta. Teléfono (986) 47 21 87.

■ **Gralha. Boletim Informativo Nº 11: Objecçom Fiscal** (como faze-la), interesante entrevista a **Dias Pardo, A Informática en Galego**, e as seccións habituais **Konstantino Graphia, Circo Normativo, Polos Correios**, etc. Recibe-o de graça, assina Gralha. Apartado 678. Ourense.

■ **Já podes conseguir a bonita nova camiseta de Meendinho: A derradeira liçom do mestre**, homenagem a Alexandre Bóveda no 60 aniversario do seu assassinato. Pede-a contra reembolso indicando talha ao Apartado 678 de Ourense. Preço: 1.500 pta.

■ **Cursos de inglés para novos e maiores en Edinburgo** (Escócia), meses de Xullo e Agosto, acompañados por profesora: (986) 26 49 95.

■ **Alugo apartamento estudio en Sanxenxo, Xullo e Agosto**. Chamar ás noite no (986) 72 44 76.

■ **Véndese precioso vestido de noiva**. (986) 23 67 06, preguntar por Maria Xosé.

■ **Persoa responsable busca apar-**

tamento económico en Ourense cidade. Chamar ao (986) 88 16 17.

■ **Véndense siberian-husky, netos de Artic-Blue, James Bonde, Th. Mundo**. Interesados chamar ao telf. (981) 65 06 44.

■ **Nativa dá clases de francés no verán**. Interesados dirixirse ao Apartado de Correos 709. 15080 A Coruña.

■ **Cursos de ruso a todos os niveis en Moscova e Petersburgo, con estancia en familias ou universidades**. Estudos máis vacacións. Infórmate na **Asociación Máximo Gorki** de Vigo: Marqués de Valladares, 14-1º. Tamén podes usar o teléfono (986) 22 44 57, de 5 a 9 do serán.

■ **Gatiños pequerrechos**, espilidos e agarimosos. Se queres un de agasallo chama ao (986) 43 29 10 e pregunta por Alberto, ou por Daniel no 36 33 75.

■ **As Viaxes Céltigas** ten a vosa disposición material actualizado deste 96 para a vosa estancia nos países celtas. Todo sobre exposicións, festivais, feiras a desenrolar este ano; asembleas de información sobor equitación, bici, sendeirismo, parques nacionais, tarxetas de turista, aluguer de apartamentos e casas; estancias en hoteis, B&B, granxas, campigs e caravanas. E todo sobre Londres. Pregamos detalles lugares concretos a visitar. Mandade 200 pta. en selos a: **As viaxes Céltigas**. Apartado 1364 (sucursal-1), 15007 A Coruña.


■ **Se queres recibir todos os números, ou algun en particular, do Boletim de Língua Constantinopla** (há 9 números editados), escreve à **Assembleia Reintegracionista Bonaival**, Apartado dos Correios 850 de Compostela, enviando 500 pta. (se queres todos) ou 50 pta. (se apenas queres um) em selos de 25 e 5 pta.

■ **Oferécese autónomo con coche ou furgoneta con experiencia en vendas**, para traballar zonas norte de Lugo e Occidente de Astúries. Absoluta honradez profesional e persoal. Interesados chamar á noite ao (982) 33 17 00, e preguntar por Manolo.

■ **A Cova da Terra, tenda de comercio xusto**: cremos nun comercio no que as persoas somos o primeiro, en potenciar as organizacións que nos liberen (aos de aquí e aos de aló) das estruturas de explotación e opresión. O consumo non debe servir para aumentar o enriquecemento duns poucos e o empobrecemento de moitos. Por iso, vendemos **produtos procedentes de cooperativas e comunidades dos países empobrecidos aos que se lle paga o prezo xusto**. Os beneficios repercuten sobre todos os membros da comunidade a través de melloras sociais. Na **Cova da Terra** atoparedes **alimentación, artesanía, libros** (ecoloxía, economía, denuncia...) e **produtos reciclados**. Tamén temos un espácio adicado á difusión das asociacións que teñan algo que cambiar na nosa sociedade. San Pedro, 13 (Galería Novocentro). Lugo. Teléfono (982) 23 02 11. ♦

Encrucillada

XOAN COSTA



HORIZONTAIS 1. Ave de rapina nocturna 6. En cantidade elevada 10. Ao revés, emiten un son 11. O lugar en que 12. Batraquio moi frecuente en pozas, lagoas e regos 14. Que chama a atención por ser estraño para nós 17. Acredita, considera que algo é verdadeiro 19. Contracción do pronome persoal 20. Persoa de sexo masculino 21. Institución 23. Concello da provincia de Pontevedra 24. Parte final do intestino 25. Impede que se faga unha cousa 27. Pasa a vista sobre un texto 28. Que perdeu unha man, un brazo ou parte deles, no feminino 29. Relativo á voz 30. Proxenitor 32. Enche un espácio 34. Nese lugar 36. Peza que cobre cada unha das mans para as protexer 37. Nome de dúas constelacións do hemisferio Norte 38. Ácido desoxirribonucleico 39. Pronome de terceira persoa suxeito 42. Ao revés, décimo sétima letra do alfabeto grego que corresponde con R 43. Símbolo do sodio 44. Relacionado cos monxes 48. Habilidade para actuar con coidado 49. Xuntar, agrupar

VERTICAIS 1. Cada unha das posicións do cambio dun vehículo 2. Ao revés, que non está vestido 3. Perde o equilibrio 4. No día en que estamos 5. Cada unha das pezas do esqueleto 6. Apócope de moito 7. O que ven despois do dez 8. Despistado, distraído 9. Pronome persoal 13. Ao revés, muller do fillo en relación cos pais deste 15. Forma parte dunha expresión que significa "por moi pouco" 16. Nalgúns xogos acción de pasar o balón un xogador a outro 18. Con moita emoción 19. O contrario de seco 21. Taboleiro cunhas bolíñas que serve para ensinar a contar 22. Acha, descobre 25. Que non ten nada dentro 26. Lugar onde se celebra sacrificio 30. Completa 31. Local onde se imparten as clases 33. O mesmo que osma 35. Inscrición que figuraba na cruz de Cristo 40. Coloca 41. Parte final do brazo 44. Nota musical 45. Lazo que ao tirar se apreta máis 46. Parte final do intestino 47. En números romanos, cincuenta e un.

Caldo de letras


T X O G H P Q E T C I O
Q G P N M A R F L O W X
B C P I P C T T V R R R
M Q Ñ O T I N A R G U P
S C S B C B Z E R F O X
O E S E N E L A P P U V
X U I E C C F E R R O Q
A S V X A H O F T R A V
A I F Z O E U U L S A I
F S Q O L H R M L Q V N
F Ñ N E I C O A B D S V
X B D S N S X B L O Z L

Doce nomes de minerais.

SOLUCIONS A ENCRUCILLADA

30. plena 31. aula 33. usna
22. atopa 25. oco 26. ara
19. mollado 21. abaco
15. tris 16. pase 18. emort-
7. once 8. ido 9. te 13. aton
3. cae 4. hoxe 5. oso 6. moi

SOLUCIONS AO CALDO DE LETRAS



VERTICAIS: 1. marcha 2. un
48. tino 49. Umir
42. or 43. na 44. monacal
liva 37. osa 38. adn 39. ela
pai 32. ocupa 34. ai 36.
27. le 28. toca 29. oral 30.
23. mos 24. ano 25. obsta
19. ma 20. home 21. ata
12. ra 14. exótico 17. cre
moito 10. maos 11. onde
HORIZONTAIS: 1. mocho 6.



LISBOA: André Kertész na Fundação Gulbenkian. *Distorção* (40) Paris, 1933

Porto

EXPOSICIÓNS

CATRO MOSTRAS DE ARTES PLÁSTICAS

As III Xornadas de Artes Contemporánea do Porto ofrecen catro mostras até finais de Xuño: **Curriculum Vitae** (no Instituto Francés) con aportacións de Mathew Antezzo (USA), Maurizio Cattelan e Vedova Mazzei (Italia), Noritoshi Hirakawa (Xapón), Didier Trenet (Franza) e Jean Jacques Rulier (Franza). As outras exposicións corresponden a Cildo Meireres (na Fundación de Serralves) e a Sophie Calle que amosa a súa instalación *Eurov* (na Sinagoga do Porto). A mostra colectiva *Mais do que ver* (Moagens Harmonia) pecha a oferta das Jornadas con pezas de Fiona Banner, Luisa Cunha, Ceal Foyer, Ana Hatherly, Rogelio López Cuenca, Roger Meintjes, Paulo Mendes, António Rego, Joachim Schonfeldt e Rirkrit Tiravanija. Maior información na Fundación de Serralves: (07-351-2) 618 00 57.



Antoloxía de Antoni Tàpies no Centro Cultural de Belem.

Lisboa

EXPOSICIÓNS

RETROSPECTIVA DE ANDRÉ KERTESZ

A Fundação Gulbenkian ofrece até final de Xullo unha retrospectiva do fotógrafo húngaro **André Kertész**, considerado un dos inventores da fotografía moderna. Aínda que no é parte máis recoñecida da súa obra, a Gulbenkian montou unha coidada e orixinal mostra onde cuestiona o xeito de presentar a fotografía. Tamén en Lisboa, no Centro cultural de Belém até o 16 de Xuño, expoñen unha antoloxía do artista catalán Antoni Tàpies. ♦

ANAMOURA

O Sábado 8 de Xuño no Centro Viciñal e Cultural de Valadares terá lugar a presentación do grupo de cántigas *Anamoura*.

HÉROES DEL SILENCIO

Actúan o Venres 14 no Pavillón Municipal dos Deportes das Travesas. As entradas (2.000 pta) están á venda en Élepe e na Columna CD.

CHORAL PHYDELLIUS

O Día de Portugal é comemorado polo seu Consulado en Vigo, co concerto da *Choral Phydellius* o Luns 10 ás 8,30 do serán no Centro cultural Caixavigo.

PIMENTEIRA

Concerto flamenco con Xesus Pimentel e Marcos Teira, o Martes 11 ás 8,30 da tarde no Centro cultural Caixavigo.

CASA dos ANCIANOS

Horario de Cultos de 19 a 3 Horas

Private en... Martín Codax, 8 TEL. 22.59.82 VIGO

Camelot CERVEXARIA

Especialidade en cervexas de importación, dragóns e mazmorras.



É a criación máis popular de Xosé Lois Carrabouxo, humor popular e comprometido

✦ X.C.

Os lectores de *A Nosa Terra* coñecen o humor de Xosé Lois desde o comezo desta andaina no ano 1977. *A Sabelliña* foi unha pequena entrañábel que nos anos da transición contábanos o día a día do nacionalismo, a ferocidade dos caciques, as trampas e as alegrías daquel tempo de cambios e fondas mudanzas. Daquela tamén é aqueloutra persoa, *Colónio Carcacique*, que todo o resumía no seu nome.

Meiados os anos 80, o Xosé Lois móstranos en *La Región*, as pernas longas e o ar retranqueiro do Carrabouxo. O éxito é fulgurante, e o fenómeno de popularización total. Despois de


dez anos, xa van catro edicións recopilando os "chistes do Carrabouxo", un dos meirandes éxitos editoriais galegos, que ben se garda a Deputación de Ourense de editar.

Esta paradoxa é recoñecida por Xosé Luis Baltar, presidente da Deputación, no libro que agora saíu cos Carrabouxos do ano 90, "de paso e como que non quer a cousa desenvolve un quer que lle quer de apoloxia partidista que varre para a súa casa ideolóxica. De todos os xeitos o bo humor é co que sempre nos enquadella o Carrabouxo".

Marcos Valcárcel fai o contrapunto dun Baltar *obrigado*, e prologa e disecciona o libro do Carrabouxos'90, vencellándoo á tradición nacionalista, de Lamas Carvajal a Castelao, e sobretudo a un coñecemento profundo da realidade do país, das súas xentes e da súa lingua. "Xosé Lois coñece fondamente o esqueleto do noso idioma, desde a máis pura enxebreza, desde a identificación máis total coas veas da fala. Coñece o segredo do idioma e ese é o mellor tesouro do escritor e do humorista e do artista en xeral".

Na comparación co Castelao, Valcárcel lembra unha viñeta sobre a marea negra da Coruña en 1992, "unha mancha negra que cobre case toda a viñeta e a desolación do Carrabouxo ante a paisaxe, capaz só de pronunciar con resignación a frase «Témola negra»: como no Castelao do *Álbum Nós* a arte gráfica serve para denunciar a inxustiza e para cobatir o fatalismo dos que queren que as cousas non muden para non perder os seus privilexios".

O fenómeno segue e trunfa noutras zonas do país, tamén através doutro xornal do grupo, *Atlántico Diário*. A identificación co Carrabouxo non é local, quizais porque, como di o Valcárcel, "cambiarán os caciques e as súas formas de actuar, pero a mirada solidaria dos humoristas seguirá a denunciar todas as estruturas de dominio social empeñadas en evitar que os homes libres exerzan como tales, como cidadáns libres nun mundo libre".



As penas da democracia

MANUEL CIDRÁS

A raza humana, á que tantos dos meus lectores pertencen -coma os de Chesterton- persiste nunha pueril inclinación á hipérbole produto da ilusión de ser a cada paso protagonista da Historia. Esa desmesura tamén afecta ás leis, empezando pola Carta Magna e rematando polas leis penais, que son odiosas. Delas se fala moto estes días con ocasión da entrada en vigor do novo Código Penal, efusivamente saudado como Código Penal da Democracia.

O texto do novo Código está á altura dos tempos, do eclecticismo do discurso dominante con pinceladas de sensibilidade ecolóxica, de feminismo, de somos iguais somos diferentes, da razón telemática, en fin, de canto nos é dado que pensemos. Con tanta cor o cadro é vistoso, e certamente incorpora importantes melloras respecto ao adefeso que tiñamos. Refúxen modernidade os novos delitos relativos ás mensaxes de correo electrónico, á enxeñería xenética e á clonación, ás radiacións ionizantes, o acoso sexual, o tráfico de influencias e os delitos contra a flora e fauna, pero logo chegamos aos comúns entre os comúns, aos vulgares, aos de sempre, coma sempre contra o patrimonio acumulado polo paradigma do ordenado comerciante, e aquí remata o futuro. Aquí reviven os sentimentos xurídicos atávicos, o temor burgués que todos acochamos, azurrado pola victimización colectiva da industria do espectáculo do crime. Son delitos de pobres. Respecto deles o endurecemento das penas, agravado pola supresión de beneficios penitenciarios, ten caracteres de ensañamento.

Para o pobre, aínda que sexa ladrón, non hai futuro nengunha en democracia. O pobre sabe de sempre, antes de que o escribira Bloch, que "quen vai mal vestido fará ben en non poñerse no camiño do policía". Nace sabendo que "o pobre ten pouco que agardar do xuíz e moito que temer; do xuíz que custodia o arca do diñeiro".

Estamos outra vez no principio. Para tan curta viaxe non cumpran tan grandes palabras. ♦

OFERTA EN VÓS (IDA E VOLTA)

| | | | | | |
|------------------|---------------|-----------------|---------------|-----------------|---------------|
| Buenos Aires ... | 119.000 ptas. | Chile | 115.000 ptas. | Amsterdam | 57.000 ptas. |
| SãoPaulo/Rio .. | 105.000 ptas | Paris | 29.000 ptas. | Bogota | 109.900 ptas. |
| S. José | 114.000 ptas. | Lima | 114.000 ptas. | Asunción | 122.000 ptas. |
| Toronto | 65.000 ptas. | Quito | 121.700 ptas. | Johannesbugo .. | 126.700 ptas. |
| New York | 76.000 ptas. | Cartagena | 97.500 ptas. | Nassau | 104.000 ptas. |
| Londres | 37.000 ptas. | Milano | 56.000 ptas. | Nairobi | 117.500 ptas. |

Servicio personalizado con transporte ao aeroporto e asistencia embarque sen cargo

MINHO EXPRESSO

VIAGENS

SAIDA DO OPORTO

TELF. (07 - 35151) 82 48 93 - FAX 23 798 - VALENÇA DO MINHO

VOLVER AO REGO

Os pasaxeiros do vó Vigo-Madrid, do pasado Martes 4 de Xuño, deberían obrigar á compañía a devolverlle os cartos. Prevista a chegada ás 10,40 non foi até as 12,15. Resulta que a chegada das 18 naves de xornalistas, que anunciaron con quince días a súa arribada para a presentación dos novos Citroën, ninguén debeu tela en conta. Resultado: 30 minutos sobrevoando Compostela, descenso a Alvedro para repostar e desde ahí no vó dun reactor DC-9 máis curto da historia galega: percorrer os 150 quilómetros até Penador. Un novo record Guinness.

